

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello número trece, en sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

PARTE RESOLUTIVA

1(161).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA (AGOSTO) 6.09.2017).

(No momento da votación atópase ausente o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria (agosto) do 6.09.2017.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(162).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2018. EXPTE. 47/142 (REXISTRO PLENO 1620/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2017, que di o que segue:

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do MINHFP para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2018.

ANTECEDENTES

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/21012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 7 de agosto iniciouse o procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento da providencia de 5 de setembro de 2017, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, con data 7 de setembro ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2018.

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitiuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2018.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2017.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 18 de outubro de 2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Damos conta neste Pleno da Liñas Fundamentais do Orzamento que se remitiron ao Ministerio de Facenda en cumprimento polo disposto pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria; trátase do marco xeral no que se van aprobar os próximos orzamentos desta Corporación municipal, deste Concello de Vigo para 2018, e nesta información que se remite ao Ministerio de Facenda trátase de remitir as bases que sentarán os próximos orzamentos para o ano 2018. Hai que lembrar que estes orzamentos se presentan na liña da estabilidade orzamentaria, no cumprimento da regra de gasto e do límite de débeda que no caso do Concello de Vigo é dunha situación de débeda cero, polo tanto, contas que teñen o aval da autoridade fiscal independente do Ministerio do Economía e do Ministerio de Facenda, polo tanto, boa situación económica tamén para o ano 2018 no Concello de Vigo.

Neste termo hai que ter en conta que tanto o Consello de Ministros como a Comisión Nacional de Administración Local estableceron unha taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto no que se fan as previsións orzamentarias para o próximo ano 2018, nese 2,4% de crecemento e polo tanto, nese marco movémonos nos Orzamentos para o ano 2018. Por facer un pequeno desglose, un resume, tal e como foi presentada estas Liñas Xerais ao Ministerio de Facenda, direi que no capítulo I ao que se refire o pagamento dos salarios aos empregados públicos, contéplase a revisión das retribucións nos termos que están actualmente fixados pola Lei de orzamentos do Estado e no seu caso para o posible crecemento que se establece nesa Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Hai que dicir que tamén neste capítulo I faise fronte ao crecemento, ao aumento que se fixo polo Estado nas bases de cotización para algúns empregados públicos, polo tanto, hai que adicar máis recursos a satisfacer a Seguridade Social dalgúns empregados públicos como son os da Policía Local, polo tanto, hai que incrementar ese gasto.

No capítulo II fanse as previsións para tódolos contratos relativos aos servizos públicos básicos que presta este Concello, servizos tales como a recollida de lixo, a limpeza viaria ou o alumado público que tamén se atopan neste capítulo II, tendo en conta que moitos destes contratos teñen prevista unha revisión de prezos, en parte tamén por motivos salariais para os traballadores das empresas que prestan estes servizos e que polo tanto, tamén favorecerán esa revisión do salarios dos traballadores.

Hai que dicir tamén que neste capítulo II faise unha mención especial ao incremento dalgunhas actividades que teñen un signo de identidade deste goberno como son as bolsas de Inglés para os rapaces no estranxeiro que se atopan tamén nun contrato neste capítulo II, polo tanto, crecemento derivado da revisión dos contratos e de incremento dalgunhas políticas, como digo, esta significativa do programa de bolsas de inglés para os rapaces/as da nosa cidade.

Polo que se refire ao capítulo III que se refire aos gastos financeiros e de intereses hai que adicar a escasa relevancia deste capítulo no caso do Concello de Vigo porque como dixen hai un momento estamos nunha situación de débeda cero e polo tanto non debemos cartos a ninguén, aos bancos e polo tanto, a nosa situación financeira é solvente e os intereses que se contemplan neste capítulo III son unha contía baixa.

No capítulo IV relativo a transferencias correntes, as subvencións, se contemplan todas aquelas subvencións tamén as entidades sen ánimo de lucro, ás ONGs da cidade, hai que lembrar que con cargo aos orzamentos municipais se mantén o emprego nun gran número de entidades sen ánimo de lucro da cidade, tamén partidas significativas para outras entidades, asociacións de comerciantes, comerciantes e demais, para o transporte que se abona tamén con cargo aos orzamentos municipais e para o fútbol.

Quizais un dos capítulos máis significativos aí verase o próximo incremento, serán no capítulo VI o de inversións, onde se fai todo con recursos propios sen contar con financiamento alleo, é dicir, sen contar con préstamos dos bancos nin recursos que acheguen outras administracións, nin a Xunta de Galicia nin o Estado achega cartos aos investimentos que se propoñen nos Orzamentos de Vigo. Polo tanto, actividades de investimento significativas na cidade que se verán en tódalas políticas públicas, en definitiva se contemplan tódalas partidas necesarias para

facen fronte ás políticas prioritarias de gasto deste Concello nestas Liñas Fundamentais que foron remitidas ao Ministerio de Facenda no prazo previsto para o pasado 14 de setembro do 2017, os próximos orzamentos da cidade de Vigo serán sen dúbida os mellores orzamentos da historia deste goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que xa o dixemos en varios Plenos, é certo que hai un corset fiscal, económico que impón o Ministerio de Facenda aos concellos e obviamente forma parte tamén deste corset ese tipo de auditoría permanente que non é máis que intentar que os concellos paguen o pato da situación económica do país. Nos discrepamos de case todo o que ten que ver coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade das Administracións Públicas, discrepamos tamén dos criterios que se establecen á hora de abordar a débeda pública, sobre todo cando os concellos están a facer o maior esforzo para erradicala, cando os concellos son os que están a suplir a falla de accións económicas do resto das administracións, case o 40% do gasto dos concellos deste país xa o dixemos moitas veces é gasto impropio, entre elas as bolsas de inglés que non é un gasto que teña que asumir a administración local e que seguramente asume por cuestións que non teñen nada que ver coa xestión municipal senón coa mala xestión das comunidades autónomas, do que ten que ver coas axudas á formación dos alumnos/as; pero si que hai varias cuestións que nós queríamos poñer enriba da mesa sobre esta proposta que xa digo está encorsetada aos criterios marcados polo Ministerio de Facenda pero hai algunhas consideracións que nós queríamos poñer enriba da mesa, claro que hai unha liña ornamental polo menos que como digo quedan marcadas, pero hai outras que son vontade política poñelas enriba da mesa. Para comezar máis alá deste informe, a autoridade fiscal independente no seu informe para esta ano audita ao Concello de Vigo, pon enriba da mesa algunhas cuestións positivas ou seudopositivas, non ter débeda tamén significa moitas veces non ter investimentos públicos nalgúns concello, por exemplo co superávit non se pode facer un centro cívico, coa débeda si, ao mellor interesa endebedarse para construír centros cívicos ou garderías nos barrios que non hai, a débeda en si non é mala, gracias á débeda fanse hospitais e moitas veces fanse infraestruturas sociais, ao mellor si que interesa para esa eiva de infraestruturas e dotacións nas parroquias abrir unha liña de débeda e o superávit utilízalo para as

cuestións por desgracia o Ministerio deixa facer, pero si que a Autoridade Fiscal Independente pon un dato que vostedes aquí si que poñen enriba da mesa, que é que en Vigo soben os impostos, que vostedes queren facer un ocultamento da subida de impostos e nas previsións de ingresos para o ano 2017 a Autoridade Fiscal di literalmente: “la previsión del Ayuntamiento de Vigo quedaría fuera de las bandas de confianza de lo que la Autoridad Fiscal considera que deben ser las bandas de confianza para este informe, que estima que la previsión de ingresos realizada por el Ayuntamiento para 2017 podría estar infravalorada”, claro é que vai haber unha subida importante da recadación e vai habela porque vostedes decidiron subir a través das ordenanzas fiscais os impostos e que vostedes decidiron subir o tipo impositivo do IBI case ao máximo legal o que significa que vai haber un incremento bastante importante, aquí o citan como un 2,9%, que vai haber un incremento importante obviamente da recadación, dos impostos que pagan os vigueses/as, moi por enriba incluso das previsións do que teñen que ser as subidas do IPC como dixemos sacando os custes enerxéticos que é unha das novidades á hora de calcular o IPC.

Pero tamén hai outras cuestións que si é importante poñer enriba da mesa, vostedes non terán marxe, seguro para os aumentos salariais que lle corresponden aos traballadores públicos pero nós seguimos pensando que pode haber máis esforzos para devolver gran parte do poder adquisitivo perdido por parte dos traballadores/as dos servizos públicos deste Concello, hai un incremento de determinados servizos, aquí se argumenta que o novo contrato de limpeza viaria, o tricontrato este vai ter un incremento por enriba do 2% con respecto ao ano anterior pero a nós gustaríanos saber se se fixo unha auditoria de determinadas cuestións que están no prego que a nós preocupan e que no seu día cando se adxudiquen poremos enriba da mesa se realmente se fixo unha auditoría previa do que teñen que ser os custes derivados destes servizos porque ese incremento podería ser en negativo.

Si que hai varias cuestións que a nós nos gustaría que se nos claresaxe, sería aquí cunha modificación posible do IVA, no caso da subvencións, dos bono buses e das tarxetas verdes, está aquí no informe, se ao final se considera que esas subvencións non teñen que estar sometidas ao IVA, vai só pola base imponible porque se considera que non é unha subvención competitiva senón que é unha

subvención xeral a calquera veciño/a, vostedes van aforrar case 1 millón de euro no que lle pagamos a Vitrasa e xa din que nese millón de euros que se vai aforrar vano adicar a investimentos, nós lle pedimos que recapaciten e que ese millón de euros que vostedes dicían no seu día que non había recursos para poñer unha tarxeta para desempregados, un novo bono para desempregados, que esa millón de euros se adique a esa tarxeta de desempregados que entre outras organizacións pois as sindicais como a CIGA veñen reclamándolle hai tempo e vostedes dicían que non había recursos, queremos saber se iso vai ser así e se ese millón de euros se podería empregar.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu en primeiro lugar quería lamentar unha vez máis, sinceramente, que o Sr. Alcalde de Vigo non teña ningún respecto por este Pleno que é onde están representados tódolos vigueses/as, cada día está menos tempo no Pleno e agora da a palabra e se marcha, iso é falla de respecto, desprezo pola democracia e é non dar a cara, espero sinceramente que volva ao longo do Pleno porque vanse falar cousas moi importantes.

Pero falando do Orzamento e das Liñas do Orzamento para o ano 2018, eu sinceramente o que lles teño que dicir en primeiro lugar, é que imos tarde, a Lei di que temos que presentar o Orzamento antes do 15 outubro e estamos a día 24 e aínda estamos coas Liñas do Orzamento do 2018 e non se presentou o Orzamento e enriba non sei para que tardan tanto porque unha vez máis van facer un Orzamento que é exactamente o mesmo practicamente que o do ano 2017, 2016, 2015, en fin, o corta e pega que vostedes nos teñen acostumbrados con tanta frecuencia e o peor non é iso, o peor é que despois de presentar o mesmo orzamento non son capaces de executalo e iso o que lles fai ter que repetir investimentos un ano e outro ano e outro e hai partidas que sinceramente sóannos tanto que son auténticos clásicos dentro do seu orzamento, pero é que ademais hai algunhas cuestións que son moi interesantes do que din nestas liñas do Orzamento do 2018 e eu creo que hai algunhas cousas as que hai que facer referencia, en primeiro lugar, o capítulo de gastos de persoal, a min gustaríame que o señor responsable da Concellería de Facenda nos dixera se se van convocar oposicións para o ano 2018, xa nos dixeron que a taxa de reposición é o 100% en determinados corpos ou o 50%, pero vanse convocar oposicións? Porque levamos

moitos anos sen convocar oposicións, porque fan falla Policías Locais, porque fan falla bombeiros, traballadores sociais, en definitiva, fan falla moito persoal que non está entrando no Concello de Vigo porque vostedes son incapaces de convocar unhas oposicións e cando as convocan como pasou coas oposicións da Policía Local, fano tan mal que hai que paralizalas, polo tanto, gustaríanos que nos dixera se se van a convocar por fin as oposicións pendentes e vanse a deixar de asignar os postos a dedo e non o di o Partido Popular, dio un informe do seu secretario. Polo tanto, mérito e capacidade e convocatoria de oposicións.

Tamén nos gustaría que nos dixeran nos gastos do capítulo II, xa que imos gastar máis polo contrato do lixo, se este ano que imos gastar menos porque non nos baixou a taxa de lixo nun 25% como se pediu dende o Partido Popular, xa sabemos que todo o que di a oposición din vostedes sistematicamente que non, lles entra por un oído e lles sae por outro, nin sequera prestan atención e logo ao final o que vemos é que así nos vai, teñen que rectificar e teñen que ir tarde, mal e arrastras.

Tamén nos gustaría que nos explicara como acaba de comentar o voceiro de Marea de Vigo que é o que van facer con case un millón de euros de aforro se se produce esa exención do IVA da subvención que se lle da Vitrasa, a nós gustaríanos que se aforro por unha vez non o embolsaran sempre como fan vostedes e fora directamente ao peto do tódolos vigueses/as e reportara unha baixa do prezo do billete.

En canto ao capítulo VI, o que din vostedes é máis do mesmo, Sr. Aneiros, outra vez a Panificadora, outra vez a expropiación de terreos na Avda. de Europa, outra vez a humanización da Praza de Compostela, Marqués de Valterra, García Lorca, e que xa non sabemos o seu orzamento, case o podíamos presentar nós porque co corta e pega xa é suficiente e hai que intentar mellorar e sobre todo hai que intentarse adaptarse ao que necesita a cidade no día de hoxe, no ano 2018, por certo nesa partida de gastos suxírolle, pídlle que inclúan unha partida para axudas de tódalas persoas que foron afectadas polos incendios terribles que sufriu esta cidade e dos que falaremos nunha moción proximamente.

En definitiva, máis do mesmo, máis impostos e os gastos de sempre que son incapaces de executar, por certo vostedes mesmos recoñecen que sen van quedar nun 42% de execución do Orzamento de Investimentos, e non o di o Partido Popular, imaxínome que se sabe vostede o informe que se fixo dende os servizos

do Concello no que se clarexa que só se van executar 18 millóns de euros, e eu lle digo 18 millóns de euros de execución dun Orzamento de 41 millóns é de risa, é lamentable e incluso dubido de que cheguemos a eses 18 millóns de euros, será con sorte Sr. Aneiros, porque a súa execución é sinceramente lamentable, iso si sigan subíndonos os impostos que é o único que saben facer.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que o discurso da voceira do Partido Popular si que sempre é o mesmo porque sempre está repetindo unha visión negativa da cidade, das actuacións positivas do goberno local. Mire na súa manifestación sobre as axudas aos incendios xa está recoñecendo que a Xunta de Galicia non vai a achegar ningunha cantidade, estano a recoñecer, está recoñecendo que a Xunta de Galicia non vai poñer nin un só peso nas axudas ás familias. Mire, este goberno municipal estivo na rúa ese día, o tráxico día dos incendios estivo na rúa coa xente, axudando á xente, realoxando á xente.

Non fale vostede tampouco de execución porque cando era conselleira de Facenda era experta en facer un exercicio económico, non de doce meses como facemos nós, senón de oito meses ao sumo, xa está pasado pero os feitos están aí. Estamos a falar do que hai que falar, da execución, os orzamentos teñen as cantidades previstas para facer fronte ás políticas de gasto deste goberno, ás políticas de investimento deste goberno.

Quero tranquilizar tamén, está moi preocupada tamén pola taxa de reposición de efectivos, pois ben, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado limítanos algunhas reposición de efectivos pero si que haberá oposicións neste Concello, haberá oposicións con normalidade este ano, o seguinte, o seguinte e non haberá ningún problema na rehabilitación do Orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello. E que non estamos a presentando o mesmo orzamento, cando vexa as cifras do próximo orzamento verán que non é o mesmo, porque non é o mesmo ter un orzamento dunha contía a ter un orzamento dunha contía moito superior, crecemos no Orzamento para o ano 2018, polo tanto, é evidente que o Orzamento non é o mesmo.

O que facemos é traballar con eficiencia, sendo eficientes na recadación dos exercicios pechados, pero tamén dicía o voceiro de Marea de Vigo que se soben os impostos, é que non estamos a subir a presión fiscal da cidadanía, o que fai subir a

presión fiscal é o que fai a Xunta de Galicia que sobe entre un 16 e un 80% o valor dos inmobles para tributar nos impostos autonómicos, iso si que é unha subida de impostos, ou a subida si que é o famoso catastrazo do Ministerio de Facenda que fai que o IBI do Concello de Vigo engrose, claro que si, por que deriva ese crecemento da recadación do IBI, non do que pagan os vigueses polo IBI, por que sobe a recadación do IBI? Polo catastrazo do Ministerio de Facenda do Sr. Montoro. Mire, as previsións que facemos nestas liñas xerais son unhas previsións realistas que nos permiten afrontar o próximo orzamento con positividade, con optimismo e para atender ás necesidades da cidade.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(163).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2017, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 66/143 (REXISTRO PLENO 1630/1101).

ANTECEDENTES: En data 13 de outubro de 2017, a Dirección superior contable e orzamentación, emite o seguinte informe,

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2017, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2017.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2017, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados son os da Entidade Local e os estados consolidados.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade así como o consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos para os estados consolidados.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local e o consolidado a 30/09/2017.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

En canto aos estados dos períodos de pago do terceiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010,

como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014, tramítase nun expediente independente.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 18 de outubro de 2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois mire, para demostrar que si que se executa o Orzamento está este punto da orde do día, no terceiro trimestre deste ano 2017, alá cando vostede era conselleira de Facenda pechaba o exercicio porque o pechaba en setembro de cada ano, nós continuamos e temos un cuarto trimestre do que daremos tamén conta neste Pleno, pero no terceiro trimestre levamos executados pagos no capítulo segundo e no sexto por unha suma total de máis de 81 millóns de euros, aí estase a executar o Orzamento municipal.

A que se adican esta execución de pagos do orzamento municipal? Se adican a satisfacer as necesidades da cidadanía, somos e non nos cansaremos de repetilo porque máis que algún lle pese o Concello con maior política social de toda Galicia e incluso de toda España, recoñecemos neste trimestre 4.500 bolsas de comedor e de libros para os rapaces/as desta cidade, pese a quen lle pese este goberno municipal é o que ten maior política fiscal. Realizamos tamén neste exercicio un pagamento de axudas para alimentación, vivenda, auga, gas e luz a determinadas familias que teñen necesidades, prestamos o servizo de Axuda no fogar, axudamos ao comedor da Esperanza e pagamos o centro de servizos sociais, pagamos tamén os canguros para os rapaces/es das persoas en situación de maltrato, e teñan unha persoa que os coiden. Polo tanto, políticas social como unha das bandeiras deste goberno municipal, insisto, 4.500 bolsas de comedor e libros pagadas neste terceiro trimestre do ano.

Pero tamén ás necesidades da cidadanía co pagamento do importe correspondente das escolas infantís que ten este Concello, fíxense cal é a diferenza, cando este Concello fai política social o que pretende a Xunta de Galicia na Lei de Acompañamento é prever un artigo que detrae do financiamento que a Xunta de

Galicia ten que dar aos Concellos unha parte pola política social que prestan estes concellos, é dicir, a Xunta de Galicia practica unha política de “eu invito pero pagas ti”, é dicir, esa é a política social da Xunta de Galicia e nós como goberno desta cidade, próximo á cidadanía estamos afrontando esas necesidades.

E tamén co Plan de Emprego Municipal que axuda a tantas e a tantas persoas a ter un emprego nesta cidade, colaborando coas ONGs, dando cobertura a máis de 180 postos de traballo en ONGs e tamén cos coidadores de barrio e coas axudas ás empresas, ó emprego xuvenil e co apoio a sectores destacados desta cidade como a recente Feira de Conxemar, pero tamén realizamos unha política que trata de favorecer a mellora na calidade de vida de tódolos vigueses, neste trimestre tamén hai que destacar o pago dos campamentos de verán para os rapaces/as que permiten conciliar esa vida laboral dos pais co tempo de lecer dos rapaces e tamén actividades culturais e de festas que tiveron lugar neste pasado xa, verán de 2017. tamén se fixo o pagamento aos clubs deportivos desta cidade, hai que dicir que con cargo a subvencións que da o Concello digamos que se financian 16 clubs de elite desta cidade, polo tanto, atendemos a unha boa parte das necesidades da cidadanía e tamén como non, mellorando as condicións de vida da cidade coas axudas á rehabilitación no Casco Vello de Vigo tamén da Vila de Bouzas, coas axudas para ascensores en Santa Clara en Coia, e tamén facendo actuacións de humanizacións en tódolos sectores da cidade, non hai máis que ir por Coia e ver como a rúa Castelao entre a Rúa Redondela e Porriño está humanizada, na Praza da Independencia da Rúa Camelias ou na zona da estación de tren de Urzáiz tamén humanizada, na zona de Teis-Aragón coa Rúa Doutor Corbal ou na propia zona do centro coa Rúa Rosalía de Castro.

Todo isto atendendo tamén aos servizos públicos básicos que ten a cidade no que se refire ao alumeado público, aos servizos de recollida de lixo e facendo tamén actividades de promoción da cidade que se reflicten nos bos números do sector turístico neste pasado verán, porque non hai que esquecer que axudas aos voos dende o Aeroporto de Vigo, de Peinador, faise con cargo aos fondos municipais, con cargo aos impostos que paga a cidade de Vigo para fomentar a cidade, o sector económico o tecido económico desta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós sempre lle lembramos ao Concelleiro de Facenda que ademais que é unha boa carreira profesional en económicas tamén podería facer unha en marketing e incluso en comunicación audiovisual, un spoiler que estivo ben e podería acompañalo dun power point, da presentación do vídeo do ben que vai a cidade, pero estamos a falar de números non de publicidade, como din en América latina, de comerciais.

A nós nos preocupan os números, a sensacións que teña vostede de como vai a cidade ou de como vai a percepción que ten moita xente da cidade moitas veces queda calada polos números. Nós queremos falar dos números que vostedes presentan de grado de execución, nos pecamos nalgún exercicio anterior pois extremadamente bondadosos asumindo que quedaban tres meses, que non se ía postcratinar na cuestión dos orzamentos e non se ía deixar todo para o último día e o 31 de decembro intentando xustificar o grado de execución, como xa temos os precedentes anteriores dicimos que volven estar no mesmo punto de partida que hai un ano e que hai dous anos, un problema de execución, este Concello ten un problema para rematar o que anuncia, porque se vostedes non o anunciaron, se non encheran páxinas de xornais, medios de comunicación anunciando infraestruturas, non pasaría nada, pero claro se vostedes anuncian un aparcadoiro gratuíto na contorna do hospital Álvaro Cunqueiro e xa imos para o terceiro exercicio que os 500.000 euros quedan no limbo dos xustos, pois nós imos dicir que este Concello ten un problema grave de execución. O grado de execución é certo que vostedes poden comprometer os gastos e executalos o ano seguinte, espero que sexa así porque aquí hai partidas bastantes substanciosas, as famosas humanizacións, parques infantís, parque de skate, melloras en instalacións deportivas, recuperación incluso de zonas verdes, espazos, todo iso esperamos que o teñan consignado e o acaban facendo, a humanización da rúa Bueu é o carto ano que aparece, eu non sei se é unha obra como o Escorial que require unha planificación técnica de varios séculos, pero aquí hai cousas que aparecen durante moitos anos, é certo que vostedes teñen a capacidade de volvelo anunciar e como no día da marmota a xente que pensara “pero si ían facer un aparcadoiro gratuíto na contorna do hospital, pero se van a expropiar terreos da panificadora” ata tres anos poden poñer isto vostedes nos orzamentos que non pasa nada.

Polo tanto, o problema de execución é evidente porque senón non darían ese superávit que ao final de ano acaban volvendo a meter aos anos seguintes, e repito, o superávit por desgracia non permite facer infraestruturas de futuro, para vostede a humanización é unha cousa de futuro, para min non, incluso os informes técnicos din que a partires do quinto ano a humanización pode incluso que volver a ser parcheada ou incluso modificar os elementos vexetais, iso non é de futuro, si hai algo de futuro: centros cívicos, as garderías son cousas de futuro, como fan os concellos civilizados que a maior parte do investimento son dotacións públicas que xeran emprego e servizos públicos e que non engordan o peto, como digo moitas veces de determinadas empresas construtoras que dende logo nin sequera retornan emprego para esta cidade, non falo eu senón que falan os datos de emprego na cidade.

Polo tanto teñen vostedes, si, como dicían vostedes Vigo vai nun Ferrari, bo irá nun Ferrari o que son os ingresos porque aí se que desbordan, a recadación desbordase, teñen vostedes 6 millóns de euros de multas recoñecidas sobre cartos orzamentados, os vigueses ou nos voltamos tolos no 2017 e decidimos delinquir de maneira orquestada e organizada e de repente hai seis millóns de euros de multas, que pasou nesta cidade, que pasou da noite a mañá que chegamos aos seis millóns? Se que vostedes van moi ben na recadación tanto de multas como a recadación ordinaria van como un Ferrari pero no resto, o que é a execución o gasto público, o Plan de Emprego practicamente sen executar, diranme vostede “non, é que se fai ao final de ano” pero co Plan de Emprego son seis meses, e quedan tres, entón temos un desaxuste real entre o que é o Plan de Emprego e o que é o ano fiscal e dígoo ao efecto de que as asociacións que recorren o Plan de Emprego ou incluso as propias persoas que están no propio Plan de Emprego poidan adaptar o emprego a unha cousa tan sinxela por exemplo como a declaración da Renda para que non aparece ese emprego dividido en anos fiscais diferentes.

Polo tanto, a nós xa nos parece unha sen vergoña que sexa o terceiro ano que nos venden, o último con tres meses de antelación de que non pasa nada porque sabemos que vai pasar, que haberá un ingreso de superávit e que seguiremos executando dunha maneira moi errónea.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros, dicíalle no Pleno de xullo que todo se pega menos a beleza e polo que escoitamos hoxe aquí danos bastante pena, pero a vostede xa lle contaxiou o virus do populismo, un virus que está contaxiando aquí moito ultimamente en Vigo e como agora estamos en épocas de vacinas lle recomendo que se vacine de populitis, aquí teño un compañeiro que se ofrece a pinchalo, porque os números son números, Sr. Aneiros e os números falan por se mesmos, falan con contundencia e como xa onte expoñía a presidenta do Partido Popular en rolda de prensa e hoxe diso se reflicte nos xornais, a súa voracidade recadatoria é marca da casa, marca do fillo adoptivo da cidade de A Coruña. Por que? Porque a 30 de setembro vostedes xa ingresaron o 90% de todo o recadable para todo o ano, ingresaron máis incluso do orzamentado en plusvalía, en imposto de bens inmobles, en taxa de lixo e en multas de tráfico xa é para nota porque o Sr. Caballero é o rei do radar e da foto pero tamén da foto no vehículo. Está claro que os setos en forma de animais e os tobogáns acuáticos, ao final hai que pagalos dunha maneira ou outra, o rei do radar, da foto, o Sr. Caballero, porque miren o ano pasado foi malo pero ao mellor é que leva vostede algúns días de asuntos propios vostede, Sr. Aneiros, e non se decatou do que pasou en Vigo esta semana, porque este ano están sendo aínda peor que o ano pasado, o presuposto de gastos é o peor dos últimos sete anos, un 53% a 30 de setembro, que é o que están a preparar? A súa incompetencia, vostedes chamaranlle superávit, nós chamámoslle incompetencia, crear unha bola de cartos, unha hucha, unha caixa para que? Para que en 2019 entre xaneiro e 26 maio de 2019 que é cando haberá o cambio político na cidade de Vigo, vostedes desenfrenadamente comece a facer obras por toda a cidade, todas esas obras que vimos escoitando todos estes anos, Marqués de Valterra, rúa Bueu, o aparcadoiro infantil da rúa Venezuela que fai 17 anos, eses nenos que ían ir aí xa están na universidade.

Aquí como sempre o importante son os cartos, recadar, para facer a caixa e despois xa o gastaremos no último ano electoral, porque se falamos de investimentos xa o dixo a presidenta do Partido Popular de Vigo, de investimentos é mellor non falar, de cada dez euros só investiron 2,8 euros a 30 de setembro deste ano, a súa xestión orzamentaria é a xestión presupostaria do cero, porque das 2.233 partidas do Orzamento, hai 707 partidas que suman 32 millóns de euros cuxo gasto comprometido é cero, é que nin sequera se comezaron a tramitar, porque hai

partidas no capítulo IV de subvencións por máis de dous millóns de euros cuxo gasto comprometido a día de hoxe é cero, non se comezou nin a tramitar, hai partidas no capítulo VI por máis de 18 millóns de euros cuxo gasto comprometido é cero, pero ao final sempre están as partidas de publicidade que lle arranxan un pouco a cousa, esas si que as executan, agora o 84% de execución.

Sr. Aneiros, hai once meses xa, o ano pasado o Alcalde presentaba os orzamentos, como sempre, históricos, as contas únicas de Europa, 233 millóns para poñer investimentos en toda a cidade, para asfaltar toda a cidade, ao final os proxectos estrela cales eran? A Panificadora que aí a ten, igual que hai un ano, pavillón das Travesas que ía ser o Guggenheim do deporte, tamén aí está, un ascensor en San Salvador que está tamén sen comezar, e humanizacións que tamén están sen empezar, Marqués de Valterra, Bueu, etc. a segunda continuar con Rosalía de Castro etc.

Que quere que lle diga Sr. Aneiros? Vostede pode contar aquí todo o que quería pero o Orzamentos municipal téñeno que percibir os vigueses e os vigueses o que perciben pola súa parte é moita incompetencia, moita falla de xestión e o que ía a petar me parece que vano a espetar.

SR. ANEIROS PEREIRA: Parece que os compañeiros da bancada de enfronte xa saíron da caverna porque demostran que non están en contacto coa cidadanía, cando un sae á rúa, cando se atopa coa xente que ven a esta cidade a expresión é clara, que bonito está Vigo, esa é unha das bandeiras desta cidade, parecen que vostedes non saen á rúa e non se decatan do que pasa nas rúas. Pero é que hai algún dato tamén que avala o ben que o estamos a facer, non só é que os cidadáns de Vigo valoren positivamente os servizos públicos do Concello de Vigo, que o valoran e así se reflicten nas enquisas que se fan sobre os servizos públicos de Vigo, senón que tamén hai outros datos, mire, as actividades de turismo, a promoción turística da cidade non é marketing, publicidade, spot, un trailer publicitario é a actividade pública financiada con fondos públicos porque o Aeroporto de Peinador sostense grazas ao apoio deste goberno, dende os orzamentos municipais e dende este goberno municipal, o incremento do sector turístico de Vigo fortalece o tecido produtivo da cidade, este sector da cidade.

E que ademais hai algún outro dato, vostedes lle chaman voracidade recadatoria, hai un dato incontrastable, se a actividade económica vai ben, recadarase máis polo imposto de actividades económicas porque as empresas facturarán máis e as empresas que facturan máis dun millón de euros pagarán o imposto sobre actividades económicas ou ben porque se reaviva a actividade urbanística e polo tanto, loxicamente, se ingresarán máis polas taxas, licencias urbanísticas e polo imposto de construcións, instalacións e obras, loxicamente, polo tanto, son datos obxectivos os que reflicten que a cidade vai ben, non é publicidade Sr. Pérez. Pero ademais é que tamén hai datos obxectivos que reflicten que o estamos a facer ben, o pasado fin de semana as familias numerosas lle deron un premio a este goberno municipal pola actividade en materia de política social, estaba o Vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda que parece que saíu rápido de alí porque lle daba vergoña estar nun sitio onde se recoñecía a actividade dun goberno socialista, do goberno do Concello de Vigo. Pero é que hai algún dato máis, mentres nos damos 4.500 axudas ás familias outros concellos gobernados por Marea de Vigo tan só dan 148 axudas sociais, a diferenza está clara, a política social do Concello de Vigo é a máis importante non só de Galicia senón tamén de toda España, polo tanto, estámolo facendo ben pero tamén estámolo facendo ben porque no último Congreso de Enxeñeiros de Camiños e Portos se reflicte a incidencia que teñen as políticas públicas de investimento no Fomento do Emprego e no Fomento tamén da mellora de calidade de vida das cidades, polo tanto estamos a facer o camiño axeitado, acompañando a execución dos orzamentos ás fases nas que se planifican a execución das obras, loxicamente se se pon humanización da rúa x, fase 1, haberá que seguir coa humanización da rúa x, fase 2, polo tanto, non é o mesmo orzamento senón que é unha programación e unha execución programada das actuacións das persoas.

E no Plan de Emprego e que estamos a facer un esforzo importante no apoio ás persoas.

E continuando cos datos que reflicten as políticas que estamos a desenvolver, levamos contratadas neste período 2015 ao 2017 con cargo aos orzamentos municipais dende a concellería de persoal, 1.016 persoas polo tanto temos datos que reflicten o ben que o estamos facer, que reflicten que o que están a contar vostedes non é verdade, polo tanto, fallan á verdade cando falan, teñen unha

visión pesimista da cidade e ademais din mentiras cando falan porque iso de defender que se recada máis polas multas que o previsto eu é a primeira vez, xa llo escoite a vostede por certo porque ninguén se queixa de que se a xente comete unha infracción xa sexa de velocidade ou por non pagar un imposto ou pola infracción urbanística, ninguén discute que se alguén comete unha infracción terá que satisfacer a correspondente sanción. Só o Sr. Fidalgo ou o Partido Popular tamén parece que se suma agora o Partido de Marea de Vigo, defenden ás persoas que cometen infraccións.

Os ingresos son previsións, loxicamente prevemos que non vai haber tanto incumprimento pero a recadación non depende de nós senón que de a xente actúe correctamente.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(164).- DAR CONTA DO INFORME TRÍMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 18927/541 (REXISTRO PLENO 1631/1101).

ANTECEDENTES: En data 13 de outubro de 2017, o Tesoureiro municipal, emite o seguinte informe,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINHAP.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser

ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentas de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os

supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2017.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2017 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Situación	Entidade Local	Xerencia M. Urbanismo
Pagos feitos no trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	4.586	64
Importe dos pagos	29.695.592,35	155.882,67
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	6	0
Importe	22.288,84	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	20,84 días	10,93 días
Intereses de demora pagados no trimestre		
Nº de pagos	,00	,00
Importe	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	359	5
Importe dos pagos	3.020.357,89	61.264,04
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	5	0
Importe	16.907,34	,00

PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	14,79 días	2,21 días
--	------------	-----------

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 359 facturas, teñen unha antigüidade media de 14,79 días

En canto ás facturas pendentes de pago ao peche que está fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario.

Resumo por trimestres de morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2017				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	19,86	12,19	21,24	12,93
Segundo Trimestre	22,95	8,86	18,96	2,36
Terceiro Trimestre	20,84	14,79	10,93	2,21
Cuarto Trimestre				

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2017												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-12,62	-12,48	-12,2	-9,23	-9,14	-11,50	-12,54	-9,98	-11,36			
FAIMEVI				10	-25,13	-7,96	-15,32	18,81	-0,98 ¹			
MARCO	52,48	37,7	2,05	16,27	9,96	14,12	9,68	10,63	6,88			
XMU	-20,46	-13,85	-10,37	-11,59	-17,13	-20,01	-18,90	-20,70	-25,68			
PMPGlob.	-12,12	-11,82	-12,10	-9,06	-9,06	-11,38	-12,42	-9,89	-11,43			

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 18 de outubro de 2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta do bos datos, pese a que lle pesen algúns, do pago a provedores no terceiro trimestre do 2017, somos e continuamos á cabeza das principais cidades de España en pago a provedores, somos a cidade de máis de 100.000 habitantes que paga antes aos provedores e isto non é unha cuestión de rankings ou unha cuestión de boa xestión económica que tamén o é, senón que hai unha cuestión coa que tratamos de favorecer o tecido produtivo desta cidade porque é importante para as empresas que prestan servizos ao Concello, cobrar en tempo e non cobrar soamente en tempo senón cobrar o antes posible para reducir as súas tensións de tesourería, polo tanto o que estamos a facer con esta política de axilizar os pagos aos provedores é favorecer o

1 Pendente de axuste, aínda que dada a escasa contía dos movementos de débeda comercial, carece de relevancia.

tecido produtivo da cidade, estamos a facer que a cidade sexa unha boa cidade para establecerse, para facer actividades económicas, industriais, comerciais, porque o é, porque así o reflicten os datos e así ten que apoiar tamén o goberno municipal como pode, que é facendo un pagamento áxil, rápido, pronto dos servizos que contrata. Somos como digo, a primeira cidade de España en pago a provedores, nos colocamos polo tanto por enriba de cidades de máis de poboación e de mais recursos que nós como poden ser Madrid ou Barcelona, mentres o goberno da Sra. Colau paga preto do 30 días, nos estamos a pagar nos 12 días hábiles seguintes á recepción do servizo ou mentres o goberno da Sra. Carmena paga en 398 días, nos pagamos neses 12 días despois de recibir o servizo. Polo tanto, os bos datos de Vigo, o ranking que encabeza a cidade de Vigo non é un mero dato é unha cuestión de máxima importancia para o tecido produtivo desta cidade porque se pretende que as empresas teñan dispoñibilidade financeira que reduzan as súas tensións de tesourería e que polo tanto teñan recursos suficientes para desenvolver as súas actividades. Insisto, somos a primeira cidade de España en pago a provedores, por diante de cidades como Madrid, Barcelona, Sevilla, Santander, Valladolid, Valencia, Málaga, Tenerife, Zaragoza, por diante de todas estas cidades, con estas cidades son coas que nos temos que comparar.

Se comparamos o ratios de Vigo que pagamos en 12 días despois de prestar os servizos, outras cidades importantes de España como por exemplo, Sevilla pagan en 52 días, ou Zaragoza que paga en 29 días, ou por exemplo Palma de Mallorca que paga en 41 días, ou as Palmas de Gran Canarias que paga en 83 días, polo tanto, somos a primeira cidade en pago a provedores en España e polo tanto, o que facemos é favorecer o tecido produtivo, comercial, industrial, ás empresas que contratan servizos, as que lles encargamos que presten servizos por encima destas cidades, por diante digamos de cidades gobernadas polo Partido Popular e tamén polos grupos de Mareas ou grupos relativos.

Na situación en Galicia é similar posto que estamos en pago a provedores nun pago máis rápido que as outras cidades de Galicia, máis rápido que Ferrol, máis rápido que A Coruña que paga en 35 días, máis rápido que en Santiago de Compostela que paga en 32 días, máis rápido que Ourense que paga en 27 días, máis rápido que en Lugo que paga en 59 días e máis rápido que en Pontevedra que paga en 31,8 días, polo tanto, a situación do Concello de Vigo é unha situación positiva,

amosa que as nosas finanzas públicas son sólidas como así o avala a autoridade fiscal independente e demostra que estamos na boa liña de favorecer, insisto, o tecido produtivo da cidade, o comercio, a industria, e as empresas que prestan os seus servizos a esta cidade.

Os datos son positivos, polo tanto, pagamos nesa situación de que na contorna dos 12, 15 días despois de prestar os seus servizos as empresas cobran os importes debidos, polo tanto, teñen a liquidez suficiente para seguir prestando os servizos tanto ao propio Concello como sobre todo aos particulares.

Neste trimestre se fixeron un total de 4.650 pagos, todos dentro do período legal de pago, polo tanto, sen pagar xuros de demora e se fixeron pagamentos consolidados por un importe de 29,8 millóns de euros, insisto dentro do prazo legal sen pagar xuros de demora e garantindo a dispoñibilidade dos recursos ás empresas que contratan con este Concello. Polo tanto, destacando que Vigo tamén é unha boa cidade para establecerse, para contratar, para organizar unha actividade económica porque os cidadáns, as empresas saben que se prestan un servizo a esta cidade, cobran e cobran antes que ningunha outra cidade.

SR. PÉREZ CORREA: A nós nos gustaría a aclaración de cando se dan os datos, é certo que houbo un cambio no formato e incluso no cómputo de días, hai dous criterios, e vostede utiliza un criterio ou outro dependendo se fala do Concello de Vigo ou do Concello de Madrid, polo tanto, utilicemos só unha vara de medir e non utilicemos como se calculaba o período medio de pago antes ou despois porque o certo é que vostedes poñen os datos que son públicos, que están no portal de transparencia e non aparecen os 12 días en ningún dos criterios que se poñen, se vostede di que está utilizando o sistema anterior que o Ministerio daba para calcular o período medio de pago no trimestre, pois clareémolo porque entón comparamos. Eu quero dar un dato, esta revista é da Federación de Municipios e Provincias deste mes que está presidido por unha persoa que antes soia vir a este Pleno, ultimamente non sabemos del, e di que “a maior parte das entidades locais paga as súas facturas en 12 días”, algunhas por debaixo, Madrid, dato que vostede da, dato público que calquera cidadán pode contrastar, período medio de pago do mes en curso, do mes de setembro 11,76 días, quero saber de onde quita vostede a información para fronte ao concelleiro e o equipo económico de Madrid que pon

11,36 días, que estaría por debaixo do ratio de pago deste Concello, polo tanto, se buscamos o criterio mensual a entidade local está en 11,36 días e Madrid está en 11,76 días, practicamente o mesmo ratio de tempo, polo tanto, non é esa a cuestión, a cuestión é que vostedes fan unha comparación que nin sequera a Federación Española de Municipios e Provincias a utiliza porque a Federación Española de Municipios e Provincias quita os concellos que efectivamente teñen superado o período medio de pago, e dio aquí na propia revista, quitando os concellos que teñen un período medio de pago excesivo, “o período medio de pago das administracións das grandes cidades é de 11,87 días”, polo tanto, utilicemos un criterio, digo a efectos de non volvernos tolos porque logo calquera cidadá que queira ir a ver os períodos medios de pago do Concello de Vigo verá que para este trimestre os período medio de pago é de 20,84 días, e para o caso das facturas pendentes está en 14,79 días, que é a información que vostede remiten ao Ministerio de Facenda e pola que deberíamos de rexernos, e claro que vostede teñen que pagar en menos de 30 días, e que vostede terían pagar unha vez contabilizada e auditado o servizo porque teñen unha capacidade de Tesourería brutal de non executar moitas cousas, de ter un montón de cartos gardados, a suposición do Partido Popular pode ser acertada para encher Vigo de obras nos últimos meses previos ao proceso electoral do ano 2019, pero vostedes teñen unha capacidade agora mesmo de recursos precisamente para pagar con ese criterio e si que hai alteracións, hai meses que os pagos son maiores, meses que son menores pero máis ou menos deberíamos ter unha tendencia decrecente, que non se da, dixémolo moitas veces, a tendencia sobe, baixa dependendo, hai servizos seguramente máis difíciles ou as facturas son máis difíciles de cotexar, pero dende logo non debería haber ningún problema para que ese período fora de maneira secuencial tódolos meses decrecente pero é que practicamente os grandes concellos deste país están todos xa cumprindo, outra cousa é que vostede utilice o criterio que se utilizaba antes e que obviamente da datos diferentes, pero creo que tódolos concellos estamos obrigados a presentar esta información no Ministerio de Interior co mesmo criterio que o último criterio que marcou o Ministerio de Facenda e no momento que se recoñecía a factura que creo ademais que xa é normativo e polo tanto calquera outra consideración eu non sei de onde saca os 12 días, gustaríanos que nolo explicara porque ningún dos informes, a información que nós

temos obviamente son uns informes que vostedes remiten ao Ministerio de Facenda e en ningún caso aparece esa información e polo tanto o criterio debería ser outro, pois fagamos o período medio de pago con 20,84 días asumindo que é un ratio moi positivo, que está por debaixo dos ratios de moitos concellos deste país, pero tamén digo pero a maior parte dos pagamentos moitas veces fanse agrupados en determinados meses e comparativamente cos anos anteriores hai discrepancias moi grandes en canto ao período medio de pago, sobre todo ao saldo pendente de pago despois do trimestre, polo tanto, clareemos iso porque a información que damos neste Pleno non se vai parecer en nada que calquera cidadá poida dispoñer na web municipal que afortunadamente aínda é obrigatorio publicitala.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros, non sei o que lle pasa hoxe porque unha cousa é facer populismo, pretender vender a moto e outra cousa é comezar a mentir, é dicir, aquí hai un informe do señor Tesoureiro municipal co visto bo do señor Interventor que está aquí presente, eu preguntolle ao Sr. Interventor, en cantos días se está a pagar aquí porque aquí pon 20,84 días, que é máis 21 días que 12 non sei se é que lle bailan os números pero son 21 días nos que se está a pagar en Vigo que non é ningún problema tampouco, non é unha cifra mala, aquí chegamos a estar a 126 días, cando a Sra. Silva levaba os números, a Sra. Silva que tamén está ausente igual que o señor fillo adoptivo da cidade de A Coruña, que non sei para que cambian os Plenos aos mércores se total non van vir, como se os poñen os domingos á noite, é que da igual, non o entendo.

21 días é un bo dato, pero non diga que son 12 días, non nos mintan porque isto o que está a deixar entrever que o que están a dicir os técnicos e o que informan coa súa sinatura tamén é unha mentira, a ver quen mente aquí Sr. Aneiros, un pouco de seriedade.

Resulta que agora se quere comparar pero claro hoxe xa non se comparou coa Xunta de Galicia, comezou a falar das Palmas de Gran Canaria, de Madrid de non sei onde, pero é que claro, agora resulta que a Xunta de Galicia adiantounos Sr. Aneiros, porque camarón que dorme lévao a corrente, entón agora a Xunta de Galicia paga en 10 días e o Concello de Vigo paga en 21 días, non en 12 días, isto é gracias a que hai leis, que o Partido Popular está gobernando en Madrid, que fixo

cousas para que agora tódolos concellos de España teñan unha contas saneados porque non se podía admitir o que había, o endebedamento e a falla de seriedade e xestión por parte de moitos concellos e fixeron leis como a da factura electrónica, a sustentabilidade, etc. e xa que falamos de leis, de embridar en Vigo, tamén nos gustaría saber que está a pasar en Bembrive, hai que embridar Bembrive porque Bembrive é unha Alcaldía Pedánea de Vigo, gobernada por un señor do seu partido, do partido do Sr. Abel Caballero, aquí a tres quilómetros da praza de España que o que está a pasar alí cos pagos é moi grave, non sabemos se se paga se non se paga, se se debe, o que si sabemos é que o que goberna alí un socialista vigués acompañado do Sr. Abel Caballero, non quere agora fotografarse con el, agora nunca quita unha foto co Alcalde Pedáneo, non vaia ser, ese señor está condenado a sete anos de inhabilitación por un delito de prevaricación, pero de Bembrive non me quere falar e iso que acaban de mandar alí 2,8 millóns de euros.

Os vigueses somos xente cumpridora, que paga os seus impostos ao Concello relixiosamente, as multas que nos poñen tamén as pagamos porque é moi fácil poñer un radar en Orillamar, á saída do Álvaro Cunqueiro, iso é moi fácil pero o que non é tan fácil é poñer multas aos que teñen fincas sen limpar, cheas de maleza e logo pasa o que pasa como o que pasou o día 15 de outubro, moitos desastres se houbesen evitado se esas fincas estiveran en perfecto estado e se eses parques e xardíns da cidade tamén os tiveran cheos de maleza e secos como están os taludes, como está a cidade e as rotondas que dan pena Sr. Rivas, vostedes debería marcharse para a súa casa e deixarnos tranquilos a todos.

Unha cousa, xa estamos rematando o ano e é hora de que espabilen, de que se poñan a traballar por Vigo, a cidade percíbeo, o Alcalde fillo adoptivo da cidade de A Coruña esta cansado, esgotado, crécenlle os problemas, non para de darse respigóns e os cidadáns queremos solucións, non nos vale o populismo, sentoulle moi mal a vostedes a maioría absoluta, non nos serve para nada os seus 17 concelleiros, os vigueses queremos realidades e queremos servizos da calidade.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu entendo que o Sr. Fidalgo teña que facer méritos para demostrar que pode estar noutra cámara, estamos en Vigo. En Vigo, nesta cidade, as cousas van moi ben pese a quen lle pese, eu adoito para falar de datos oficiais non usar revistas, publicacións para documentarme senón ir aos datos oficiais do

Ministerio de Facenda e os datos oficiais do Ministerio de Facenda na central de pago a provedores di leo en castelán, “en cuanto a las corporaciones locales las entidades de cesión presentan un período medio de pago a provedores de 70,91 días”, ese é o dato que eu uso para informar neste Pleno. O Concello de Vigo como digo, paga antes de que comecen a computar o prazo legal de pago a provedores, polo tanto, estamos na cortorna dos 12, 15 días, porque se facemos a media do trimestre estamos nesa media e polo tanto, son datos oficiais que remitimos ao Ministerio de Facenda e na plataforma oficial do Ministerio de Facenda reflíctense eses datos, polo tanto estamos a cumprir cos datos que achegamos o Ministerio de Facenda.

Pero é que eu entendo que ao Partido Popular lle gustaría que estivésemos aos niveis do ano 2006 cando gobernaban eles, a Sra. Porro, onde os prazos de pagos estaban en 60, 70 días de pago a provedores, pero nós o goberno municipal que preside o Alcalde o Sr. Abel Caballero, non está nesa liña e si está na liña de facilitar o crédito ás empresas que prestan servizos ao Concello de Vigo para favorecer o tecido produtivo da cidade, o financiamento das empresas e que poidan desenvolver o seu traballo.

Estamos nunha cidade que cumpre, segura, que cumpre os prazos de pago aos provedores e faino porque efectivamente ten tesourería suficiente, vostedes queren facer o engano da tesourería, a tesourería é un recurso que se ten para facer fronte aos pagamentos aos que resultamos obrigados, polo tanto, para iso serve a tesourería municipal.

Sr. Fidalgo, vostede volve dicir que somos cumpridores pero logo preocúpase de novo polos do radar, recoñézoo cando supero os límites de velocidade, algunha vez pasoume, poucas, pois teño que pagar a multa correspondente, eu entendo que vostede queira ser o defensor dos non límites de velocidade ou o defensor dos que cometen infraccións pero os radares teñen unha función preventiva fundamentalmente que vostede parece que non coñece.

En definitiva, destaco de novo que Vigo é a cidade de máis de 100.000 habitantes de toda España que antes paga a provedores e tamén a cidade de Galicia que antes paga aos seus provedores, froito da súa boa xestión económica deste goberno e da suficiencia financeira.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(165).- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O IGVS AO OBXECTO DE PRORROGAR O PRAZO DE VIXENCIA DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1469/110 (REXISTRO PLENO 1629/1101)

ANTECEDENTES: En data 4 de outubro de 2017, o Secretario Xeral do Pleno, emite o seguinte informe proposta,

"Lexislación aplicable:

- LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- LRXSP. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- LALGA. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

Antecedentes.

O xerente do CCVV remite a esta Secretaría xeral certificación do acordo adoptado polo Consello de Administración de tal ente adoptado en sesión do 28.09.2017 no que se acorda modificar o apartado segundo do acordo do Consello de 8.06.2017 relativo á vixencia do Consorcio; no novo acordo indícase unha vixencia ata o día 31.12.2021; en concordancia co anterior se modifican as Estipulacións Primeira e Segunda do convenio de colaboración inicialmente previsto que ten como fin determinar tal período vixencia.

O proxecto de convenio remítese aos dous entes consorciados, Concello de Vigo e IGVS, ao obxecto de que os órganos competentes de cada un deles adopten os acordos que estimen convinte.

A tal fin, en cumprimento do sinalado no artigo 122.5.e) 2º da LBRL, que advirte do informe preceptivo do secretario xeral do Pleno nos asuntos para os que se esixa unha maioría especial, emítese o seguinte,

INFORME

I. O artigo 6 dos Estatutos do CCVV sinala que este ente público local terá unha vixencia de seis anos a contar dende o día seguinte á publicación dos seus

Estatutos no Diario Oficial de Galicia e que este poderá prorrogarse previo convenio dos entes consorciados, Concello de Vigo e Xunta de Galicia.

Os Estatutos publicáronse en data do 16.03.2005, polo que, en principio, a súa disolución tñíase que ter producido en data de 16.03.2011.

En sesión de data 24.02.2011 o Consello de Administración acordou a prórroga do CCVV ata a data de 31.12.2011; posteriores modificacións teñen establecido o día 31.12.2017 como a data de extinción do Consorcio.

II. As denominadas “organizacións supramunicipais” non son de exclusivo carácter territorial (Áreas Metropolitanas ou Mancomunidades) tamén poden ter un carácter asociativo con outros entes públicos para acadar obxectivos e fins comúns, caso dos Consorcios. É mais, o artigo 2 da LALGA concibe a os Consorcios, Áreas Metropolitanas e Mancomunidades, a todos eles, nun mesmo plano, como entes locais non territoriais.

III. No caso do Concello de Vigo o acordo de aprobación do convenio debe adoptarse, conforme o sinalado no artigo 123.1.f) da LBRL, polo Pleno do Concello mediante o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, artigo 123.2 do mesmo texto legal, pois do que se trata é de prorrogar a existencia do Consorcio ata o 31.12.2021 e, en consecuencia, a participación do Concello de Vigo en tal organización ou ente local determinando a súa aportación ata esa data.

Sen prexuízo de modificar o precepto legal que se refire á competencia do alcalde para a sinatura do convenio, artigo 124.1 da LBRL, o convenio remitido adecúase ao ordenamento xurídico, en concreto o sinalado no artigo 49 da LRXSP polo que, logo do informe de fiscalización da Intervención xeral no que se refire ás aportacións municipais, non existe inconveniente legal para a súa aprobación; a tal efecto fórmulase a seguinte,

PROPOSTA:

Primeiro. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración transcrito no Anexo a este acordo remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo a subscribir entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que ten como fin prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello ata a data do 30.12.2021 determinado as aportacións (achegas) das Administracións consorciadas ata esa data.

Segundo: Dar traslado deste acordo á Xerencia do Consorcio Casco Vello de Vigo os efectos que correspondan.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Santiago de Compostela a ... de ... de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda en calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo en virtude da atribución que lle confire o art. 4 do Decreto 317/2009, de xuño, polo que establece a estrutura orgánica do IGVS. En concordancia co Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra parte, o Concello de Vigo, e na súa representación o Alcalde-Presidente, Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez, con competencias para asinar este convenio segundo o disposto no art. 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo.- Con data 3.02.2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Conorcio Casco Vello de Vigo".

Con data 1.10.2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As aportacións das entidades consorciadas quedaron do seguinte xeito:

- IGVS: 27.000.000,00*
- Concello de Vigo: 3.000.000,00*

- Total : 30.000.000,00

Deste modo o Consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

Na sesión do 28.11.2006 do Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo acordouse por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo feito que se acordou pola comisión liquidadora, nomeada para elo, na súa sesión do 17.07.2007.

Terceiro.- O 16 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 30 de xuño de 2012.

O Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na sesión celebrada o día 21.03.2012 acordou modificar os seus Estatutos, incluíndo entre ditas modificacións a duración do citado ente ata o 30 de decembro de 2017, dito expediente encóntrase na actualidade en tramitación.

Cuarto.- No Diario Oficial de Galicia núm. 246 do 27 de decembro de 2012 publicouse a modificación dos Estatutos do CCVV.

No art. 6 dos Estatutos, sinalase que o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017 podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

A vista do exposto no precepto citado e do feito de que o prazo establecido no mesmo está próximo a expirar, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeiro.- O presente convenio ten por obxecto prolongar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2021.

Segundo.- Para o financiamento das actividades do Consorcio durante o período 2018-2021, as partes comproméntense a realizar as seguintes achegas:

	2018	2019	2020	2021	TOTAL
IGVS	200.000,00	200.000,00	200.000,00	200.000,00	800.000,00
Concello	22.222,22	22.000,00	22.222,22	22.222,22	22.222,22

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data citados supra."

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 18 de outubro de 2017, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que esta proposta de prórroga do Convenio do Consorcio do Casco Vello de Vigo pode ser respaldada por todos, polo tanto entendo que o clima vai cambiar nesta iniciativa.

Se me permiten creo que facendo un pequeno balance dende a creación do Consorcio, inicialmente asinado por tres institucións, polo Concello de Vigo, pola Zona Franca de Vigo e pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo dende o ano 2005, e cando se reforma a composición dese mesmo Consorcio no ano 2007 desaparecendo o Consorcio da Zona Franca e aparecendo só o Instituto Galego de Vivenda e Solo, polo tanto a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo financiando un 90% a Xunta de Galicia financiando e un 10% o Concello de Vigo, esta entidade, moito avanzouse na rexeneración do Casco Histórico de Vigo, un casco histórico degradado, un casco vello que non era unha enxeña de identidade, que non era atractivo para a residencia, para a instalación de negocios, que polo tanto non pertencía ou estaba dando as costas á vida da cidade e que dende a posta en marcha deste Consorcio, unido como non a outras iniciativas privadas que tamén se desenvolveron no Casco Vello pois trocou esa imaxe deteriorada da cidade ou está a trocar esa imaxe deteriorada da cidade para converterse nun referente onde as persoas desexan vivir, hai moitas familias con nenos/as instaladas no Casco Vello, os negocios se instalan tamén e ademais é un espazo para as actividades de ocio e lecer que gañamos para a cidadanía, polo tanto, eu creo que se facemos un balance resume da actividade do Consorcio do Casco Vello ao longo deste anos ese ten que ser un balance positivo.

Como saben vostedes ao longo deste período adquiríronse 68 inmobles, dos cales 46 están totalmente rehabilitados, 4 en construción, 5 en proxecto e 7 tramitados

ou en tramitación. Ademais froito destas actuacións desenvolvéronse 108 vivendas, das cales 93 están totalmente rehabilitadas, 11 en execución e 4 en proxecto e 33 locais comerciais, 29 totalmente rehabilitados, 3 en execución e 5 en proxecto. Sen embargo, como dicía, a pesares desta historia que levou un cambio na imaxe do Casco Vello queda moito por facer, sobre todo nos queda por facer non só rematar as actuacións no Casco Vello alto senón iniciar esas actuacións no Berbés, para cambiar esa fachada marítima da cidade que está deteriorada, para iso xa temos un avance importante porque o Consorcio do Casco Vello mercou terreos que foron cedidos á Universidade de Vigo, onde agora xa teñen licencia para iniciar a construción dun edificio institucional da Universidade de Vigo, pero ademais hai propiedades que xa son do Consorcio do Casco Vello e en particular tres edificios que teñen que ser rehabilitados, e polo tanto, que a finalización do Consorcio a 31 de decembro do ano 2017, dende logo, non resposta ás necesidades da cidade. Polo tanto, esta prórroga de 4 anos vai permitir abordar tamén esas cuestións que quedan pendentes ademais de loitar conta a praga de termitas e por suposto, continuar na imaxe deses muros, fachadas, etc. que podemos mellorar no Casco Vello.

Como saben ademais a forma de financiamento do Consorcio do Casco Vello derivouse dunha achega inicial entre o ano, fundamentalmente 2006 e o ano 2009, da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo, a partires desa achega compráronse propiedades e iniciouse a rehabilitación, de tal xeito que a partires desa achega inicial, o Consorcio se financia fundamentalmente coa venda das propiedades que xa están rehabilitadas, un pouco o Orzamento do Consorcio especialmente dende o ano 2012 está sendo un orzamento decrecente, na medida que a labor de rehabilitación é máis custosa que o que estamos a conseguir reverter pola venda desas propiedades, e aínda queda unha caixa relevante de recursos desa primeira achega que fixo a Xunta de Galicia entre o ano 2006 e o ano 2009, de tal xeito que a día de hoxe aínda quedou un remanente de crédito por importe de máis de 5 millóns de euros, 5,5 millóns de euros, remanente de crédito que sería ademais absurdo pensar que habería que devolver á Xunta de Galicia cando quedan moitas cousas que facer e polo tanto o Consorcio debe continuar. Polo tanto, o que traemos a este Pleno é a prórroga dese convenio para que durante 4 anos que poderán ser prorrogables durante máis tempo continúe a labor, eu creo que unha

labor exitosa do Consorcio do Casco Vello para que o Casco Vello sexa unha parte fundamental da vida da cidade.

SR. PÉREZ CORREA: A nós é certo que esta renovación do Convenio é importante porque entre outras cousas evitan que puidera morrer ou marcharse unha administración como está pasando noutros consorcios, noutros padroados e que impida o desenvolvemento desta cuestión. Gustaríanos saber máis cousas do Consorcio o que pasa é que a nós, a este grupo municipal, si que se nos aplicou o artigo 155 hai un ano e xa se nos suspendeu a participación da Marea de Vigo no Consorcio, algo completamente para nós vergoñento porque na anterior lexislatura os grupos municipais estábamos presentes neste Consorcio e tamén estábamos en Zona Franca e polo tanto, como se di taurinamente, “miramos os toros dende a barreira” e a nós gustaríanos que se repensara a falla de democracia que o grupo municipal da Marea de Vigo con tres concelleiros non poida participar xa dicimos, aínda que sexa non votar, que nos leven de oíntes, pero polo menos saber as cuestións que están dentro do Consorcio.

Hai dúas cuestións que nós temos claras, renovar é bo porque significa que dúas administracións que sosteñen este Consorcio están dispostas durante 4 anos polo menos, a seguir traballando na rexeneración do Casco Vello pero si que algunhas consideracións que como non podemos facelo alí, “in situ”, pois farémolo aquí, sobre cuestións que teñen que ver coa propia maneira de entender a rehabilitación do Consorcio pero tamén cun Plan de actuación que se pon enriba da mesa.

Nós discrepamos da cuestión da rehabilitación e logo venda, e discrepamos porque si é certo que na vivenda si que se pode dar que se enchen os barrios de xente, que a xente habita o Casco Vello pero estamos a ver que nos locais non, no momento que eu rehabilito como administración pública e no momento que vendo cando cesa esa actividade no local estamos vendo que senón hai vontade do propietario de volvelo a poñer no mercado de alugueiro, os locais permanecen pechados e temos un exemplo a escasos metros de aquí que a parte do Casco Vello alto onde o peche sistemático de locais está dexenerando de novo o barrio, é certo que son locais moitos deles que poden volver a entrar no mercado de alugueiro pero hai algúns deles que non o están a facer, polo tanto, o propio consorcio debería falar cos propietarios incluso nos futuros locais para nós debería de

repensarse a cuestión da rehabilitación e logo venda porque hai outras fórmulas incluso os promotores privados están a buscar o alugueiro con opción a compra posteriori ou incluso directamente o alugueiro público mantendo patrimonio, xerando unha bolsa de patrimonio inmobiliario do Consorcio é certo que tería que cambiar as achegas das administracións porque cambiaría substancialmente os ingresos do Consorcio que agora maioritariamente son pola venda ao mercado libre, pero nós facemos esa reflexión polo que está pasando aquí no Casco Vello Alto, o que está a pasar en Abeleira Méndez, o que está a pasar en moitas rúas que se están quedando despoboadas de negocios e cando quedan despoboadas de negocios o barrio vaise degradando e o barrio vaise convertendo no que foi nos anos 80, 90 que espero que non queiramos ningún membro desta Corporación que volva.

Polo tanto, si que é certo que esa reflexión sobre o Plan de actuación e sobre as cuestións a futuro dentro do Plan de rexeneración do Casco Vello, dicir que se se puidera incorporar a novas administracións, novos fondos, buscar ou captar axudas europeas como no seu día foi o Plan Urbano ou outros plans herdeiros deste plan, que se busque a maneira, porque se falaba antes de turismo e nós seguimos a pensar que non hai, ademais das praias e da costa, outro activo tan importante nesta cidade como os cascos históricos que actualmente por un proceso a parte erróneo de entender o que é a actividade hostaleira, estanse a converter nun sitio para ir a tomar copas e non volver o resto do tempo, creo que tamén hai que reflexionar sobre o modelo hostaleiro que se está a xerar no Casco Vello, o legal é o paralegal, hai moitas actuacións que para nós discutibles sobre o que está sendo o modelo denunciado a parte pola Asociación de Hostaleiros do Casco Vello, pero tamén sobre o modelo do turismo e o modelo de centrificación que se quere dar no barrio, iso a nós nos gustaría que tamén figura no Plan pero nos felicitamos que de que o convenio se renove, nós a esta altura da película felicitámonos de que cada vez que o Partido Popular e o Partido Socialista se poñen de acordo aínda que sexa para coller un taxi, polo tanto cando se chega a eses acordos nós imos a felicitarnos e gustaríanos que se repensara a exclusión do grupo municipal da Marea de Vigo deste órgano, aínda que sexa como digo só para escoitar que non temos incluso a esa vontade de votar ou de participar nos órganos executivos.

SR. FIGUEROA VILA: Podemos falar do Consorcio do Casco Vello como unha década que se inicia en febreiro do ano 2005, onde se asina un convenio entre a Consellería de Política Territorial formada e presidida naquel momento polo presidente o Sr. Feijóo, a Alcaldesa de Vigo a Sra. Porro e o delegado da Zona Franca D. Francisco López Peña, creo que se pode facer unha valoración xa dun proxecto como este, cando falamos de dez anos loxicamente é unha cifra importante, é un número importante, unhas datas importantes e polo tanto o Consorcio do Casco Vello transformou a cidade de Vigo e eu creo que hai que ser xustos tamén coas persoas que formalizaron este convenio, este consorcio, formalizado polo Casco Vello, polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, porque nalquel momento sempre se criticou ao presidente da Xunta de Galicia que non acompañaba a Vigo coas súas actuacións, que non investía na cidade de Vigo e isto loxicamente é mentira porque aquí se demostra claramente cal é a realidade, un investimento de preto de 45 millóns de euros nos últimos dez anos e o investimento que supera esta cantidade que loxicamente se refire ao 68 inmobles situados dentro do seu ámbito de actuación, 46 que están totalmente rehabilitados e 7 que foron transferidos a outros organismos, 4 están en proceso de construción e isto é unha realidade que loxicamente marca un criterio obxectivo de investimento da Xunta de Galicia e do Sr. Feijóo na cidade de Vigo.

Polo tanto, a min gustaríame señora concelleira que cando faga manifestacións deste tipo sobre o Consorcio Casco Vello, que loxicamente tamén se remita a estas cuestións porque son fundamentais.

Loxicamente, eu síntome orgulloso deste proxecto porque no ano 2005 o 12 de abril, fun designado presidente do Consorcio do Casco Vello e creo que as cousas foron razoablemente ben, creo que ese proxecto que se levou a cabo durante estes últimos anos tivo unha designación tamén dun equipo humano que eu non quero deixar atrás do Sr. Alfonso Ramos, da Sra. Marta Riobó, do Sr. Luís García e dunha serie de técnicos municipais que se tomou a decisión de levalos alí para facer este traballo.

Creo que este traballo agora está enfocado e como está enfocado pois loxicamente nos imos votar a favor desta proposta, iniciativa, desta actuación de cara os próximos anos que van significar, nos temos uns números aproximados en torno a 14, 15 millóns de euros máis. Polo tanto, o investimento no Casco Vello cando se

leve concluído este proxecto de actuación estaremos a falar aproximadamente de 60 millóns de euros, cun plan de actuación onde a Xunta de Galicia achega o 90% e o Concello o 10%, polo tanto, eu creo que isto hai que reflectilo tamén a Xunta de Galicia achega o 90% e o Concello de Vigo o 10%, creo que son datos obxectivos, datos que loxicamente marcan a forma de actuar do Partido Popular no compromiso coa nosa cidade. Nós estamos comprometidos co Casco Vello e estábamos comprometidos co Casco Vello cando chegamos a gobernar esta cidade, así como a Panificadora, o Barrio do Cura e todo o que se estende en torno ao Casco Vello.

Pero tamén hai cuestións que nós preocupan e nos preocupan eu creo que gravemente en canto ao tema de que se falaba aquí de aparcadoiros, nos fixemos unha proposta clara coa praza de Portugal e coa Porta do Sol que si fixeran aparcadoiros para residentes, creo que é importante que estes aparcadoiros foran para residentes maioritariamente porque creo que lle dan cabida e danlle unha demanda que propón a cidadanía, os veciños que viven no Casco Vello e sobre todo os hostaleiros e aquelas persoas que no futuro poidan trasladarse alí. Polo tanto, nós facemos esta reflexión que os aparcadoiros da praza de Portugal e da Porta do Sol poidan ser para residentes.

Creo que tamén é importante o futuro en canto á Universidade que se poida instalar no Berbés, eu creo que isto é importante e polo tanto imos seguir traballando nesa dirección, na dirección de apoio ao Casco Vello e dende logo gustaríanos que vostedes fosen elegantes e que aquí saíse tamén unha manifestación por parte de vostedes de que a Xunta de Galicia e o presidente o Sr. Feijóo traballou polo Casco Vello, segue traballando e que o goberno naquel momento presidido pola Sra. Porro, pois levou a cabo unha serie de actuacións neste Casco Vello, non é o que din vostede de que o Sr. Feijóo está en contra da cidade de Vigo, non, aquí se demostra claramente os seu compromiso pero en datos económicos, de investimentos na cidade de Vigo e sobre todo neste Casco Vello.

Polo tanto eu creo que é importante que infraestruturas que se están levando a cabo tamén se recoñeza o seu traballo por esta cidade e por suposto ao Partido Popular, o compromiso do Partido Popular co Casco Vello e con outros

investimentos como o hospital, a depuradora e outras cuestións que están en marcha na cidade de Vigo.

Polo tanto, eu quero aquí manifestar a nosa opinión e que vostedes sexan os suficientemente elegantes como para dicir claramente que o presidente o Sr. Feijóo e o Partido Popular ten un compromiso co Casco Vello e ese compromiso está aí en aras de o mellor para a cidade de Vigo e o mellor para a nosa cidade.

Polo tanto, imos seguir traballando nesa dirección e en positivo polo tanto si que imos a votar a favor desta cuestión, evidentemente non podería ser doutra maneira pero eu creo que eses antecedentes Sra. Caride debería vostede manifestalos porque eu creo que son importantes para o noso partido e para que os cidadáns coñezan dunha vez por todas quen inviste na cidade de Vigo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Pérez aquí non hai ningunha aplicación do artigo 155, aquí falon os cidadáns que votaron, e a este partido e a esta bancada lle deron 17 concelleiros e a vostede 3 e ao Partido Popular 7, pois ese foi o resultado que fai que polo tanto a representación nas institucións se modifique.

Respecto do que falaba dos locais sobre todo no Casco Vello alto, case todos son propiedade do Consorcio, polo tanto, só hai 5 locais vendidos o resto son propiedade do Consorcio que vai desenvolver agora un programa para ver que tipo de actividades, nun acordo que chegamos na última reunión poden desenvolverse para que teñan continuidade pero o que observamos é que mentres teñen a bonificación do aluguer as actividades permanecen cando rematan a bonificación do aluguer e polo tanto están en prezo de mercado as actividades marchan, polo tanto, hai que corrixir esa situación.

Sr. Figueroa eu sinceramente agradezo o seu apoio a esta iniciativa pero cando vostede fala de recoñecer a cada un o seu traballo eu voulle a recoñecer que é verdade que o Consorcio se crea no ano 2005, pero voulle dicir cal foi a achega no ano 2005 da Xunta de Galicia ao Consorcio, foi de 70.000 euros, no ano 2006 foi de 5 millóns de euros, no ano 2007 foi de 5,6 millóns de euros, no ano 2008 5,6 millóns de euros, non ano 2009 6,4 millóns de euros, é dicir, se algo lle ten que recoñecer á cidade de Vigo ao Consorcio do Casco Vello e que houbera un presidente que se chamou o Sr. Emilio Pérez Touriño que fixo a maior achega aos recursos do Casco Vello porque foi o seu goberno o que fixo a achega de capital

para o Consorcio do Casco Vello e simplemente remítase vostede pero é que moi fácil no informe que está nesta mesma proposta a parecen os datos dos pagos efectuados polas distintas administracións, polo tanto, non hai como moita discusión, sabe vostede cando achega ao ano a Xunta de Galicia para o Consorcio do Casco Vello? 200.000 euros a Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Vivenda e solo 22.222 euros ao Concello de Vigo que é o que hoxe asinamos neste Convenio e a partires de aí a súa política de compra de locais e rehabilitación de locais baséase no que consegue das vendas de locais inicialmente rehabilitados e desaxestión do remanente de crédito que ten que non nos deixan utilizar con maior intensidade, por estas normas tamén que quitou o Partido Popular que aínda vannos a quitar o que achegamos entre todos e que debería estar aí para favorecer a cidade. Que o Consorcio do Casco Vello é un éxito? Si, pero se vostede fala de elegancia, por favor, non diga vostede que o Sr. Feijóo achegou nada, non achegou nin un euro ao Consorcio do Casco Vello é o que está e poñéndose tódalas medallas dunha labor que é a de todos e que entre o Consorcio do Casco Vello e a oficina de rehabilitación do Concello de Vigo estamos conseguindo darlle volta ao Casco Vello que é o obxectivo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración transcrito no Anexo a este acordo remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo a subscribir entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que ten como fin prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello ata a data do 30.12.2021 determinado as aportacións (achegas) das Administracións consorciadas ata esa data.

Segundo: Dar traslado deste acordo á Xerencia do Consorcio Casco Vello de Vigo os efectos que correspondan.

6(166).- APROBAR O CAMBIO DE USO DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL QUIROS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA INSTALACIÓN DEPORTIVA NA PARROQUIA DE SÁRDOMA. EXPTE. 16117/411 (REXISTRO PLENO 1627/1101).

ANTECEDENTES: En data 22 de setembro de 2017, a técnica de Administración Xeral co conforme da xefa de Planeamento e Xestión, emite o seguinte informe proposta,

“Con data 26 de novembro de 2001 o Pleno do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación con carácter definitivo ao Plan Parcial de Quiros (Exp. 5254/411); As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP de Pontevedra núm. 12 do 17.01. 2002.


O día 06.03.2003, o Consello da Xerencia Municipal de urbanismo do Concello de Vigo, acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación do referido eido, promovido e redactado pola súa Xunta de compensación (Exp. 4394/401).

Posteriormente, con data 30.04.2003 o Consello desta XMU acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Plan Parcial de Quirós (exp. 4392/401).

Con data 14.06.2017 foi recibida nesta Xerencia municipal de urbanismo solicitude da Área de Fomento do Concello de Vigo, para o cambio do uso dotacional de dúas parcelas municipais sitas no Plan Parcial S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS, parcela nº 28 e parcela nº 29, á que se xunta memoria xustificativa para a construción dunha nova instalación deportiva na parroquia de Sárdoma, que se incorpora ao presente expediente e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

O 26.06.2017 a arquitecta municipal xefa do departamento de planeamento e xestión subscribiu informe favorable á proposta de modificación de uso que nos ocupa, co contido que se extracta a continuación,

“(...)O Plan Parcial Quirós foi aprobado definitivamente por Acordo Plenario sesión de 26 de novembro de 2001 (expte nº5254/411). O Proxecto de Compensación acadou a aprobación definitiva o 6 de marzo de 2003 (expte nº4394/401) e o Proxecto de Urbanización o 30 de abril de 2003 (expte nº4392/401). Tanto da ordenación detallada recollida no Plan Parcial como no Proxecto de compensación aprobado definitivamente, se delimitan, na mazá á que se refire este informe, tres parcelas. Dúas delas son parcelas de uso Dotacional Público e a terceira é de uso residencial e está incluída do Inventario do Patrimonio Municipal do Solo.



Recorte do plano de Parcelas resultantes do Proxecto de Compensación e zonificación da Unidade de Execución I do "Plan Parcial Quirós". En vermello as parcelas ás que se refire o informe (nº28 e 29).

As parcelas as que se refire este informe son as denominadas no Proxecto de Compensación: Parcela Nº28 e Parcela Nº29. Foron adxudicadas ao Concello de Vigo en pleno dominio. Son parcelas de cesión para equipamentos públicos.

PARCELA 28. REF. CATASTRAL: 4044201NG2744S

USO: EQUIPAMENTO SOCIAL

SUPERFICIE: 1.089,00m².

Altura prevista: 3 plantas.

Ocupación en planta 50%. Retranqueos mínimos a fachadas 5 m. e aos lindeiros laterais 3 m.

Ocupación en subsolo: A mesma que a do sólido.

Serán de aplicación as determinacións xerais da Ordenanza 3.3. de Zonas Culturales e Sociais do PXOU.

PARCELA 29. REF. CATASTRAL: 4044202NG2744S

USO: DOCENTE.

SUPERFICIE: 6.000 m².

Altura prevista: 3 plantas.

Ocupación en planta 50%. Retranqueos mínimos a fachadas 5 m. e aos lindeiros laterais 3 m.

Ocupación en subsolo: A mesma que a do sólido.

Serán de aplicación as determinacións xerais da Ordenanza 3.3. de Zonas Culturales e Sociais do PXOU.

ORDENANZA 3.3 do PXOU 1993, vixente:

a. "Definición

Corresponde ás zonas nas que se establezan dotacións culturais e sociais de carácter público. A súa aplicación farase tanto ás zonas que aparecen graficadas nos planos de clasificación como ás non graficadas que resulten destinadas a equipamentos deste tipo nos instrumentos de desenvolvemento do presente Plano Xeral. Para as instalacións existentes esta só terá carácter subsidiario nos restantes casos, continuando vixentes as regulacións específicas aprobadas no seu día polo Concello. Considérase uso dominante o equipamento cultural e social".

d. Condicións de uso.

Os usos permitidos serán os seguintes:

1. Vivenda

Vivenda unifamiliar (só para gardería).

2. Garaxe-aparcamento (ó servizo do uso dominante).

Anexo a outros usos: Categoría 1, 2, 3.

3. Aloxamento colectivo (como uso dominante asociado a el)

Residencias institucionais: Categoría 1, 2, 3, 4.

4. Oficinas (asociadas a uso dominante)

En edificio con outros usos que non sexa vivenda: Categoría 1 e 2

5. Espectáculos (asociados a uso dominante)

Locais pechados: Categoría 1.

6. Lugares de reunión (asociados a uso dominante)

Locais pechados: Categoría 1 e 2.

7. Relixioso

Grupo único: Categoría única.

8. Cultural

Grupo único: Categoría única.

9. Deportivo (asociados a uso dominante)

1. Locais pechados: Categoría 1 e 2.

2. Ó aire libre: Categoría única.

10. Sanitario

1. En edificio exclusivo: Categoría 1.

2. En edificio con outros usos: Categoría 1, 2.

11. Servicios xerais

Os equipamentos e dotacións regularanse en principio polo tipo de ordenación da zona onde se encadran e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma, procurando respetar e mante-las aliñacións do seu cuarteirón e lindantes. Cando pola forma da edificación resulten espacios libres interiores de amplitude suficiente trataranse e sistematizarán estes, mediante xardinería e arboredo.

Non obstante, cando os equipamentos se sitúen en zonas non formalizadas e en áreas libres de edificación aceptárase a ordenación volumétrica específica, sempre que non sobrepase os estándares fixados”.

O pavillón que se pretende construír podería superar a capacidade da categoría 2, polo que é necesario cambiar o uso dotacional educativo á dotacional deportivo. (...)”.

Mediante Resolución da Vicepresidencia da Xerencia de urbanismo do 26.06.2017, incoouse o procedemento para a modificación do uso dotacional de dúas parcelas municipais de 1.089 m² e 6.000 m² de superficie, respectivamente, sitas no ámbito do Plan parcial S.U.P.P 1 Quirós, identificadas cos nº 28 e 29 no proxecto de compensación definitivamente aprobado, de dotacional educativo a dotacional deportivo.

Dando cumprimento ao disposto na amentada Resolución de incoación, e seguindo a tramitación do procedemento, a mesma foi notificada aos departamentos municipais de Deportes, Benestar Social e Educación, recadando deste último o seu preceptivo informe.

Así as cousas, con data 27.07.2017, o Técnico do Servizo de Educación co conforme da xefa de dito servizo e a Concelleira de Educación, emiten informe favorable á modificación de uso instada, que se incorpora ao presente expediente e a cuxo íntegro contido nos remitimos por mor das necesarias concisión e brevidade, no que conclúen que, *a modificación proposta de cambio de uso dotacional educativo a uso dotacional deportivo das citadas parcelas municipais, non semella impedir que se garanta atender e dar resposta axeitadas ás necesidades actuais e futuras de escolarización, dereitos e intereses lexítimos da comunidade educativa desa área educativa e a súa contorna de influencia escolar.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29/04/1993 (DOG 10/05/1993), (PXOU/93),
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana (TRLS/2015),
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG),

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP),

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coas súas diversas modificacións (LBRL),
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL),
- RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL),
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das administracións públicas (LPAP),
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA),
- O Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data 06.09.2010 (BOP núm. 193 do 6/10/2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Modificacións de usos dotacionais

De conformidade co establecido no artigo 42.5 da vixente LSG (nos mesmos termos que o artigo 47.4 da LOUG), o Concello en Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementas as zonas verdes e os espazos libres públicos.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, Sentenza do 03.03.2015, expresa que o feito de que o artigo 47.4 da Lei 9/2002 permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan. En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación da LSG, remitirase un exemplar dilixenciado do acordado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En similares termos, se expresan senllas sentenzas do TSX de Galicia, da Sala do Contencioso-administrativo, sección 2ª, entre outras, de datas 25.03.2010 e 08.01.2015, ao confirmar que o referido precepto da nese intre en vigor LOUG *está regulando un procedemento especial (aprobación polo pleno, por maioría absoluta) de cambios de usos dotacionais que exixe tramitar modificacións puntuais de plan.*

Á presente proposta de cambio de uso dotacional, de educativo a deportivo, se sitúa sobre a totalidade das parcelas nº 28 e nº 29, descritas no informe técnico transcrito na súa literalidade no corpo do presente, co obxectivo de atender as necesidades dun programa deportivo polivalente, así como para optimizar a súa funcionalidade coa adecuación da totalidade do espazo das dúas parcelas, e co obxectivo principal de construción dun edificio principal- Pavillón polideportivo cuberto- .

Dita modificación suporía o cambio do uso dotacional de dúas parcelas municipais destinadas a uso dotacional público educativo, de 1.089 m² e 6.000 m², respectivamente, séndolle de aplicación as determinacións xerais da Ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais do vixente PXOU de 1993, co obxectivo de asignarlle novamente un uso dotacional público neste caso deportivo, sendo o Pleno da corporación o órgano competente para adoptar o acordo que proceda, previa tramitación do procedemento previsto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG). O acordo que se adopte publicarase no DOG e no BOP (seguindo o “iter procedimental” dos acordos plenarios de modificación de uso de datas 26.05.2008 e 25.04.2016), e será remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, na forma regulamentariamente prevista, para o seu coñecemento e efectos.

III. Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 42.5 da LSG) por maioría absoluta legal dos seus membros, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e) 2ºda LRBRL, 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF), por proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU).

Xa que logo, visto o que antecede e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, de datas 26.06.2017 e 27.07.2017, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo...”

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 28.09.2017, por unanimidade, ditamina favorablemente o presente expediente.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que hoxe traemos a este Pleno unha boa noticia, este goberno leva nos últimos anos priorizando nas instalacións deportivas na cidade de Vigo, herdamos unha herdanza cun déficit de dotacións públicas, tanto culturais como deportivas, nos orzamentos do ano que ven están incluídas novas instalacións deportivas tanto o pavillón de Matamá como este pavillón de Quiros como o pavillón de Doutor Fleming, cada un nun estado de execución distinto, como saben orzamentariamente tanto o de Quiros como o de Matamá, o de Quiros co paso que estamos dando hoxe poden ser unha realidade orzamentaria nos orzamentos do ano 2017-2018, mentres que no caso de Matamá nestes momentos estamos na tramitación da Lei 3/2016 para a clasificación e recuperación do Plan Xeral que nestes momentos non está en vigor para poder recuperar como dotación esta parcela da parroquia.

Un proxecto de remodelación que inclúe tamén as pistas de Balaídos debaixo de Río e as pistas tamén de atletismo que temos nestes momentos en Balaídos, un investimento orzamentario por encima dos 10 millóns de euros todas adicadas ao deporte para o uso e goce dos vigueses/as na cidade de Vigo. Un orzamento en deportes moi importante, que suma unha cantidade moi importante e sobre todo polo déficit que nos atopamos nesta cidade, pola herdanza de dotacións e infraestruturas tanto deportivas como culturais na cidade de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo, obviamente sempre hai que fundamentar o cambio de uso, se de verdade as dotacións escolares non fan falla, é certo que é unha zona que curiosamente proliferan os ximnacios, os clubs de padel, a zona ultimamente está chea destas actividades deportivas, todas privadas, nós estaríamos de acordo pero acabamos de sorprendernos que algunhas dotacións destas se queiran tramitar pola vía da lei de proxecto urbanísticos urxentes, non sei porque vostedes lle chaman a lei Vigo porque é unha lei autonómica que aplica ata no Concello de Becerreá pero se queren seguir chamándolle lei Vigo, pois chámenlle, pero o que si nos preocupa iso ven a dar tamén, a pesares de que se poida facer unha modificación deste ámbito que no seu día era un dos ámbitos do planeamento incorporado ao Plan do 2008, tampouco se queden tranquilos modificando estas cuestións porque o que teñen que facer é ter o plan xeral precisamente para ver o encaixe e non ter que empregar esta medida

urxente como digo que moitas veces se hai clasificación do solo polo medio, se vostedes o que pretenden é que en Matamá ou noutros ámbitos ou en Zamáns que tamén se proxecta un polígono, se o que pretenden é facer unha clasificación do solo a través desta lei, eu xa lle digo que non se pode, entre outras cousas porque o dixo a Xunta de Galicia non porque o diga este Concelleiro que xa sei que non lle fan caso, pero entre outras cousas non se pode, aquí neste caso é un solar dotacional que o único que hai que cambiar é o uso dotacional. Outras aventuras que se lles ocorran para seguir postergando a redacción do Plan Xeral, pois dende logo non tería encaixe, nos estamos de acordo e que esa dotación se orzamente e se orzamente de maneira plurianual para que non quede nun cambio dotacional que ao final non se empregue pero estamos de acordo e que iso vaia adiante sería unha boa nova, non só para o ámbito que no seu día se limitou alí en Quiros senón para toda a cidadanía de Vigo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que hai que clarexar que aquí o que estamos a votar é o cambio dotacional do solo, é dicir, a construción aínda do pavillóns está por ver e esperemos que non quede nunha declaración de intencións. Nos damos a benvida tamén e a verdade coa necesidade que hai de espazos deportivos para a cidade, xa o dixo o concelleiro, Matamá e agora en Sárdoma, e a verdade non queremos que quede en declaración de intencións e como tamén adiantaba aquí o concelleiro de Marea de Vigo, esta cidade vaia adiante si que é gracias a esa lei de medidas urxentes, ademais que se aprobou con celeridade para que esta cidade non estea aínda máis paralizada do que está. Polo tanto, aproveitando que estamos a falar de urbanismo e que aquí váiselle dar este cambio, imos apoialo tódolos grupos por suposto, porque é algo de luz no urbanismo desta cidade tamén temos que insistir e reclamarlles aquí que se poñan as pilas na redacción do Plan Xeral de ordenación municipal porque antes tamén no Consorcio do Casco Vello facían referencia e lembraban ao presidente o Sr. Touriño, pero realmente foi ese goberno bipartito onde se aprobou o Plan Xeral que agora tumbou o Tribunal Supremo, polo tanto, non sei de que temos que presumir aquí como lembrabamos antes o Casco Vello o 90% e a Xunta de Galicia agora porque vostede díxoo ata o ano 2009, a partires do ano 2009 non seguiu sumando, e nós aquí o que pedimos é que esta cambio de solo sexa hoxe unha realidade pero non

quede só neste trámite, é dicir, agora hai que presupostar e hai que pedir celeridade para a construción deses ámbitos deportivos que é o que quere a cidade e é o que necesitan.

Rematar dicindo que nós non pasaremos outro Pleno máis sen esixirlle celeridade, presa e que se poñan as pilas para facer o Plan Xeral de ordenación municipal porque a verdade é que é unha vergoña que esta cidade aínda siga paraliza nese ámbito.

PRESIDENCIA: Sería bo que asinara o convenio a Xunta de Galicia, Sra. Egerique, co Concello de Vigo para o financiamento do novo Plan de Ordenación Municipal porque neste momento ese convenio segue sen asinar, seguen mareando a perdis, seguen dando voltas a cuestión e polo tanto seguen sen querer facer o Plan, xa sabemos que a proclividade da Xunta de Galicia co Plan de Ordenación desta cidade foi o que foi, non aceptaron a Vía Parejo que era perfectamente legal e avalada polo máis experto urbanista de toda España e agora non queren asinar o convenio. Pero vostedes segan así que xa verá como acaba isto.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Varias cousas, a verdade a Sra. Egerique non deixa de sorprendeme, fálanos da lentitude do Plan Xeral e o visto bo para o convenio do Plan Xeral chegou a semana pasada, é dicir, non a tramitación, simplemente o visto bo por parte da Xunta de Galicia. A verdade que estas reflexións que fai neste Pleno que eu lle agradezo, tamén lle agradecería que as fixera na Xunta de Galicia e que lle pedira aos parlamentarios do Partido Popular que o fixeran en Santiago de Compostela porque iso faría que isto en vez de ter que esperar un ano pois fora moito máis áxil, porque cando vostede fala de que nos vai pedir axilidade, eu creo que aos seus propios compañeiros e dende a amizade que vostede debe ter, pois lle pida esa axilidade desexada.

Despois o Sr. Pérez de Marea de Vigo dicíanos que el non entendía a modificación da Lei 3 para o pavillón de Matamá, as veciñas/os de Matamá non poden esperar máis tempo por ese pavillón e vostede como ben sabe no Plan Xeral do 2008 aquela zona onde está designada o pavillón de Matamá era unha instalación dotacional onde si se podía executar esta pavillón e coa caída do Plan Xeral do 2008, pois esa parcela pasa a ser un solo non consolidado, dun ámbito a

desenvolver co cal este goberno lle propón á Xunta de Galicia e así propúxollo por escrito, mándalle o proxecto para recuperar o Plan do 2008 nesta zona que si se pode facer a través da lei 3 para que se tramite como se fixo no caso da ampliación do polígono de Balaídos para a nave H ou como se fixo na nave do IFEVI unha en seis meses e outra en 9 meses, que en seis meses os veciños/as de Matamá poidan estar celebrando e eu estou convencido que a Xunta de Galicia vai tardar eses seis meses como tardou na ampliación de Balaídos para desenvolver ese gran polígono, pavillón, esa instalación deportiva tan demandada na cidade. Co cal, Vigo no período máis próximo orzamentario vai contar con tres grandes instalacións deportivas máis, Matamá, Quiros e Doutor Fleming, instalacións novas e vai contar coa reforma das instalacións deportivas os dous pavillóns que están debaixo da grada de Río, instalacións deportivas que deberían estar executadas hai moitos anos, pero a herdanza que recibimos do Partido Popular foi esta, un déficit en instalacións deportivas.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o cambio do uso dotacional de dúas parcelas municipais de 1.089 m² e 6.000 m² de superficie, respectivamente, sitas no ámbito do Plan Parcial S.U.P.P.1 Quirós, identificadas cos nº 28 e 29 no proxecto de compensación definitivamente aprobado, de dotacional educativo a dotacional deportivo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e notificalo para o seu coñecemento á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Remitir o presente acordo, xunto con dúas copias debidamente dilixenciadas do aprobado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo do presente acordo, farase constar dita remisión.

Cuarto.- Notificar este acordo ao departamento municipal de Deportes, Benestar Social e Educación, así como ao Servizo de Cartografía, á Oficina de Licenzas e á Oficina de Información da XMU.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

7(167).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO DEMANDO DO PARLAMENTO DE GALICIA A DERROGACIÓN DA LEI DE FOMENTO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1632/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1632/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, que o Partido Popular aprobou o pasado martes 17 no Parlamento galego tramitada por unha pola vía de urxencia

para esquivar o período de consultas públicas previo, lonxe de ser unha proposta lexislativa para a planificación e dinamización económica do tecido empresarial e produtivo, e para artellar unha actividade empresarial sustentábel; supón un grave ataque ao patrimonio natural, ao territorio e aos dereitos de participación e consulta ambiental da cidadanía e tamén das administracións locais.

Esta lei, que contou con dúcias de emendas dos grupos parlamentares (curiosamente tamén do grupo parlamentar propoñente o PPdG) reduce garantías nos trámites ambientais, rebaixa o réxime de protección do patrimonio, mingua a participación da cidadanía e dos concellos nos trámites ambientais e de autorización previa de proxectos e, en resumo, constitúe unha norma flexibilizadora, liberalizadora e desreguladora das políticas mineiras, enerxéticas e forestais en Galicia en favor dos intereses privados das grandes operadoras do mercado en ditos sectores.

O feito de que sexa o grupo parlamentario do PPdG o que presentou esta proposta de lei para evitar o proceso participativo previo necesario nunha lei destas características xa amosa a intencionalidade da propia lei: simplificar nunha norma xeral aspectos esenciais das normativas que regulan tanto os trámites ambientais dos sectores mineiro, eólico e forestal, como a ordenación do solo industrial de Galicia. Aspectos que por exemplo deixarían a protección dos espazos da Rede Natura en papel mollado ou os criterios ambientais para a planificación de polígonos industriais.

No caso da nosa cidade significaría por exemplo, que coa pretendida escusa de ser competitivos co norte de Portugal, o solo industrial abarataríase nun proceso simplificado de expropiación de terreos particulares e de creación de novos polígonos nunha cidade sen aínda ordenar o solo industrial existente e mesmo poderíase legalizar algún existente.

Do mesmo xeito, e coa realidade dos incendios forestais que vimos de padecer na cidade de Vigo, comportaría a expansión dun modelo forestal baseado na liberalización e amparo dos monocultivos madeireiros e de biomasa que incrementa o risco de incendio, e mesmo facilitaría as expropiacións “expres” coa escusa das necesidades da industria extractiva forestal ou de proxectos como o latente parque eólico do Galiñeiro con diversas denuncias de colectivos de defensa ambiental ao considerar as áreas de reserva e as áreas de conservación, así como as súas franxas paralelas, como áreas posibles de desenvolvemento eólico.

Especialmente grave para a Marea de Vigo é o feito de que facilita os procesos de expropiación forzosa e reduce a autonomía municipal ao facer máis sinxela consideración de determinados proxectos industriais como estratéxicos, con menor control urbanístico, declaración de utilidade pública, e de incidencia supramunicipal. O artigo 16 da norma reduce de 50 a 20 millóns de euros o volume de investimento mínimo necesario para que un proxecto sexa declarado estratéxico, e de 250 a 100 os postos de traballo directos creados, ou que simplemente precisen dunha especial necesidade de solo, non dispoñible coa

oferta existente. Reduce tamén os prazos de consulta ao Concello de Vigo, dificultando aínda máis o traballo de técnicos municipais, que xa sofren as consecuencias dun cadro de persoal forzadamente minguado polas disposicións do Goberno do Estado e o inxente traballo para ter unha ordenación urbanística na nosa cidade.

Ameaza o patrimonio cultural dos nosos montes; fai prevalecer o aproveitamento industrial fronte aos tradicionais e comunitarios; permite a corta xeneralizada onde antes precisaba permiso; e suprime a necesaria autorización de Medio Ambiente para os aproveitamentos madeireiros en zonas protexidas e reducindo de facto os niveis de garantías de protección ambiental das zonas e espazos protexidos, inclusive os da Rede Natura.

O novo réxime relativo á xestión, mantemento e conservación das áreas empresariais supón, en primeiro lugar, un desapoderamento de competencias municipais na materia, ao limitar e condicionar as potestades do planeamento respecto das entidades urbanísticas de conservación, das que, recentemente, vimos de aprobar en Vigo unha ordenanza reguladora, e, en segundo lugar, e como efecto derivado, o traslado á facenda municipal de custos de mantemento de ditas áreas.

En resumo, esta lei aprobada pola Xunta de Galicia aposta por un modelo extractivo de escaso valor engadido e despreza un modelo económico social e natural sustentable. O espolio do nosos bens naturais común é o espolio do noso futuro. O sacrificio de garantías ambientais e dereitos sociais é unha hipoteca para as vindeiras xeracións.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguintes

ACORDOS:

1.- Demandar do Parlamento galego a anulación da Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais, por ser contraria aos principios de substentabilidade e protección do medio ambiente, da paisaxe e do patrimonio cultural, por alentar un modelo social desigual e inxusto, e por limitar o dereito das administracións locais e da cidadanía para participar na toma de decisións sobre proxectos empresariais de especial transcendencia económica e social.

2.- Instar á Xunta de Galicia a planificar, programar e executar alternativas políticas e económicas sustentables que garantan a preservación dos bens naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galicia, xeren rendas ecolóxicas e sociais, que impulsen iniciativas económicas locais creadoras de emprego de calidade e que respecten a autonomía local nos aspectos que a lei comporta.

3.- Dar traslado do presente acordo ao Parlamento de Galicia, Grupos Parlamentarios e Goberno da Xunta de Galicia.”

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Hoxe dende a Marea de Vigo queremos amosar o noso rexeitamento á Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais e demandar do Parlamento Galego a súa anulación por ser esta Lei contraria aos principios de sustentabilidade e protección do Medio Ambiente da paisaxe do patrimonio cultural, por alentarmos un modelo social desigual e inxusto e por limitar o dereito das administracións locais e da cidadanía para participar na toma de decisións sobre proxectos empresariais de especial transcendencia económica e social. Solicitamos tamén que este Pleno inste á Xunta de Galicia a planificar, programar e executar alternativas políticas e económicas sustentables, que garantan a preservación dos medios naturais, paisaxísticos e patrimoniais de Galicia, xeren rendas ecolóxicas e sociais que impulsen iniciativas económicas locais creadoras de emprego de calidade e que respecten a autonomía local nos aspectos que a lei comporta.

A Lei de Fomento de Iniciativas Empresariais do Partido Popular tramitada pola vía da urxencia para esquivar o período de consultas públicas previas, lonxe de ser unha lei, unha proposta legislativa para a planificación e dinamización económica do tecido empresarial e produtivo e artellar unha actividade empresarial sustentable o que supón é un grave ataque ao Patrimonio natural, ao territorio e aos dereitos de participación e consulta ambiental da cidadanía e tamén das administracións locais.

Esta Lei que contou con ducias de emendas dos grupos parlamentarios, curiosamente tamén do grupo parlamentario proponente, do Partido Popular, constitúe unha norma flexibilizadora, liberalizadora e reguladora das políticas mineiras, enerxéticas e forestais de Galicia en favor dos intereses privados, das grandes operadoras do mercado en dito sectores, isto é as consecuencias, o zeta, o teteipé imposto polo Partido Popular. Xa non precisamos que veñan tratados de libre comercio de fora a levarnos a nosa riqueza e as nosas terras, xa se encargou o Partido Popular de facilitalo; no caso da nosa cidade significaría por exemplo, que coa pretendida escusa de ser competitivos co norte de Portugal o solo industrial

abarataríase nun proceso simplificado de expropiación de terreos particulares e de creación de novos polígonos nunha cidade sen aínda ordenar o solo industrial existente. Do mesmo xeito e coa realidade dos incendios forestais que vimos de padecer na cidade de Vigo, comportaría a expansión dun modelo forestal baseado na liberalización e amparo dos monocultivos madeireiros e da biomasa que incrementa os risco de incendio e mesmo facilitaría as expropiacións expres coa escusa das necesidades da industria extractiva forestal ou de proxectos como o latente parque eólico do Galiñeiro, con diversas denuncias de colectivos de defensa ambiental ao considerar as áreas de reserva e as áreas de conservación, así como as súas franxas paralelas como áreas posibles de desenvolvemento eólico.

Especialmente grave para a Marea de Vigo é o feito de que facilita os procesos de expropiación forzosa e reduce a autonomía municipal ao facer máis sinxela a consideración de determinados proxectos industriais como estratéxicos, con menor control urbanístico, declaración de utilidade pública e de incidencia supramunicipal. Ameaza esta Lei do patrimonio cultural dos nosos montes, fai prevalecer o aproveitamento industrial fronte aos tradicionais e comunitarios, permite á corta xeneralizada onde antes precisaba permiso e suprime a necesaria autorización de Medio Ambiente para os aproveitamentos madeireiros en zonas protexidas, reducindo de facto os niveis de garantía de protección ambiental das zonas e espazos protexidos inclusive os da rede natura.

En resumo, esta lei aprobada pola Xunta de Galicia aposta por un modelo extractivo de escaso valor engadido e despreza un modelo económico social e natural sustentable, o espolio do nosos bens naturais comúns, é o espolio do noso futuro, o sacrificio de garantías ambientais e dereitos sociais é unha hipoteca para as vindeiras xeracións.

Esta tamén é unha lei que facilita as iniciativas empresariais só das grandes empresas, e non das PEMES e autónomas, xa que estas últimas non lles afecta a imposición desta lei.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que este discurso de catastrofismo de que esta lei vai arrasar con todo unha lei de implantación, implementación empresarial, é dicir, creo que cae polo seu propio peso, aí hai unha mestura de temas que nada teñen que ver coa aprobación de esta lei, eu creo que neste caso é intentar que

Galicia se pare ou que non avance porque parece que están intentando que as cousas saian mal, é dicir, é un argumentario dunha lei que nada ten que ver en moitos casos co que vostede argumentou aquí.

Dende logo o apoio por parte das Mareas en temas cruciais para o ámbito empresarial, poucos ou ningún polo que vemos ata agora, polo tanto, nós aquí temos que dicir que esta lei é debatida co período de emendas ademais logo falarei de que se aceptaron algunhas e fixéronse transaccións co Partido Socialista, esta Lei de Fomento e Implantación de medidas empresariais ten dous obxectivos claros, un é facerlle fronte aos desafíos da economía global porque isto ten que seguir medrando, non se poden contrastar unhas cousas con outras e dicindo que a empresa evolucione vai ser devastador con todo o demais porque iso non é certo, e despois aproveitar as oportunidades que se brindan nun contexto de mellora económica, por iso se fixo ademais con esa celeridade porque ademais hai pouco falábamos aquí os propios grupos da oposición pedían medidas directamente á Xunta de Galicia para evitar a deslocalización ao norte de Portugal. Unha vez que se fai esta lei, que se intentan buscar as medidas posibles e o territorio galego adaptalo para que as empresas non se vaian a Portugal e poidan elixir Galicia, nese caso agora parece que tampouco lles vale. Polo tanto, sempre ven ao Partido Popular ou á Xunta de Galicia como a xeradora de tódolos problemas pero cando trae solucións tamén sería bo que o recoñeceran porque neste caso vai evitar que moitas empresas se vaian ao norte de Portugal ou elixan Portugal para instalarse e non ao territorio galego.

Polo tanto, eu creo que neste caso esta lei ten moitos avances e moitas medidas positivas para a iniciativa empresarial en Galicia, que non hai que desprezala, vostedes sempre comeza con esa premisa, desprezar todo o que é unha iniciativa de xerar postos de traballo, de xerar empresas e facilitarlle as instalacións nesta comunidade autónoma e sobre todo nesa cidade de Vigo que hoxe nos interesa moito falar desta cidade.

Esta lei dille si ao crecemento, ao emprego, á actividade económica, o que non se vai facer e o que non se pode facer para competir con Portugal é igualar os salarios que alí hai, polo tanto, isto ten que ter outras vías, esta lei vai facilitar outras vías aos empresarios para que poidan instalarse en Galicia, e para que poidan xerar postos de traballo.

Tódalas persoas que queiran comezar un proxecto empresarial en Galicia ou nunha cidade como Vigo, porque os concellos teñen moito que dicir aquí, pois necesitan incentivos e ferramentas e esta lei o que fai é achegar eses incentivos, esas ferramentas e axudar a esa iniciativa empresarial.

Polo tanto, este documento pretende converter Galicia nun territorio que resulte atractivo, insisto, xa o dixen, para albergar e traer novos proxecto e perfectamente compatible con outras actividades, non é para nada devastadora con outros sectores como expoñían aquí ou puideren ler na exposición de motivos da súa moción.

Por que parten desa premisa da devastación do territorio? É dicir, parece que é o empresario, o proxecto empresarial ou a xeradora de traballo, é devastador con todo o demais e son sempre os malos da película e nós cremos que iso é unha falsidade total e unha invención para negar e criticar ferozmente esta lei e creo que neste caso a Marea de Vigo cree que a administración ten que ser unha fábrica onde haxa trabas sempre para esta avances e nós cremos que non, nós cremos que a maioría dos galegos/as pensan que a administración ten que ser facilitadora e garante da actividade económica, é unha ferramenta indispensable.

Polo tanto, esta lei si que vai permitir simplificar procedementos administrativos, tanto ambientais como burocráticos, liberalizar sectores para converter Galicia nunha referencia internacional, moitos sectores tamén empresariais, e sobre todo, Vigo porque esta Lei de Implantación de Medidas Empresariais se algo afecta é a Vigo pola proximidade que hai co territorio Portugués, é dicir, que se facilite aquí a proxección e implantación de empresas tamén é interesante, e logo, potenciar Galicia e solo empresarial galego con incentivos fiscais e exencións.

Polo tanto, gustaríame lembrar que me sorprende o voto en contra no Parlamento do Partido Socialista cando se aceptaron emendas, cando se fixo en colaboración coa FEGAMP que ten un presidente socialista e parece mentira que despois á hora de votar voten en contra cando queremos tamén que nesta cidade de Vigo se apoie ao Fomento e esa actividade empresarial en Vigo.

Polo tanto, hoxe neste Pleno queremos dicirlle si a Vigo, á actividade empresarial e queremos dicirlle si ao progreso de Vigo e por iso non podemos votar unha derogación que pide aquí Marea de Vigo desta lei porque é ao revés, cremos que o

ter aprobada esta lei vai facilitar o progreso, o avance e a xeración de postos de traballo e de emprego en Galicia e sobre todo en Vigo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O certo é que o Partido Popular é o Sr. Feijóo gobernando na Xunta de Galicia levan moitos anos dándolle ás costas á economía e ao emprego desta cidade, é curioso que a reacción á fuga de empresas é moitas das empresas que queren e quixeron instalarse aquí no noso territorio, no noso entorno, que a súa solución fora irse para o norte de Portugal, que fixo o Sr. Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia, fixo unha viaxe a Oporto para falar alí co Alcalde, ver como ían as empresas alí e outras quitarse da manga unha lei que certamente é sospeitosa porque é unha lei que a presenta a Xunta de Galicia pero a través do seu partido, do partido que o sustenta, do Partido Popular, para que? Para saltarse os preceptivos informes e controis que se esixe a calquera destas leis que fai o executivo, que son legalmente obrigados que inclúan os informes de legalidade, sobre a dotación económica que a aprobación da lei suporía, é dicir, que aínda enriba fan trampas, para saltarse os controis da legalidade. Pero o que vostedes fan cando o clamor é era tan grande porque vostedes que fan pola industria e a economía do país de Galicia, nada e para o sur de Galicia menos pero se sacan esta lei que é unha nova achega do departamento de publicidade e propaganda da Xunta de Galicia e do Partido Popular, eu diría máis que de publicidade, de axitación e propaganda. Ademais vostedes levan achegado nos últimos seis meses só 2,5 millóns de euros para avais e préstamos para industria e en Euskadi, escoiten ben, o Plan Industrial que presenta o goberno Vasco é de 1.000 millóns de euros, repítollo, 1.000 millóns de euros e vostedes tramitando a lei desta maneira ata escaquean o orzamento que vou a dicir agora, miren, aparte de romper o principio de transparencia, vostedes sacan unha lei sen orzamento pero que a paguen os concellos, é dicir, que os concellos se fagan cargo deses cartos de implantación de algo que non teñen competencias, eu lles pregunto, señores do Partido Popular e Sr. Feijóo, que fan vostedes cos cartos que recadan? Onde os meten? Onde van parar os cartos que vostedes recadan para estas competencias? Porque tiñan que estar aquí para estes plans industriais, para a intalación das nosas empresas e para a creación de emprego.

Nós imos votar a favor desta moción que presenta Marea de Vigo e ímola votar por isto que acabo de dicir, máis aló de que esteamos totalmente ou non de acordo co texto da moción porque cremos que é necesario, porque a nós nos consta que a dirección de moitas empresas que se foron a Portugal faloron co conselleiro, faloron coa Xunta de Galicia, fixeron tódolos intentos para quedarse aquí e non lle facilitaron o poder quedarse aquí, e agora sácanse da manga isto que é algo increíble. Para frear a marcha de empresas teñen unha ocorrencia máis, nos lle dicimos fagan un plan industrial serio, unha lei seria para que as empresas porque teñen tódalas condicións, unha man de obra especializada, temos territorio para implantalas, temos tecnoloxía, temos a Universidade, témolo todo o único que fai falla é vontade política e que destinen os cartos que vostede recadan de tódolos cidadáns galegos e dos vigueses os destinen á creación de industria e de emprego porque senón seguirán instalándose fora do noso territorio e con esta lei, e vostedes ven o saben señores do Partido Popular, pero como non poden facer outra cousas máis que defender aos de Santiago de Compostela pois non lle queda máis remedio que dicilo, pero vostedes saben moi ben que ou hai un cambio certamente ou iso seguirá a ocorrer e con esta lei non imos a paralo.

SRA. LÓPEZ BARREIRA: Señores do Partido Popular, post como este circularon dende a aprobación da lei a centos polas redes sociais, non o dicimos os tres concelleiros que estamos aquí da Marea de Vigo, senón que esta lei é un clamor de desfeita para Galicia.

A legalización do espolio señores do Partido Popular, estas medidas impostas por vostedes impoñen a legalización do espolio, a aprobación desta lei responde unicamente a posibilitar que o capital poida facerse cos bens comúns a través dunha estratexia de legalización das súas prácticas abusivas mediante a aprobación de normas feitas a súa medida, pretenden que o propio marco de convivencia social implique recoñecer as grandes empresas transaccionais como suxeito con máis dereitos moi por enriba das propias persoas ou da natureza. Este tipo de leis así pola vía da urxencia xa sabemos a que intereses responden, máis cedo que tarde saberase polo miúdo a quen beneficia, en particular a aprobación desta lei, como xa pasou noutros casos como o de Carlos del Álamo que pasou de conselleiro de Medio Ambiente na Xunta de Galicia no ano 1992, a ser conselleiro

de ENCE e a concesión de ENCE prorrogouse uns 60 anos máis, non sei porque sería, nepotismo e portas xiratorias señores do Partido Popular: O deputado o Sr. Xoaquín García Díaz, manifestaba hai só uns meses que a oposición presentaba un escenario tenebroso igual que o dixo vostede agora Sra. Egerique, tenebroso nas rías galegas e acusaba de falsear a realidade e esaxerar os problemas, xa se ve señores do Partido Popular como esaxera os problemas a oposición, aínda nos quedamos curtos despois do visto o que acaba de pasar hai tan só unha semana e as terribles consecuencias de contaminación que ese desastre vai traer sobre a ría de Vigo. A Marea de Vigo xa no mes de abril rexistrou unha moción na que se pedía que Vigo se declarase cidade libre de eucaliptos como pasou noutros concellos da contorna, pero ese sector da oposición somos uns catastrofistas, si xa o sabemos, señores do Partido Popular, pensamos que todo vai ir negro, pero ao final as cousas pasan, as consecuencias da aplicación desta lei poden ser devastadoras para o noso país e para a súa poboación, unha lei que ven sendo criticada por diferentes axentes relevantes como a ADEGA, Fruga, CIGA, etc. e mesmo por organizacións científicas de prestixio, segundo ADEGA, no sector da minería di que toda Galicia será unha mina sen apenas regulación.

E sobre a súa argumentación da urxencia a argumentación que deron para que a lei se tramitase pola vía de urxencia só fala do crecemento do PIB, do que non se pode dificultar ás empresas de tódolos sectores para que se instalen no nos país, que reclaman maiores facilidades tanto na adquisición de solo como na tramitación ou no apoio público, a legalización do espolio señores do Partido Popular, en ningún momento se fala nin se pensa na vida das persoas, na protección da natureza e todo o que xustifican son números cos números que incrementan as contas correntes desas empresas que son as súas amigas e os seus amigos, os señores amigos/as do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros

do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1632/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APERTURA INMEDIATA DO APARCADOIRO E DO ESPAZO DE APARCADOIRO NA ENTRADA DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1636/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1636/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde a apertura do Novo Hospital de Vigo, a cidadanía vén reclamando a gratuidade do aparcamento por considerar que se converte nun copago á saúde.

A insensibilidade da Xunta de Galicia foi absoluta cunha negativa permanente obrigando aos cidadáns e persoal sanitario a desembolsar importantes cantidades cando non existe outra alternativa para poder aparcar. Esta petición de gratuidade foi aprobada no Pleno do Concello de Vigo.

Ante a negativa da Xunta, como sempre, o Alcalde de Vigo adoptou a decisión de construír un parking en terreos municipais próximos ao Novo Hospital de Vigo para facilitar aparcamento gratuíto aos vigueses.

No colmo da desfachatez, a Xunta de Galicia oponse a este aparcamento e o Grupo do PP leva unha moción ao Parlamento de Galicia pedindo que se estenda a gratuidade do aparcamento a todos os cidadáns.

O máis grave é que o Partido Popular de Galicia rexeitou as emendas do PSdG-PSOE e BNG pedindo a gratuidade do aparcamento do Novo Hospital de Vigo. Unha vez máis, o Partido Popular pedindo que esta cidade pague absolutamente todo e desde o Goberno da Xunta negando algo tan fundamental para os cidadáns como é a gratuidade dun aparcamento nun Hospital. E nesta ocasión, co apoio de Mareas.

Por todo isto, agora máis que nunca o Pleno deste Concello debe acordar novamente a petición dos cidadáns de Vigo a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, propónse o seguinte

ACORDO:

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia á apertura inmediata, en condicións de gratuidade, para todos os cidadáns do parking do Novo Hospital de Vigo. Ademais, do espazo de aparcamento na entrada do Hospital.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Si fixéramos unha recompilación dos temos que tratamos neste Pleno seguro que o novo Hospital de Vigo e a demanda de aparcadoiro gratuíto sería unha dos máis tratados, pero imos seguir nel, vamos a reiteralo porque ademais estou convencido de que ímolo conseguir, de que chegará un día en que esta cidade consiga que o aparcadoiro que pagamos tódolos cidadáns nun hospital privado, sexa para aqueles que o están a pagar aínda que sexa directamente a un empresa. Estamos ante unha decisión da Xunta de Galicia do Partido Popular, decisión de que Vigo, só Vigo, en Galicia tivese un hospital privado, a diferenza de toda Galicia onde non hai ningún hospital privado e evidentemente nese hospital privado o gran negocio, como dixemos en moitas ocasións, aquí son os aparcadoiros privados e segue sendo un aparcadoiro privado moi caro, ao que se

ven obrigados os cidadáns que atenden a consultas e a hospitalizacións a utilizar, porque non hai ningunha outra opción, en tódolos hospitais hai opción a aparcadoiro diferente a que en caso de que haxa un aparcadoiro privado, aquí non, aquí non hai ningunha opción por moito que se ría a Sra. Muñoz artífice intelectual de que teñamos un aparcadoiro e un hospital privado, porque sigo reclamando que me traia vostede aquel informe.

A diferenza co anterior hospital é moi clara, había opcións de aparcadoiros e polo tanto este aparcadoiro converteuse nunha taxa de copago á saúde, pedimos aquí reiteradamente e así foi aprobado que se abrise ese aparcadoiro gratuíto para cidadáns e para traballadores do novo hospital de Vigo e a insensibilidade da Xunta de Galicia nese senso foi tremenda, evidentemente ao final só o goberno municipal de Vigo e o seu Alcalde, son os que poñen medidas para desfacer os entortos e para desfacer as marxinacións ás que se somete a esta cidade, medidas en función de conseguir un aparcadoiro gratuíto para os vigueses que está a punto de finalizar, medidas en canto a transporte público e polo tanto, medidas de todo tipo para desfacer, insisto, esa marxinación á que se somete aos cidadáns de Vigo.

E traemos esta moción para reiterar porque ante sorpresa de que agora o Partido Popular utiliza a vía parlamentaria de Galicia para facer oposición municipal a este goberno e ao seu Alcalde, é absolutamente indignante que aproveitándose da súa maioría absoluta, aínda que se sega rindo a Sra. Muñoz. O que é evidente é que se utiliza unha maioría absoluta no Parlamento de Galicia para facer oposición municipal aquí, seguro Sra. Muñoz que é porque vostede non a sabe facer, pero utilizar o Parlamento de Galicia para presentar unha proposición non de lei, na que se queira dar clases e dirixir aos demais e non facer o mesmo un, é certamente indignante porque como é posible que o Partido Popular, que o goberno da Xunta de Galicia en sede parlamentaria rexeite que ese aparcadoiro que se demanda deba de ser gratuíto, pero como é posible que aínda esteamos chegando á rotonda e vexamos na parte esquerda dúas parcelas que só con que alguén tirase esa valla que impide o acceso, se convertería nun aparcadoiro gratuíto.

Polo tanto, aquí o que reivindicamos é o que reivindicamos ata o momento, o que nos merecemos os vigueses, ao que temos dereito e é a que ese aparcadoiro sexa gratuíto e se abran esas dúas parcelas para o aparcadoiro, xa está ben de dar leccións aos demais, de dicirlle aos demais o que teñen que facer e non predicar

un, precisamente, coas súas actuacións. E como dicía ao comezo chegará o día en que consigamos o aparcadoiro gratuíto.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estando de acordo co acordo que propón esta moción non deixamos de sorprendernos nalgunhas cuestións que se poñen na exposición de motivos, claro que queremos o aparcadoiro gratuíto, pero dentro do aparcadoiro gratuíto ten que haber outro modelo hospitalario porque como todo mundo sabe e forma parte dos paraservizos sanitarios que a concesionaria imputa á hora de establecer o canón de pago do hospital, polo tanto, para o Partido Popular dunha maneira populista sería moi fácil poñer gratuíto ese aparcadoiro, e pagar en diferido a través dos orzamentos da Xunta de Galicia, cousa que para min é esencialmente o mesmo, que o pague eu como cidadán ou que o pague a administración pública, lembro que ese modelo hospitalario empeza xa a correr neste 2018 cun pago brutal polas obras do hospital Álvaro Cunqueiro que consigna o Partido Popular neste Orzamento do ano que ven.

Eu quero lembrar o que dixó aquí, non este grupo municipal que non estaba, eu quero lembrar o que dixó unha concelleira a Sra. Veloso, do Bloque Nacionalista Galego, que fixo un bo traballo neste Concello que dixó precisamente que o acordo orzamentario do Partido Popular e o Partido Socialista para quitar adiante as acometidas e o hospital Álvaro Cunqueiro, ía ser literalmente unha condena para os vigueses/as. O Partido Socialista tivo a oportunidade impedindo as acometidas eléctricas e parando o hospital, se sabía que era o modelo hospitalario e se sabía naquela altura que o aparcadoiro era privado, se sabía que os servizos que ían dentro da concesión incluídos os servizos que non eran hospitalarios, eran privados, polo tanto, naquela altura cando vostedes se puxeron de acordo para destinar 1 millón de euros para a acometida eléctrica, saneamento eléctrico e permitilo, poderían ter premendo ao Partido Popular dicíndolle, como se fixo en Toledo “non imos permitir, ou o hospital é 100% público ou o Concello de Vigo non colabora” e o que foi o Parlamento de Galicia o outro día, vostede di que con apoio de Marea, rotundamente falso, Marea abstívose precisamente porque a moción que levaba o Partido Popular ao Parlamento de Galicia non falaba desta cuestión, falaba da urbanización total, do contorno, de como se vai acometer a urbanización total do contorno e digo eu que o Concello de Vigo terá algunha cousa que facer, entre

outras cousas porque hai camiños que son titularidade do Concello de Vigo, hai fincas que son titularidade do Concello de Vigo e a urbanización da contorna do hospital eu creo que ten que ser acordada entre a Xunta de Galicia no que lle toque e o Concello de Vigo no que lle toque, pero que tamén foi este grupo municipal o que levou unha moción ao Pleno pedindo un aparcadoiro gratuíto, vostede subscribiron a posteriori, non a nosa moción, como se di agora en política, en diferido decidiron vostedes dicir que si que ía facer un aparcadoiro e consignar en medio millón de euros, terán que poñerse de acordo tamén coa Xunta de Galicia nese aparcadoiro gratuíto, porque ese aparcadoiro gratuíto si que non ten a dobre vía, que sería o aparcadoiro gratuíto dentro da concesionaria privada que efectivamente imos pagar pola vía dos orzamentos, o cal nós estamos preocupados porque se pense que non o pague un cidadán da nosa cidade significa que non o paga en diferido a través dos orzamentos.

Polo tanto, si estamos de acordo en rescatar a concesión, presentamos unha iniciativa no seu día, o deputado o Sr. Beiras para o rescate económico, para quitarnos esa condena que moi ben dicía a concelleira a Sra. Veloso no ano 2014, para quitarnos esa condena porque o único que podemos facer pedindo gratuidade de servizos son parches e o lóxico sería que se rescatara de maneira executiva a concesión e volver a ter un hospital 100% público, nos estamos de acordo, imos apoiar esta moción pero tamén lle imos pedir ao Concello de Vigo como asume en moitas ocasións cando a administración autonómica non responde, vostedes actúan, actuaron en teleasistencia no seu día cando a Deputación decidiu que non ía levar adiante ese servizo, actúan en bolsas de inglés, actúan en axudas sociais para as que vostedes non recadan, que sexa responsabilidade autonómica, pois a nós tamén nos parece que se pode actuar, quitar adiante ese aparcadoiro gratuíto e deixar as vergoñas do Partido Popular dese modelo hospitalario en cerne. Se vostedes o que queren é estar pelexando porque isto é algo interesante para estar como en Cíes que poden estar 4 ou 5 anos discutindo, pois fágano, pero a nós nos parece que o Concello de Vigo ía na boa senda de facelo nós, fagámolo nós, o que non fai a administración autonómica e esperemos a que poida haber un cambio de goberno que rescate a concesión e evite que hoxe en día cando imputa a factura concesionaria privada, unha das cousas que poñen é o aparcadoiro porque ademais vostedes, este Concello, é especialista en pagar a concesionarias de aparcadoiros

cando as concesionarias non son rendibles, temos Rosalía de Castro, temos un motón de aparcadoiros onde tódalas forzas políticas que se foron alternando que son bastante duchas á hora de pagarlle ás concesionarias de aparcadoiros aínda que logo non sexan rendibles as prazas de rotación, ou as prazas fixas. Polo tanto, a nós parécenos ben, pidámolo, pero fagamos algo proactivamente porque xa sabemos cal é o resultado mentres haxa este modelo hospitalario enriba da mesa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vese que andan escasos de ideas e que a xestión sanitaria do Partido Popular é boa, e moi boa, que o estamos a facer moi ben porque vir aquí a falar do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro é xa o que nos faltaba por oír, a xestión sanitaria do Partido Popular é para sentirse orgullo e eu síntome orgullo de ser do Partido Popular e de ter un conselleiro de Sanidade que está poñendo á sanidade de Vigo no lugar que se merece, no lugar que corresponde.

Sr. Aneiros tamén me sinto moi orgulloso de representar a Vigo no Senado de España porque son o único senador de Vigo e de poder estar o venres defendendo en Madrid a unidade de España, síntome moi orgullo Sr. Aneiros.

O tempo ao final pon a cada un no seu sitio Sr. Font e todo o mundo pode comprobar que despois de dous anos de mentiras sobre o hospital, porque vostedes dixeron alí de todo, dixeron en principio que era privado, que había que pagar coa tarxeta Visa, que había que pagar polos servizos sanitarios, iso é unha gran mentira, dixeron que se estaba paralizado, que era pequeno, que si non tiña non sei cantas camas, non sei se lle parece pequeno pero a todo o mundo lle parece grande ao mellor a vostede o de grande e pequeno quedóuselle un pouco esquecido, que si non tiña laboratorio, despois co laboratorio que si cobraba pola auga, por sentarse no sofá do acompañante, todo mentira, todo zancadas para que Vigo non tivera o hospital que se merece pero agora como están torpes, eu os vexo torpes, prexudicados, o Alcalde, fillo adoptivo da cidade da A Coruña, está torpe e lle manda a vostede que presente aquí unha moción para atacar á sanidade pública, eu sei que el non cre na sanidade pública, por iso vou ser eu e o Partido Popular quen defenda a sanidade pública, aos que temos esta tarxeta do Sergas, porque temos en Vigo o mellor hospital de Galicia, dito polos profesionais non por ninguén que non saiba disto.

Temos en Vigo o hospital que fai máis cirurxías laparoscópicas para extraer a próstata dos pacientes con cancro, temos en Vigo o único quirófano híbrido de Galicia, dos máis modernos de España, somos o primeiro centro galego en cirurxía fetal, temos máis de 60 postos para tratamento de quimioterapia no hospital de día, hoxe mesmo se está a presentar os resultados de investigación do grupo de biopsia líquida para os cancros de pulmón en Vigo, debería de estar vostede orgulloso do que temos en Vigo, un sistema de resonancia magnética en combinación con tac, novos aparatos de radioterapia de última xeración, unha nova unidade de ictus con quirófano propio, establecemento de vías rápidas de atención de cancro de pulmón, impórtalles o aparcadoiro porque vostedes non van a sanidade pública, van a privada, pois falemos do aparcadoiro que hai un aparcadoiro gratuíto de 150 prazas gratuíto, hai 750 prazas para o persoal gratuíto, o aparcadoiro do Cunqueiro é o máis barato de Vigo e de Galicia porque para vir ao Concello de Vigo hai que pagar aparcadoiro, para ir tódolos centros de saúde de Vigo hai que pagar aparcadoiro, pero o do Álvaro Cunqueiro media hora é gratis, e o seguinte tramo é a un euro á hora, cun máximo de 8 euros ao día, con bonos mensuais que sae a dous euros ao día, quizais o Alcalde debería preocuparse das tarifas dos aparcadoiros da cidade e de tamén quitar por fin, que levamos máis de dous anos esperando, o de Praza de Portugal e o da Porta do Sol, ou é que hai intereses ocultos en que os outros aparcadoiros estean cheos e hai un interese en que non se abran estes aparcadoiros que estaban feitos e funcionando? Debería preocuparse polos leiraparks do Meixoeiro, por poñer abastecementos, saneamento, beirarrúas, luces, no entorno do Xeral e non só un radar ao carón do Álvaro Cunqueiro que é o que lles interesa, levamos moito tempo pedindo que se humanice a zona, que é competencia municipal, artigo 25 de Lei de Bases, mire, a Xunta de Galicia en época de crise fixo o hospital máis grande de Galicia e vostede con 151 millóns de euros no banco son incapaces de facer un aparcadoiro.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, cando queira falar de intereses ocultos organice unha conferencia de tódolos militantes do Partido Popular que ten na cárcere cando lles dean un permiso penitenciario e nos fala de intereses ocultos cando queira e cando saia a sentenza na que se comproba o financiamento ilegal do Partido Popular, cando queira falemos.

Sr. Pérez, se alguén defendeu modelo sanitario público fomos os socialistas, nós non pedimos o que se pague oculto o aparcadoiro que deben gozar os cidadáns e outra inexactitude é que este goberno nunca destinou unha partida orzamentaria directamente ao hospital de Vigo, nunca, atendeu a aquela parroquia como ao resto das parroquias pero Sr. Fidalgo, sabe do que estou eu orgulloso? De que o goberno do Sr. Felipe González trouxo a sanidade pública a este país, iso é do que estou orgulloso, de que a sanidade a tarxeta que ten vostede e que acaba de ensinar, esa tarxeta débella vostede a un goberno socialista do ano 1982, vostede estará moi orgulloso de que nesta cidade haxa un hospital privado, pero eu non estou nada orgulloso e estou en contra de que a sanidade sexa privada e vostedes converteron o que era un proxecto con todo o que dixó que ten de servizos hoxe o hospital e moito máis que era un proxecto de goberno do Sr. Touriño, converteu ese proxecto en 300 millóns de custe público en máis de 1.000 millóns, imaxínome que vostede estará moi orgulloso diso, evidentemente ten que estalo porque ten diante á persoa que se encargou de facer o informe que permitiu isto, fala que de houbo críticas ao hospital? Sentouse neste Pleno aos responsables do laboratorio dicindo que coa política de servizo de laboratorio que tiñan vostedes, estábamos en risco de morte cando ingresábase no hospital, dixérono eles, non o dixemos nós. Está moi claro que queremos unha sanidade pública e os socialistas traballamos por iso e nos preocupa o aparcadoiro como nos preocupa todo o demais e vostedes para desviar a atención de algo que deben dar ao pobo de Vigo e aos cidadáns que van a consultas e a hospitalización, escaquean no bulto falando doutras cuestións, pedímolos aquí e seguirémolos pedindo ata que o consigan, porque ese hospital lamentablemente privado o estamos a pagar os cidadáns.

PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1636/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(169).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA A APERTURA DUNHA MESA DE TRABALLO QUE PERMITA ACORDAR UN PACTO DE ESTADO EN MATERIA DE POLÍTICA FORESTAL E DE EMERXENCIAS. REXISTRO PLENO 1637/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1637/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado domingo 15 de outubro a cidade de Vigo sufriu unha situación inédita na súa historia. Unha acumulación de incendios en distintas partes da cidade tivo uns efectos devastadores con danos medioambientais nos nosos montes que custará moito tempo devolver á súa situación anterior e con moitos danos materiais en vivendas e leiras particulares e hai que lamentar un falecemento.

Só a actuación dos Bombeiros de Vigo, da Policía Local, Protección Civil, Policía Nacional e Guarda Civil e da acción de miles e miles de vigueses que se lanzaron ás rúas e aos montes. nun traballo impresionante nunhas condicións moi difíciles, e a coordinación con Policía Local de Vigo e Protección Civil conseguiron salvar a esta

cidade do que puidese constituír unha auténtica catástrofe en perda de vidas humanas e danos materiais.

Xa está ben de escusas, de análises simplistas, de debates políticos partidarios.

É hora de pasar á acción decididamente para que isto non se volva a repetir.

É necesario analizar rigorosamente a situación actual, e as medidas que se viñeron adoptando desde as Administracións responsables da política forestal.

Débense establecer medidas concretas, protocolos eficaces e establecer os orzamentos necesarios. De forma inmediata.

Por todo o exposto, propónse o seguinte

ACORDO:

- Instar ao goberno de España e á Xunta de Galicia a abrir unha Mesa de Traballo, con todas as formacións políticas e representación das Administracións Locais que permita acordar un Pacto de Estado en materia de política forestal e de emerxencias.”

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, presenta a seguinte emenda de engádeda:

-Instar ao goberno de España e á Xunta de Galicia a abrir unha Mesa de Traballo, con todas as formacións políticas e representación das Administracións Locais que permita acordar un Pacto de Estado en materia de política forestal e de emerxencias. Nesa Mesa de traballo participarán tamén, en igualdade de condicións que o resto de compoñentes, os sindicatos e organizacións ecoloxitas presentes no ámbito correspondente.

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación dita emenda.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción evidentemente polos feitos que pasaron o pasado domingo 15 de outubro, na noite, luns 16 e aínda algún rescoldo máis o

martes día 17, é verdade que foi unha situación absolutamente inédita na historia desta cidade, e é certo que os efectos que tivo sobre todo no noso ecosistema medio ambiental certamente foron desbastadores como así din as comunidades de montes e como podemos velo.

A situación que se produciu na cidade e en todo o seu entorno evidentemente só puido ser resolta por unha acción política de dirección eficaz e inmediata, e polo traballo, eu aquí quero recoñecelo, de tódolos corpos e forzas de seguridade do Estado, evidentemente con Policía Local, Bombeiros e Protección Civil que fixeron un traballo excelente, traballo que no caso de bombeiros tal e como ía actuando nun incendio determinado e ía solucionando o principal que era atender as persoas e que non correra risco a súa vida, se ía detendo o fogo e se ía desprazando a outros, pero evidentemente o que pasou nos debe de levar a unha reflexión, primeiro nos temos que deixar de escusas porque cando ocorren estas cuestións se tratan de buscar escusas, tamén nos temos que deixar de análises simplistas porque para algúns isto simplemente é unha trama terrorista contra Galicia cando realmente dende instancias xudiciais non se conclúe que esa sexa a conclusión.

Tamén debemos de deixarnos de debates políticos partidarios e de buscar xustificacións ao xa ocorrido, nós dicimos que se pase á acción de inmediato, que hai que analizar cal era a nosa política forestal e cal eran as actuacións que se estaban levando, temos que programar esa política forestal de atención á cantidade inmensa de masa forestal que temos en Galicia e que temos evidentemente no entorno de Vigo, pero tamén debemos buscar alternativas con implicación das administracións, eu xa sei que cando chega un tema como este ao final acabamos discutindo de competencias e é certo que a min me sorprende este debate que ao final conclúe aí porque na constitución está moi claro a quen corresponden as competencias en materia de política forestal que é ao goberno do Estado e ás comunidades autónomas, pero todo isto que debemos facer, cremos que ten que ter unha implicación presupostaria, unha implicación realmente de compromiso das administracións porque debémolo dicir, dino os Alcaldes que o sufriron, dino tódolos que aquela noite puidemos contemplar en primeira persoa o que estaba a pasar, aquí houbo fallos e foron certamente clamorosos, fallaron as políticas de prevención, non cabe ningunha dúbida, a limpeza de montes non foi a correcta como para que nunha situación extrema se producira o que se produciu o

domingo e o luns. Non houbo unha política de persoal adecuada nos efectivos de extinción de incendios e disto tamén temos que aprender, faltou ata agora esta implicación e estes investimentos que dicía anteriormente porque hai que buscar tanto a colaboración das institucións pero tamén da comunidade científica, polo tanto, nós en positivo propoñemos aquí un pacto de estado, unha estratexia nacional tanto a nivel do Estado español como a nivel de Galicia que dea resposta cumprida a cal é a situación do bosque, á que nos podemos enfrontar ante unha eventualidade deste tipo e que dende logo teña en conta cuestións que por exemplo a Xunta de Galicia na súa política de efectivos forestais non tivo ata agora e é que a seca e o cambio climático viñeron para quedarse, son unha realidade a que temos que atender, a política forestal e a política de atención non pode ser estritamente de 15 de xuño a 15 de setembro porque un mes máis tarde, o 15 de outubro, se produciu a situación que todos coñecemos e que dende logo por este pacto de estado temos que evitar que se volva a producir.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Dende logo que xa están ben de escusas, fartas deberíamos estar de escoitar falar de tramas incendiarias, de lumes de Portugal e de asuntos similares, a única trama incendiaria que hai son os modelos de xestión, da falla de control e de falla de aplicación da lexislación, que aparezan lumes con moitos focos débese a moitas circunstancias, características meteorolóxicas, especies pirófitas mal xestionadas, e unha seca enorme favorecen a aparición de pavesas que favorecen a multiplicidade de focos de lume, que si que hai pirómanos, que si que hai xente con intereses, iso seguro, agora o de falar de tramas, falar de organizacións é unha forma de botar balóns fora e non asumir responsabilidades, é unha auténtica vergoña o sucedido, por sorte a choiva salvou a situación, se en vez de durar apenas 24 horas tivera unha semana ou dúas de incendios como foi no 2006, poderíamos estar falando dunha traxedia de magnitudes incalculables.

O fiscal delegado de Medio Ambiente en Galicia, o Sr. Álvaro García, descartou xa a existencia dunha trama organizada para provocar incendios, e as primeira investigacións non detectan ningunha conexión entre os distintos lumes, e aínda así non se preocupen que a Xunta de Galicia seguirá co seu argumento de terrorismo incendiario, dándolle a máxima difusión posible a casos que rozan o

absurdo como son Miguel veciño da Liña e traballador en Vigo e unha anciá de 73 anos en Mos, a esta dúas detencións súmase a practicada por incendios declarados durante verán un dous meses antes de esta vaga, e neste caso o detido do concello ourensá de Lobios se lle atribúen seis incendios que suman unhas sete hectáreas, incendios intencionados neste caso concreto e que por suposto deben ser tratados co máximo rigor.

Máis volvamos ao caso de Miguel, provoca por imprudencia manifesta un incendio no que ardeu toda a súa leira, corre a pedir axuda, chaman aos bombeiros que conseguiron controlar o incendio en pouco tempo e antes de marchar de volta a Vigo pasa polo cuartel da Garda Civil deixa alí o seu carne facéndose responsable e o seguinte é prisión incomunicada de mércores a sábado, este incendio imprudente queimou una hectárea. Este mesmo sábado unha quincena de grupos de ecoloxistas, entre eles ADEGA, Verdegaiia, Emel e tamén a ducia de entidades que conformar a Federación Ecoloxista Galega difundiron un comunicado de apoio ao detido, onde expresaban, “agardamos que en xustiza non se converta a Miguel nun chivo expiatorio desta catástrofe ecolóxica para desviar a atención e así eximir da súas responsabilidades a quen ten as competencias sobre as políticas forestais, agrarias e de xestión do territorio”.

A muller, veciña de Mos, admitiu que maila as condicións meteorolóxicas do domingo día 15, decidiu iniciar unha queima de rastrollos que lle escapou, o lume descontrolouse e acabaron ardendo dúas hectáreas na parroquia mosense de Petelos.

As dúas detencións coñecidas ata o momento por incendios da última vaga de lume, xa vemos que a primeira non ten relación co acontecido o pasado domingo, non só non encaixa no fenómeno de terrorismo incendiario que o goberno galego defende como única tese para os incendios forestais do país.

A escasa superficie arrasada por estas presuntas negligencias da lugar ao paradoxo de que nin o incendio dos Brancos nin o de Mos, fose incluídos no partes de información pública sobre o lume que difunde a consellería de Medio Rural, a Xunta de Galicia non informa dos focos menores a 20 hectáreas senón atinxen as espazos protexidos ou non se achegan a zonas habitadas.

En resumo, ponse o foco sobre dúas persoas que en total queimaron tres hectáreas por negligencias cando a falla de datos definitivos o lume arraxou 35.500

hectáreas. Ante esta situación a prevención é fundamental, por iso a política forestal da Xunta de Galicia, as dificultades para ceder as liñas de axuda por parte das comunidades de montes, a descoordinación do 112 e a privatización dos medios de extinción e prevención son intolerables, é imprescindible darlle unha volta a esta situación e dende logo a mesa de traballo que se propón neste acordo non só é necesaria, senón imprescindible.

Os representantes dos bombeiros, as brigadas, as asociacións que loitan polo nosos montes deben estar xa cansas de dicilo, hai que loitar contra o lume, no inverno para que non teñamos desgracias no verán, que por certo como xa comentaba o concelleiro o cambio climático fará que a situación de secas sexan cada vez máis duras.

En resumo, estamos de acordo co contido desta moción e a través da nosa emenda solicitamos que nesa mesa non estean só presentes formación políticas e representantes das administracións locais senón tamén os sindicatos e as organizacións ecoloxistas presentes no ámbito correspondente.

Efectivamente, tódalas administracións teñen que implicarse neste tema e no próximo Pleno deberíamos tamén falar doutras administracións como o Concello de Vigo, do Plan de Emerxencias Municipal de Vigo que non se activou a noite dos incendios e polo que podemos ler hoxe nos xornais non se activou nunca dende a súa creación, pero diso teremos tempo de abondo no próximo Pleno de falalo con máis detalle.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Os pasados 15 e 16 de outubro, sen dúbida, vivimos en Vigo un dos días máis terribles de toda a nosa historia, un dos momentos máis críticos onde vimos a nosa cidade autenticamente pasto das chamazas en moitos puntos da cidade, foi a actuación sen dúbida decidida e valente dos Bombeiros desta cidade, de Protección Civil, da Policía Local de Vigo, da Garda Civil e da Policía Nacional á que se sumaron miles e miles de vigueses, os que sen dúbida conseguiron que os efectos que xa foron devastadores non houberan sido moito peores. Consecuencias dramáticas de auténtica catástrofe nesta cidade, auténtica catástrofe e nesa situación e ante ese auténtico ataque terrorista sorprende unha vez máis, bo xa non sorprende a ninguén que Marea de Vigo, os representantes de Podemos neste Concello, unha vez máis pareza que na súa intervención xustifican

aos incumpren a lei e non aos que fan respectar a lei, pero xa estamos acostumados a que sempre fan o mesmo.

Pero vivimos momentos difíciles cunhas consecuencias que pagaremos nós, os nosos fillos e os nosos netos para esta cidade, terrible e aquí estamos a falar de Vigo e queremos saber que é o que pasou en Vigo e aínda a día de hoxe non sabemos o que pasou en Vigo, nós pedimos un Pleno extraordinario para falar exactamente de por que ardeu Vigo, como se organizaron as brigadas anteincendios, como se organizou o operativo e a avaliación de danos e dez días despois non temos nada de nada, iso si temos neste Pleno en vez de dar conta, unha moción na que se di que hai que facer un pacto de estado entre o goberno de España e a Xunta de Galicia, xa coñecemos esa película señores do goberno municipal, xa sabemos que son vostedes expertos en votar balóns fora e facer que os vigueses miren a outras administracións en vez de facer un pouco de análise do que fixo do goberno responsable e competente para a extinción dos incendios en Vigo, que é este goberno municipal e hoxe sorprendidos na prensa comezamos a entender porque aínda non temos un Pleno extraordinario e por que non temos esta explicación, esta noticia grave que aparece na prensa no día de hoxe que a min me gustaría que aproveitara xa que o Alcalde de Vigo está ausente como sempre nun tema tan importante para esta cidade, que nos dixera o Sr. Font se é verdade o que di esta noticia, o Alcalde de Vigo activou o Plan de Emerxencias Municipal? O Alcalde de Vigo activou o Plan de Emerxencias mentres Vigo estíbese queimando? Esa é unha dúbida que espero que non tarde nin 30 segundos na súa intervención o Sr. Font, en contestarnos porque nos parece grave se non se activou, paréceme absolutamente intolerables se non se activou, había un posto de mando único para coordinar as actuacións de todo o operativo? Había ou non había? Había un Plan de Emerxencias activo para evitar que Vigo se queimara? En Vigo a competencia municipal, iso é do que queremos falar, os pactos de estado xa os deixaremos para máis tarde, agora os vigueses queremos saber o que se fixo en Vigo para evitar esta catástrofe e a avaliación dos danos que se tivo en Vigo e a día de hoxe señores do goberno municipal non sabemos nada e non nos veñan a falar de utilizacións políticas, este grupo municipal estivo calado durante unha semana, foi razoable, pediu explicacións a vostedes que son os competentes, o goberno da Xunta de Galicia compareceu no Parlamento de Galicia e vostedes non dixeron

absolutamente nada, e se queren falar de utilización política miren esta bonita foto que se fixeron co Sr. Sánchez que veu aquí a facer política rastrera coa desgracia da cidade de Vigo, que deberían avergoñarse de ter aparecido nesta foto co Sr. Sánchez que está na oposición, esa oposición que vostedes queren silenciar e que din que non teñen ningún dereito, parece que si esa oposición do Partido Socialista si ten dereitos e si é do Partido Popular non o é, iso é o que vostedes fixeron, e insisto, grave o que aparece hoxe nos medios de comunicación que quero que nolo clarexe inmediatamente, que Plan de Emerxencias Municipal activou o Sr. Alcalde de Vigo? Que actuacións concretas se fixeron? Presentamos unha emenda porque cremos que hai que engadir a ese pacto de Estado, que se convoque un Pleno extraordinario para dar conta clara como lles gusta a vostedes dicir de que é o que fixeron vostedes porque os veciños de Vigo teñen unha matrícula de honor, vostedes aínda non sabemos moi ben que é o que fixeron.

SR. LÓPEZ FONT: Xa a vía vir, cando comezou a falar de catástrofe e demais xa sabia que aos escasos segundos ía facer política de partido pero parece mentira que nesa situación vostedes describe, que nesa situación tan de alerta que nesa situación tan preocupante para os vigueses e xa lle contestarei ao que dixeron vostedes cando tratemos a súa moción.

Sabe cal é o plan de actuación dese día, en 16 horas resolto no termo municipal de Vigo, dirixido por quen debería dirixir, coordinando a quen había que coordinar, desprazándose dun sitio a outro onde realmente estaba o fogo mentres outros estaban en Nigrán, esa foi a actuación. A actuación foi esa Sra. Muñoz, pero como me pode falar de política rastreira, política rastreira é a visita do Sr. Rajoy á Pazos de Borbén? Política rastreira é a visita do Sr. Feijóo ao termo municipal de Vigo? É esa política rastreira. Mire, parece mentira que nunha situación como a que estamos propoñendo aquí un pacto de Estado, vostedes fuxan da súa responsabilidade que lle corresponde como goberno central e como goberno autonómico, claro que si Sra. Muñoz, claro que temos que sinalizar a quen corresponde porque a utilización do solo, da masa forestal e os seus usos corresponde á Xunta de Galicia e corresponde ao goberno do Estado, pero xa vexo que vostede veu aquí a falar de incendios para facer política de partido, para colocar todo na catástrofe, vostede si que debería estar orgullosa que o que

comezou nunha actuación do Alcalde ás dúas da tarde, concluíu as seis da mañá, en dezaseis ou dezasete horas, as que sexan, iso é do que debíamos de estar orgullosos os vigueses, pero xa vexo que vostedes están noutra liña, nos propoñemos un pacto de Estado para solucionar o que estivo mal, para tomar as medidas que se deben resolver e mire Sra. Muñoz, vostede como se atreve a falar de fotos, de política rastreira se foi unha pena que eu non lle trouxera a foto do Sr. Feijóo no ano 2006, coa manguera aquela e cos zapatos de tafilete, pero como se lle ocorre falar desas fotos, é absolutamente increíble.

Sra. Muñoz, non sei o que van votar, nós por responsabilidade propoñemos un pacto de Estado nas administracións que lle corresponden, vostedes coa utilización das desgracias humanas de vostedes.

Nós a emenda que propón Marea de Vigo estamos dispostos a aceptala pero vemos moitas dificultades ao redactar organizacións ecoloxista, habería que engadir as máis representativas, que iso vai ser moi difícil establecer.

PRESIDENCIA: Facemos a emenda “in voce” co que está a solicitar. Votamos primeiro a emenda.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nos tamén presentamos unha emenda para engadir un segundo punto instando ao Alcalde a que convoque un Pleno extraordinario para falar de Vigo, do que pasou en Vigo e do que se fixo en Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Non se acepta, os Plenos extraordinarios como ben sabe pídense doutra maneira.

PRESIDENCIA: Imos ditaminar a emenda do grupo de Marea de Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Nesta ocasión non estamos nin minimamente preocupados pola votación de emendas porque xa se expresou a vontade de aceptar, pero certamente por exemplo, na Deputación de Pontevedra cando se deu este caso sendo o regulamento exacto tanto no Concello de Vigo como na Deputación de Pontevedra respecto ás emendas, a Presidenta nese momento con bo criterio e con certa flexibilidade decidiu que non se votasen as emendas, que nos parece

realmente o máis razoable, non sei se é posible facelo así, dígoo porque aínda nesta ocasión non estamos preocupados podería dar lugar a situacións un pouco estrañas que se voten as emendas.

PRESIDENCIA: Consultado ao secretario que é a parte legal que dirixe este Pleno dinos que temos que ditaminar a emenda e imos proceder a ditaminala.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN DA EMENDA: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, acórdase aceptar dita emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1636/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, coa emenda de engádeda presentada polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, quedando o acordo do seguinte xeito:

.- Instar ao goberno de España e á Xunta de Galicia a abrir unha Mesa de Traballo, con todas as formacións políticas e representación das Administracións Locais que permita acordar un Pacto de Estado en materia de política forestal e de emerxencias. Nesa Mesa de traballo participarán tamén, en igualdade de condicións que o resto de compoñentes, os sindicatos e organizacións ecoloxistas presentes no ámbito correspondente.

10(170).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR MEDIDAS PRECISAS PARA TRANSFERIR, DELEGAR OU COOPERAR CON CONCELLO DE VIGO A XESTIÓN E COMPETENCIAS SOBRE AS ILLAS CÍES. REXISTRO PLENO 1638/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1638/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As Illas Cíes constitúen un icono de Vigo. A súa importancia ecolóxica, medioambiental, económica e social resulta obvia para todos e todas as cidadáns de Vigo e para moitos dos nosos visitantes.

Por este motivo, feitos como os acontecidos o pasado verán de clara superación do número máximo de visitantes/día ante a pasividade das administracións responsables, pon en risco a preservación de este espazo natural e deteriora a imaxe deste símbolo da cidade. Mais aínda cando as propias navieiras afirman que esta situación non é puntual senón que se leva repetindo durante anos.

Esta situación e a ausencia do Plan Rector de Uso e Xestión pon en risco os obxectivos na declaración de parque natural

a) Protexer a integridade dos ecosistemas.

b) Asegurar-la conservación e recuperación, no seu caso, dos hábitats e as especies, así como a preservación da diversidade xenética.

c) Asegurar-la protección, recuperación , fomento e difusión dos valores ambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes.

d) Promover e apoiar no interior do parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio natural.

e) Acercar ó patrimonio común unha mostra representativa do ecosistema litoral da ría, incorporando as Illas Cíes os programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

A Xunta de Galicia ten dende 2008 traspasadas as competencias en materia de conservación da natureza do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Sen embargo, pese os 9 anos transcorridos poucos avances se teñen producido na preservación das Illas Cíes. Este feito, unido a necesidade de reforzar a conservación de este privilexiado espazo natural para poder conquistar a declaración de patrimonio natural da humanidade, levou o concello de Vigo a promover a constitución dun equipo de 30 expertos das universidades galegas e organismo especializados. O obxectivo é avaliar con rigor os aspectos científicos, económico-sociais e técnico que permitirán orientar e asesorar a candidatura das Illas Cíes a patrimonio natural da humanidade.

Ante a incompetencia da Xunta de Galicia para garantir a conservación das Illas Cíes e a falta de iniciativas e plans que as preserven e permitan abordar con rigor a candidatura das Illas Cíes como patrimonio natural da humanidade para garantir a súa conservación e preservación para as futuras xeracións,

Por todo o exposto, propónse o seguinte,

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para transferir ou delegar, ou cooperar co Concello de Vigo a xestión e competencias sobre as Illas Cíes."

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Traemos un tema a este Pleno ao noso entender especialmente relevante dado o que para todos os vigueses/as significa as Illas Cíes. Illas Cíes, as illas dos deuses, un dos espazos máis fermosos do mundo, un observatorio privilexiado de fauna e flora, un espazo único, un espazo situado na bocana da Ría de Vigo, un parque natural dende o ano 1980, unha zona de especial protección para aves dende o ano 1988, un lugar de importancia comunitaria dende o 2001, relativa conservación de hábitats naturais e de fauna e flora silvestre, unha zona de especial protección de valores naturais, unha zona OSPAR, protección de medio mariño do atlántico nordeste, as Illas Cíes constitúen unha icona de Vigo, as Illas Cíes son a xoia das rías baixas, recoñecido non só en Vigo senón recoñecidas a imaxe positiva de Vigo e das súas Illas en medios de comunicación de todo o mundo, afortunadamente as viguesas/es puidemos ver durante tempo como eran un referente dun espazo natural privilexiado, o xornal británico de The Guardian, cualifica a praia de Rodas como unha das augas máis cristalinas do mundo, a mellor praia do mundo, de The Telegraph inclúe ás Illas Cíes entre os 28 rincóns marítimos máis recónditos de Europa, pero para tódolos vigueses/as estes titulares de medios de comunicación só fan reforzar esa idea que temos de que as Illas Cíes é un espazo privilexiado, un espazo privilexiado que dada ademais a súa repercusión internacional, fai que a candidatura das Illas Cíes a Patrimonio Natural da Humanidade sexa o que defende este Concello, porque son o emblema dese espazo natural.

Para tódolos vigueses/as polo tanto, nós xa sabemos que son a xoia das rías baixas, sen embargo nos 9 anos de xestión da Xunta de Galicia sen Plan Reitor de uso e xestión, este ano lamentablemente tivemos que ler outro tipo de titulares, “sospechas de ventas de billetes irregulares amplifican el conflicto por la masificación turística de las Islas Cíes”, “caos turístico en el paraíso de las Islas Cíes por la sobre venta de billetes”, “más de 2.000 pasajeros con billetes a Cíes tirados en tierra por la sobre venta de las navieras”. Nesta situación temos que lembrar que a Xunta de Galicia ten todo o control e a competencia na xestión do parque e na supervisión das navieiras, o acontecido este verán pode parecer un

boicot á candidatura de Cíes ao Patrimonio da Humanidade, e ademais cando a propia Xunta de Galicia recoñece que houbo 82.257 sobreventas de billetes, neste ano, e iso mentras as propias navieiras declaran que a sobreventa de billetes non foi unha cousa puntual, non é unha novidade, senón que se leva producindo tanto este ano como en anos precedentes, de tal xeito que a Xunta de Galicia ten constancia desas irregularidades dende o ano 2012 con 65 expedientes abertos sobre este motivo. Esta situación causa un problema, obviamente ao ecosistema pero non só a el, aos recursos e aos servizos que están colapsados, un problema grave de seguridade, de imaxe para as Illas Cíes e para Vigo, un problema que ademais non parece puntual senón sistemático. O Concello de Vigo na procura de que as Illas Cíes poda ser declarado patrimonio da humanidade e ante a situación que se está a producir, contactou con expertos que lle permitan defender esa candidatura de xeito rigoroso, 30 expertos que acumulan máis de 1.000 traballos científicos relacionados coas Cíes, das tres universidades galegas, do Instituto Oceanográfico, do Centro Superior de Investigacións Científicas, cun equipo técnico de apoio, un equipo científico, socioeconómico que poña e caracterice as Illas Cíes, que valore e nos axude a tomar as medidas oportunas para que este patrimonio natural, privilexiado o siga sendo, para garantir a flora e fauna autóctona, como espazos únicos e especies únicas, para que se minimicen os impactos das visitas nas Cíes, para que as Cíes poidan ser declaradas patrimonio natural da humanidade, e fronte a esta situación o que observamos é a inacción da Xunta de Galicia porque agora pon unha sanción, unha sanción que di que é exemplarizante, pero ademais de poñer unha sanción ou dar traslado á fiscalía, a Xunta de Galicia que ten tódalas competencias, non as está exercendo de forma rigorosa nas Illas Cíes, polo tanto, ante esta situación o Concello de Vigo cre que temos que tomar cartas no asunto, e non para todo o parque senón para o que está no noso termo municipal as Illas Cíes, adoptar medidas, instar á Xunta de Galicia a adoptar medidas para transferir, delegar ou cooperar no Concello de Vigo a xestión das Illas.

SR. PÉREZ CORREA: Mentres nos discutimos e digo nós, colectivamente este Pleno, pero tamén a Xunta de Galicia, mentres convertemos a cuestión da Illas Cíes nunha cuestión xa cansina, eu creo que a cidadanía comeza a estar cansa de como

podemos nunha cousa que non debería haber disensos no formal que é formular a candidatura pasan cousas, entre outras cousas Estados Unidos e Israel xa abandonaron a Unesco, co cal pode incluso que o futuro da Unesco sexa exactamente o mesmo que lle pasou a tódalas entidades mundiais que acabaron por non citar a Acnur que no seu día dependía das Nacións Unidas, pasan cousas, e tamén pasan cousas que a xente vai obtendo información, o outro día nos paraba un ecoloxista pola rúa a un grupo de amigos e se nós dicía se nos sabíamos o tempo por exemplo, porque preparar unha candidatura non é unha cousa dun ano, creo que só preparar a candidatura, obter consensos políticos, sociais, culturais e medio ambientais das universidades, os biólogos, vainos levar moitos anos, polo tanto eu o que estou primeiro é asustado porque poden estar vostedes catro ou cinco anos así, sen avanzar, a Xunta de Galicia organizando unha rolda de prensa sen contar co Concello de Vigo de maneira premeditada pensando que o Concello de Vigo non pinta nada, vostedes facendo o mesmo cun grupo de biólogos e a universidade sen contar coa Xunta de Galicia, podemos estar así catro anos co cal pode converterse nunha situación perigosa pero que logo nesta moción nós estamos de acordo, o Plan Director falla, fallan moitas cousas que están enriba da mesa, pero claro aquí nos propón as dúbidas supoño que será froito desa situación de tensión entre a Xunta de Galicia propoñer o traspaso do Parque Nacional a un concello cando non existen ningunha lei en ningún concello deste país que o teña, pois é un pouco temerario, entre outras cousas porque tería que ter o Concello de Vigo un financiamento importante para abordar cuestións que teñen que ver non só co Plan Director que é unha parte que falla, nos estamos de acordo, a Xunta de Galicia anuncia un 40% máis nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano, os grupos cos que falou este grupo municipal, o grupo de Marea vai presentar unha emenda pedindo que nese aumento do 40% vaia o Plan Director, que o Plan Director é unha cousa que acompaña a un parque nacional e di cousas interesantes, este é o Plan Director do Teide, hai que lembrar que só hai catro entidades naturais recoñecidas como Patrimonio da Humanidade pola Unesco en España, o resto son entidades culturais, máis de 40, só hai 4, o Parque Nacional do Garajonay que está na Gomera, Doñana, o Parque do Teide e de maneira subsidiaria os bosques de falla de toda Europa dende o Cárpatos ata aquí que é onde temo bosques de fallas en galego, “hayas” en castelán e onde teñamos que

estar recoñecido como patrimonio da humanidade, só temos iso, o resto e hai millóns de espazos naturais en Europa dunha importancia ecolóxica ambiental exactamente igual que as Illas Cíes, non están recoñecidos, polo tanto imos competir con moitos contornos. A nós que nos preocupa? Pois que o Plan Director nace de vontades políticas, esta é unha parte do Plan Director do Teide que sería unha parte substancial do que tería que facer aquí pas Cíes que di “se potenciará y mantendrá un sistema de relaciones cordial y fluídos con las comunidades del entorno del parque y con la isla en su conjunto, dando prioridad a aquellas ubicadas en los términos municipales de los ayuntamientos que tengan: a. Propiedades en el parque, b. Territorio en el parque o c. Constituyan parte de su zona periférica de protección por este orden, se diseñará y se implantará un sistema de actuaciones”, é dicir, calquera plan director que queira poñer a Xunta de Galicia ou colabora o Concello de Vigo ou non vale de nada porque todos e cada un dos plans directores que acompañan aos parques nacionais deste país baséanse nunha cooperación entre as administracións, polo tanto, van ter que atoparse nalgún momento e nin Xunta de Galicia facendo como digo esa rolda de prensa e sen contar co Concello de Vigo, nin o Concello de Vigo facendo o mesmo como unha especie de vendeta siciliana polo desplante do outro capo, a nós nos parece que iso non soluciona para nada o futuro da candidatura, o futuro das Illas Cíes, xa sabemos que está en perigo, e sobre todo está en perigo porque ninguén quere abordar de que no momento que poñamos o Plan Director enriba da mesa que vai dicir o sector pesqueiro e marisqueiro, que é gran problema do Plan Director, e que nin sequera o bipartito nin sequera neste caso a Xunta de Galicia puido resolver porque entre outras cousas o sector pesqueiro tamén presiona na contorna das Illas Cíes, eu estou disposto a asumir o Plan Director, e dicirlle ao sector marisqueiro que se acabaron determinadas actividades extractivas na contorna das Cíes, pero iso teremos que abordalo colectivamente tamén co sector pesqueiro e as industrias extractivas e as cooperativas de pescadores e todas esas cuestión que están enriba da mesa. Polo tanto, ou colaboran neste Plan Director, nos estamos de acordo en que haxa colaboración pero non estamos de acordo en transferir a titularidade dun parque nacional a ningún dos concellos deste país, estea gobernado por quen estea gobernado.

SR.GAGO BUGARÍN: O que hoxe vimos a votar aquí, o que aquí presenta a señora concelleira, exconselleira da Xunta de Galicia, a verdade que é bastante sorprendente e diría que bastante irresponsable.

Non sei se vostede dáse conta señora concelleira, exconselleira, que o que vostede propón aquí non só non é incoherente, irracional senón que é ilegal e dáme a sensación porque en base aos 5 minutos que vostede interveu aquí que pasou tres minutos a explicarnos o maravilosas que son as Illas Cíes aos vigueses que xa as coñecemos como vostede se pode imaxinar perfectamente, vostede non sei se se deu conta que a lexislación básica que regula os parques nacionais e a declaración de parque nacional das Illas Cíes contradí a auténtica absurda petición que vostedes veñen a solicitar aquí. Fíxese no artigo 21.1 da última Lei de Parques Nacionais di o seguinte, “a xestión e organización dos Parques Nacionais corresponde directamente ás comunidades autónomas en cuxos territorios estean situados incluídos os marítimos terrestres” primeiro punto, a Lei que regula e a declaración do Parque Nacional das Illas Cíes no ano 2002, artigo 6 “a xestión do Parque Nacional das Illas Cíes corresponderá de forma compartida á administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia a través dunha comisión mixta de xestión”. En definitiva, xa non é só que non haxa ningún parque nacional que sexa xestionado por un concello, senón que ademais contradí a lei, Sra. Caride, e vostede que foi exconselleira e que foi a máxima responsable no seu momento da xestión das Illas Cíes, debería saber perfectamente que isto é ilegal, é mais, en relación ao que vostede citou que aproveitan e xa o votamos na última moción no último Pleno, pero volveremos a lembralo, cando vostedes estaban no bipartito non se lle coñece ningunha actuación para regular o transporte as Illas Cíes, foi o goberno actual da Xunta de Galicia quen sancionou, quen denunciou ante a Fiscalía de Vigo de motu proprio o caos que estaba acontecendo coa xestión e o número de usuarios que estaban indo ás Illas Cíes, iso o fixo a Xunta de Galicia e se impuxo unha sanción de case un millón de euros non o fixeron vostedes.

E en relación ao Plan Reitor de Uso e Xestión, votamos favor os tres partidos políticos no último Pleno, vólveno a someter e tamén debería lerse cal é a lei que regula que efectivamente hai tres anos e só se consumiu un para que a Xunta de Galicia consiga aprobar o Plan, recordará que lin aquí as declaracións do Presidente da Cofradías da provincia da Pontevedra, D. José Antonio Gómez Castro, que dixo

literalmente o seguinte, “hace tiempo que se han retomados los contactos y reuniones con la Dirección General de Conservación de la Naturaleza y también con el director de las Illas Atlánticas. Estamos realizando un estudio económico sobre los recursos marinos del parque y sabemos que la Xunta de Galicia estará realizando el suyo con previsiones más optimistas”, en definitiva, hai compromiso no ano 2018 de que se aprobe o Plan Reitor de Usos e Xestión.

Polo tanto, deixen de facer alarmismo, pero o problema aquí de todo isto é que non cabe na cabeza de ninguén que se para a reflexionar durante dous minutos cando temos unha candidatura liderada pola Xunta de Galicia, por unha administración competente que foi aceptada para entrar na lista indicativa que vostedes veñan agora, despois de catro anos sen mover un dedo, chamándolle Illas Cíes absolutamente a todo e facendo campañas publicitarias que deron a volta ao mundo porque foron patéticas, por non dicir outra cousa, e agora veñen vostedes aquí a dar leccións de como se publicita unha candidatura ás Illas Cíes e aínda por enriba cando xa está aprobada e está na lista indicativa, non ten ningún senso o que vostedes están a facer e o único ao que responde é a ese sensentido narcisista que ten o seu xefe, o Alcalde de Vigo de confrontación, enfrontamento, de insolidariedade e de irracionalidade, nós lle poñemos enriba da mesa a proposta lóxica que lle piden tódolos cidadáns, os vigueses e que lle pide a comunidade científica, súmese a un proxecto que xa está en marcha, que xa foi declarado. Vostede imaxínase á Comunidade de Madrid, por exemplo, presentando a candidatura para os xogos olímpicos e unha vez que xa é declarada candidata oficial despois ven o Concello de Madrid e presenta outra candidatura para o mesmo obxectivo, a vostede lle parece racional iso Sra. Caride? Eu creo que xa está ben do xogo, da tontería, vaíamos a buscar un obxectivo claro, razoable e coherente e deixemos de facer o ridículo como o que fixemos co hospital, coa Área Metropolitana e o transporte metropolitano, como o fixeron co Campus do Mar e como o fan co aparcadoiro privándolle aos veciños de Mos e de Porriño que é un hospital metropolitano, poder aparcarse gratuitamente. Deixen de facer o ridículo e súmense ao proxecto que xa está en marcha.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sra. Gago auguro que non vai ter hoxe un bo día, en calquera caso, cando falamos de racionalidade di vostede a alguén se lle ocorre

pensar que alguén se pode poñer en contra dunha candidatura que está presentada por outra, o absurdo é que logo de levar 5 anos traballando o Concello de Vigo para a candidatura de Cíes, patrimonio da humanidade a Xunta de Galicia se desmarque colocando unha candidatura distinta, e mire, ninguén esta pedindo as competencias sobre o parque nacional, estamos pedindo as competencias sobre as Illas Cíes, escoite vostedes, e co rótulo do Partido Popular seguro que non escribimos nada.

Aquí responsabilidades poden caer en moitas cousas pero dende a transferencia do parque no ano 2008 ata o cambio de goberno da Xunta de Galicia, ano 2009, creo que pasou un ano, dende o ano 2009 ata o 2017 seguimos sen plan de recursos e usos do Parque Nacional das Illas Cíes, a responsabilidade cando menos non pode ser a mesma ou senón nos están vostedes tomando o pelo porque non saben contar, eu creo que saben contar, polo tanto, de absurdo nada, voulle poñer un exemplo, o Concello de Vigo tivo unha denuncia por unha obra irregular nas Illas Cíes, mandamos un inspector ás Illas Cíes, atopou cunha obra que non ten licenzia municipal e que fai un cambio de cuberta e un incremento de volume, como chegou o material ás Illas Cíes, quen o controlou? Por que se está a facer unha obra que é ilegal? Cando a competencia é da APLU e así informamos, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística competente nese ámbito para que lle traslade ao seu propietario como nós xa o fixemos a necesidade de paralización e restauración da legalidade, como esa situación nas Illas Cíes podemos atoparnos con algunha máis, eu preguntome que está a facer a Xunta de Galicia porque o que detectamos este verán é unha situación na cal a incompetencia da Xunta de Galicia na supervisión da navieiras supuxo un caos absoluto, e vostede di “non hai que dicirlle aos vigueses como son as Illas Cíes” pois eu creo que máis alto e máis claro que nunca hai que dicirlle a todo o mundo como son as Illas Cíes, porque desafortunadamente o dano deste verán pode ser irreparable, pola inacción da Xunta de Galicia que agora ven e pon unha multa de 800.000 euros ás navieiras, si eu poño 82.000 viaxes por 18,5 euros sae 1,5 millóns de euros, e que case vou resumir dicindo que ao mellor a algún saíulle á conta, como por certo, saíulle á conta pagar sancións durante todos estes anos. Polo tanto, ante a incompetencia da Xunta de Galicia que está de brazos cruzados o que dicimos é que nos deixen participar e cooperar na xestión, que o transfiran se é posible porque a Lei de

Réxime Local permite esa transferencia, polo tanto, si é posible que os transfiran e senón que nos permitan cooperar e se se declaran incompetentes como están mostrando que nos deixen xestionar as Illas Cíes, nada máis que as Illas Cíes.

PRESIDENCIA: Señora voceira se pronuncia sobre a emenda do Partido Popular.

PRESIDENCIA: Non aceptada a emenda procedemos a ditaminar a moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1638/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

11(171).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO, Á XUNTA DE GALICIA, Á DEPUTACIÓN

DE PONTEVEDRA E AO GOBERNO MUNICIPAL HABILITAR AS MÁXIMAS LIÑAS DE AXUDAS PARA APOIAR AOS VIGUESES AFECTADOS POLOS INCENDIOS. REXISTRO PLENO 1633/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1633/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 15 de outubro é xa, por dereito propio, unha noite negra na historia de Vigo. Esa madrugada, o lume assolou a nosa cidade elevando sobre ela unha inmensa nube vermella e gris. En cuestión de horas, vimos prender o monte Alba, o miradoiro do Cepudo, Chandebrito, San Andrés de Comesaña, Candeán, Matamá, Coruxo, Navia, Matamá ou mesmo Samil.

Pero esa noite tamén constatou a enorme xenerosidade de miles de vigueses que, voluntariamente, saíron a rúa para apagar cos seus propios medios os incendios que assolaban a cidade.

Foi sen dúbida esa solidariedade cidadán a que evitou males maiores e a que permitiu, en última instancia, poñer fin ao inferno vivido na madrugada do domingo.

Agora, xa en frío, ten chegado o momento de compensar todo ese esforzo. É ben certo que os vigueses nunca esquecerán o medo a perdelo todo que sentiron esa noite. Pero o menos que poden facer por eles as administracións públicas é compensalas polos seus esforzos e contribuír a reparar os danos medio ambientais.

Neste marco, es unha vez constada a vontade deste Concello de declarar Vigo como zona catastrófica, como apoiou desde un primeiro momento este grupo, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno central, á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e ao Concello de Vigo a habilitar as máximas liñas de axuda para apoiar aos vigueses afectados polos incendios.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis imos volver falar do que pasou nesta cidade o pasado 15 e 16 de outubro, unha vez que xa o Partido Socialista

conseguiu ou haber se conseguen o titular de mañá do pacto de Estado, de lanzar balóns fora, pois a ver xa que se quedaron co titular que pretenden conseguir mañá insisto para que non se fale de Vigo, nós queremos falar de Vigo e a pesares de que o Partido Socialista e ao goberno municipal non lle interesa e por certo, sorprendentemente a Marea de Vigo tampouco lle interesa falar de Vigo porque están a falar de calquera outra cousa, esa obsesión contra o Partido Popular e se esqueceron dos vigueses aos que representan, pois nós si que queremos falar de Vigo e queremos falar de como se vai restituír aos vigueses todo o dano que se lle causou, porque o dano moral, o medo, o terror que se pasou nesa tarde noite do domingo 15 de outubro e na madrugada do luns 16 non llo van poder devolver nunca, pero si se vai poder restaurar e si se vai poder compensar polos danos materiais que xurdiron e aí teñen que estar tódalas administracións implicadas, todas señores do goberno municipal, a Administración estatal, a administración da Comunidade Autónoma, a administración provincial e aquí hai deputados provinciais do goberno e tamén a administración local, pero vostedes só queren falar da estatal e da autonómica sorprendentemente as únicas que manifestaron e confirmaron que efectivamente van a participar e dar axudas para as persoas afectadas, aínda non escoitamos nada da administración local e moito menos da provincial que sorprendentemente xa están empezando a botar balóns fora como comigo non vai e eu non vou atender as miñas competencias. Polo tanto, queremos que se articulen as máximas axudas posibles para os vigueses e por iso poñemos esta moción que esperamos sinceramente que sexa aprobada porque nestes incendios esta cidade viviu, insisto, unha auténtica catástrofe, e esa catástrofe hai que recuperala e analizala e vólvolle preguntar outra vez Sr. Font, porque a vostede gústalle moito iso de botar balóns fora, ese xogo sucio político que hai cousa nas cales non se pode entrar, hai cousas e nesas cousas dos incendios que non se pode utilizar o de sempre o que xa nos ten vostedes acostumbrados, hai que cambiar o discurso e hai que facelo en positivo e en positivo e vostede que é concelleiro competente por razón da materia dentro do goberno municipal, insisto, xa que temos ao Sr. Alcalde escondido cando falamos dos incendios horribles que pasou esta cidade, xa que o temos escondido e que non quere dar a cara, de a cara vostede e díganos se activou o Plan de Emerxencia Municipal, insisto, a ver si a primeira non poder ser, a ver se pode ser a segunda, a ver si activou o Plan de

Emerxencia Municipal, o Plan de Emerxencia non é calquera cousa, non, é un Plan para coordinar tódolos servizos ante unha situación catastrófica como a que vivimos, e é importante porque aí se di que é o que ten que facer cada un para actuar perfectamente coordinados e temos unha gran dúbida e eu sobre todo a teño moito maior despois de que lle preguntara antes de se se había activado e vostede deume a calada por resposta. Non quero que me fale do goberno de España, non quero que me fale da Xunta de Galicia, non quero nin que me fale da Deputación Provincial que iso xa o veremos noutro sitio, quero que me fale de Vigo, do que fixo o goberno de Vigo, de que medidas tomou, de se había prevención, de se estaban tódolos efectivos que tiñan que estar porque íamos afrontar unha xornada de intenso calor, puxéronse tódalas medidas enriba da mesa para previr? A min cústame moito pensalo cando o Sr. Alcalde emite un comunicado ás catro da tarde protestando porque a Xunta de Galicia non lle había deixado mandar os bombeiros de Vigo a Ponteareas e a outras zonas da área metropolitana cando os bombeiros de Vigo tiñan que estar aquí por si acaso se contaxiaba e nos viña o incendio que é exactamente o que pasou e vostedes na súa política de sempre, quitan un comunicado dicindo e criticando que a Xunta de Galicia tardou 4 horas en dicir que si, que podían ir a outro sitios fora de Vigo, non, tiñan que estar en Vigo, tiñan que ter un operativo preparado en Vigo, tiñan que haberse coordinado e tiñan que terse activado o Plan de Emerxencia e a pregunta razoable é activouse ese Plan de Emerxencias? Pasaron 10 días, estivemos calados pedindo explicacións, agora as esiximos porque os vigueses as esixen, explicacións do goberno que tiña a responsabilidade que son vostedes, vostedes tiñan a responsabilidade e agora teñen a responsabilidade de dar explicacións.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Liñas de axudas, estamos a falar de liñas de axuda, dificilmente podemos dende a Marea de Vigo votar en contra deste acordo que propón a súa moción, liñas de axuda é un concepto ben amplo e pode conter dende indemnizacións directas ás afectadas/os por perdas materiais ou persoais, axudas para a recuperación dos montes, axudas ás comunidades de montes para mudar radicalmente o seu modelo forestal naquelas onde sexa necesario, afortunadamente temos exemplos como a comunidade do monte de Teis que despois de anos traballando na recuperación de montes agora comeza a explorar

vías económicas sostibles como a produción de mel e castaña. A vaga de incendios foi sen dúbida un dos episodios máis crueis que tivemos que vivir a poboación viguesa nos últimos anos, o pulmón que rodea a nosa cidade quedou reducido a cinzas deixando un panorama desolador.

Na moción do grupo Popular pídese instar entre outras á Xunta de Galicia para outorgar axudas ás persoas afectadas pola vaga de lumes, que a Xunta de Galicia xa puxo en práctica e as bases son practicamente iguais ata 2006, xa veremos se as cantidades tamén o son. Cabe preguntarse porque hai ir a raíz do problema de que serven as axudas se a propia Xunta de Galicia incumpre o seu propio Plan Forestal ao gastar máis en extinción que en recuperación e non o dicimos nós, dío o Concello de Contas, a Xunta de Galicia contestou a esta pregunta, contestouna o Sr. Tomás Fernández Couto que leva 17 anos ao fronte da política forestal da Xunta de Galicia, dixo sen pudor algún que incumpre o seu propio Plan Forestal para darlle confianza aos propietarios. Reestruturar eficientemente os investimentos aforrarían enormemente os recursos que actualmente se teñen que adicar en exclusiva á extinción de incendios, por certo, privatiza e precarizada en gran medida. En canto a axudas á comunidade de montes, por suposto que é necesaria a implicación da Xunta de Galicia e tódalas administracións, pero as cantidades que adica a Xunta de Galicia son francamente mellorables, a administración autonómica desestimou só este ano as peticións de 238 comunidades de montes para esta causa, entre outras cumpre destacar a de Valadares e a de Coruxo, que quedaron sen estas axudas.

Daquela axudas si, pero isto non ha de servir de nada senón mudamos a despolítica forestal que vimos percibindo nos últimos anos e o abandono brutal que sofre a noso rural debido a falla de servizos e oportunidades. A este paso non sei se acabaremos dando axudas como no 2003 co Prestige, no BOE do 2 de agosto do 2003, cito textualmente “la administración general del Estado asume el pago de las indemnizaciones que correspondan a los afectados por el accidente y estos por su parte se reconocen indemnizados de los daños sufridos, desisten de las acciones en curso y renuncian a cualquiera proceso judicial o extrajudicial que tenga su origen en tales daños, en ningún caso este régimen de anticipo de indemnizaciones supone el reconocimiento de responsabilidad alguna por parte del Estado”, que tipo de axudas queremos? Queremos axudas como as concedidas pola Xunta de Galicia

concedidas o venres para as familias das vítimas? O decreto no que o goberno da Xunta de Galicia recolle as medidas urxentes de reparación publicada o venres no diario oficial de Galicia, establece que a entrega das cantidades para paliar os danos persoais está condicionada a que como resultado das investigacións quede determinada a existencia de intencionalidade, a Conselleira de Medio Rural a Sra. Ángeles Vázquez comprometeu de momento 3 millóns de euros, prometendo sen dar detalles que non se descoidarán as zonas sensibles. A Conselleira asinou que haberá áreas que se rexeneren soas porque segundo as súas palabras “a natureza é sabia” e a mesma persoa que afirmaba hai uns días descoñecese unhas especies de árbores ardían con máis facilidade que outras.

En definitiva, máxima liñas de axudas é o suficientemente amplo para que deamos apoio a este acordo, máis cando estas axudas se concretan ás veces da a sensación de que a Xunta de Galicia estase a rir das afectadas/os.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, o titular é moi sinxelo, o goberno municipal resolveu unha situación grave en 16 horas e o Partido Popular como se comproba neste Pleno o único que pretende é politizar a situación, pero como me fala vostede a min de utilizar 44 segundos, atenda que lle vou poñer unha gravación (neste intre o concelleiro pon unha gravación dunha entrevista ao Sr. Gago na radio o día do incendio que se transcribe a continuación) “da billa dis ti que agora mesmo non se pode beber non?- -O que están a dicindo é que efectivamente é que a auga xa non é potable porque estase filtrando moita contaminación, auga xa contaminada que entra directamente nos canais de onde se bebe, en definitiva é un un drama. Ousexa que agora mesmo podemos informar a toda a audiencia de que polo de pronto xa non consuman auga da billa, que non é potable”.

Este Sra. Muñoz é un concelleiro que se senta á súa dereita, un concelleiro do Partido Popular que estaba en Nigrán de acordo co que recoñeceu nesta entrevista. Eu lle agradezo que me deixen falar, está é a transcripción da entrevista do Sr. Gago e nesta entrevista recoñece o que acabo de dicir, e a pregunta é pero como se pode falar de utilización aquí en relación coas actuacións nos incendios cando se estaba a producir unha situación de alarma na cidade e un concelleiro do Partido Popular se atreve a difundir un bulo de que non se podía beber a auga porque non era potable? Pero Sra. Muñoz, como me pode falar vostede de utilización? A

pregunta é moi sinxela Sra. Muñoz, cando lle pensa pedir a dimisión ao Sr. Gago de Concelleiro e cando lle pensa pedir a dimisión de xefe das Novas Xeracións de Alianza Popular? Cando lle pensa pedir? Porque isto que pode parecer unha anécdota é certamente importante, estas declaracións feitas na radio esa noite son para crear a alarma entre os cidadáns polo tanto, vostedes non nos poden falar a nós de utilización porque mentres nós estábamos a pe dos incendios, o Alcalde e os concelleiros estábamos resolvendo en 16 horas, vostedes ao que se adicaban era estritamente a facer estes bulos, a trasladar esta intranquilidade na xente. Polo tanto, estou seguro de que tódolos que escoitaron ao Sr. Gago ese día o 100% alarmáronse coas súas declaracións que tamén direi nesa mesma emisora tiven que desmentir eu.

Polo tanto, isto é moi grave e creo que ten inclusive unhas implicacións legais que acabaremos estudando e evidentemente e tamén lle dicía con anterioridade, estes son vostedes en relación cos incendios e voulle ler o que dicía o Sr. Feijóo no 2006, "Feijóo non só reclamou dimisións, pronunciou unha frase terrible que agora resucita da hemeroteca, "con nós os gobernos de Fraga non morría xente nos incendios, con eles catro persoas".

Eu comprendo que as miñas intervencións resultan absolutamente incómodas porque é unha testemuña que saíu na radio, é certamente grave o que se fixo esa noite e non se pode vir aquí a falar de utilización cando o que deben asumir vostedes é a responsabilidade do que fixeron ese día, a responsabilidade de que crear alarma entre os cidadáns e polo tanto como non teño tempo para máis, falar de competencias, Sra. Muñoz, léase a Constitución, as competencias en materia de axudas e en materia de política forestal están para o goberno central e para a comunidade autónoma, polo tanto presentamos unha emenda de substitución que centre claramente en quen ten que asumir estas cuestións.

PRESIDENCIA: Eu lle pido a tódolos grupos que respectemos os usos de palabra.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire, Sr. Font, evidentemente non activaron vostedes o Plan de Emerxencia Municipal nin tiñan ningunha previsión e o único que sabe facer vostede é a política rastreira á que nos ten acostumados. O que acaba de dicir vostede é mentira, o señor concelleiro que está aquí ao meu carón, sabe onde

estaba? Sabe onde estaba a tarde noite do domingo? Estaba con esta voceira de incendio en incendio falando cos cidadáns, si Sr. Font, falando cos veciños de Valladares que tiveron que apagar o incendio coas súas mans e cos seus cubos de auga.

Estaba en Valladares falando cos veciños que tiveron que parar coas súas mans o fogo para que non afectara ao instituto, estaba na Universidade onde estaba desaloxando con Vitrasas con esta voceira como os estaban desaloxando, estaba en Zamáns vendo como os veciños estaban loitando contra os fogos, estaba en San Paio eu cansada de chamalo a vostede e non me collía o teléfono porque os veciños se estaban tirando ao fogo e lles cortaran a auga, Sr. Font, non xoguemos con iso porque se comezamos todos aquí a falar do que vivimos esa noite non acabamos e teñen vostedes que sentirse avergoñados de ensinar o peor da política porque este concelleiro e esta voceira estaban onde a xente o necesitaba, se quere falar de declaracións vergoñentas, escoiten as do Sr. Alcalde de Vigo na Sexta e na televisión de Galicia as once da noite dicindo que estaba todo controlado cando se vía aos veciños cos cubos de auga, vergoña a vostedes lle tiñan que dar, os veciños rodeados polo fogo sen ningunha axuda coa auga cortada e vostedes presumindo de que o tiñan todo controlado, en 16 horas non controlaron o fogo, Sr. Font, o controlaron os vigueses que son os verdadeiros heroes desta historia. Vostede non o son e nós estivemos onde tiñamos que estar e senón que lle pregunten aos compañeiros da Policía Local que teño que dicir que estaban en cada punto onde estivemos, chapó para a Policía Local de Vigo, para os bombeiros de Vigo, para Protección Civil de Vigo e para os veciños de Vigo, vostedes son o peor da política, de verdade que desgracia ten esta cidade da haberlle tocado a súa peor traxedia co peor goberno que se lembre, non activaron o Plan de Emerxencia Municipal, non había policía suficientes, non había bombeiros suficientes porque vostedes non convocan as oposicións, non había ningunha coordinación, ían como polos sen cabeza, nun coche o Sr. Alcalde con vostede e cun cámara de fotos iso si para que non esquecera dunha boa foto, a instantánea do Alcalde ao pe da rúa, esa é a súa xestión as fotos e a propaganda e mentres Vigo ardendo, vergoña lles tiña que dar pero xa responderán por ela.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda proposta polo grupo Socialista. Non acepta a votación.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1633/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(172).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A MODIFICAR O REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO PARA INCLUÍR NA TARIFA DOMÉSTICA AOS COMERCIOS, OFICINAS E DESPACHOS QUE A UTILICEN PARA SERVIZOS HIXIÉNICOS E DE LIMPEZA. REXISTRO PLENO 1634/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2017, número 1634/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Pleno do Concello de Vigo aprobou o 27 de xaneiro de 1.993 o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo regulando no seu artigo 25 os usos posibles do servizo como domésticos, comerciais ou industriais, municipais e especiais.

Froito desta regulación estase a aplicar a tarifa industrial a numerosos comercios, oficinas e despachos profesionais que tan so usan a auga para servizos hixiénicos e de limpeza, o que lle supón un sobre custe de mais dun 40% respecto á tarifa doméstica.

Por outra banda a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Vigo fixa para o cálculo da cota a ingresar uns coeficientes de situación que se atopan preto do máximo que permite o TRLRFL e moi por enriba dos fixados polos Concellos da nosa área metropolitana, o que conleva que as empresas situadas no ámbito municipal de Vigo estean a pagar un importe moi superior por este imposto ao que pagarían se estivesen situadas noutros concellos próximos.

Esta situación está a causar que a nosa cidade perda atractivo para a implantación de novas oportunidades industriais, coa conseguinte perda de competitividade e de emprego para os vigueses

Polo anteriormente exposto o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao goberno municipal a modificar o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo no senso de incluír na tarifa doméstica todos aqueles comercios, oficinas e despachos que usen a auga unicamente para servizos hixiénicos e de limpeza non sendo a auga un elemento para o seu proceso produtivo.

2.-Instar ao goberno municipal á redución dun 50% dos coeficientes de situación contemplados na ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas para que as empresas da nosa cidade non se vexan prexudicadas por este imposto con respecto ás dos Concellos da nosa área, así como á aplicación de todas as bonificacións potestativas previstas no TRLRFL.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente é difícil pasar a outro tema despois de o que acabamos de presenciar aquí pero é importante saber do que dispón do Concello de Vigo e falar das finanzas do Concello de Vigo porque esas finanzas se deberían

de adicar aos que máis o necesitan, neste caso acabamos de ver como acaban de rexeitar unha proposta para que os vigueses afectados polos incendios se lles sume a axuda estatal, autonómica á axuda municipal.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, ese tema é da moción anterior, está rematado e polo tanto céntrese na súa moción, xa sei que a súa incapacidade de entender o que está a pasar neste Pleno é total, pero céntrese no punto que corresponde.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Alcalde, a miña única incapacidade é entender como un Alcalde non da a cara e non explica e non nos di se activou o Plan de Emerxencias Municipal e que é o fixo dentro da súa competencia para apagar os incendios.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, entre na cuestión porque a súa incapacidade de entender esta cidade é total.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Dígallo aos vigueses.

PRESIDENCIA: A incapacidade de entender esta cidade por parte de todo o grupo Popular é total.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Os seus insultos nos fan máis fortes.

En canto aos ingresos e en canto a nosa proposta porque eu creo que tamén isto lle interesa aos vigueses, a vostedes non lle interesa baixar impostos pero dende logo aos vigueses lle interesaría moito que lle baixara os impostos, e sobre todo lles interesaría moito que empregaran a cantidade de cartos que teñen na caixa en que os vigueses pagáramos todos menos impostos porque non só había 97 millóns de euros en caixa senón que agora vemos como esa bolsa cada vez sobe máis e xa chegamos aos 151 millóns ao 30 de setembro e sinceramente, señores do goberno xa sabemos que a vostedes o que lle gusta é recadar pero é que tamén están demostrando a súa incapacidade de xestionar e de gastar porque a 30 de setembro o Sr. Aneiros, seguro que o sabe porque terá visto o informe do Interventor Municipal, se recadaran 67 millóns de euros máis do que se tiña gastado, polo tanto, seguen vostedes recadando, cobrando pero non devolvéndollo aos vigueses

en forma de mellores servizos, e nós o que cremos é que é razoable e lóxico que se lle baixen os impostos e por iso presentamos novamente unha moción que ten que ver con este tema porque cremos que se lle poden baixar os impostos. Despois de oír ao Sr. Rodríguez Díaz o preocupado que está coa actividade empresarial, pois xa se poderían aplicar un pouco o conto o goberno da cidade de Vigo para alixeirar ás empresas de impostos porque son as empresas as que crean os postos de traballo, e por contra o único que fixeron vostedes co imposto de actividades económicas que pagan as empresas de Vigo, é subilo ano tras ano mentres o número de empresas na nosa cidade era cada vez menor.

Vanse as empresas porque se van ao polígono de Valladares pagan un 40% mais de Imposto de Actividades Económicas que se están no polígono por exemplo de Porto de Molle, ou pagan un 28% máis que si se van a Mos, logo claro se as empresas para pagar menos impostos vanse a Mos, serán culpa do Partido Popular que se leva as empresas fora de Vigo, pois non é culpa de vostedes que non saben aplicar unha política impositiva para que nin as familias nin as empresas se beneficien desa tan cacareada publicidade e propaganda de situación económica, e a realidade é que a auga que pagamos os vigueses é moito máis alta que a que se paga en ningunha outra cidade de Galicia e sobre todo estamos a pagar pola auga que non consumimos e iso é algo que se comprometeu a cambiar este goberno e que incumpriu pero é que ademais os comercios na cidade pagan a auga industrial, si ata unha oficina que só move papeis paga auga industrial, co cal é un 40% máis cara que a auga de uso doméstico.

Logo pechan os comercios, vostedes tamén culparán ao Partido Popular de que pechan os comercios en Vigo, pero a realidade é que pechan porque se lles frite literalmente a impostos, entre a auga, a taxa de lixo, entre o imposto de bens inmobles, que por certo pagamos o imposto de bens inmobles máis alto das 20 principais cidade de España, e Sr. Aneiros, que pouco rigor cando nos di que é polo catastrazo, o catastrazo en Vigo non houbo que non se revisaron os valores catastrais, hai unha taxa impositiva, o tipo impositivo, saberá vostede diferenciar o tipo da base, o tipo impositivo é o máis alto, o que depende de vostedes, das 20 principais cidades de España, esa é a realidade impositiva desta cidade e nós queremos sinceramente unha proposta en positivo e é báixelle os impostos aos vigueses/as.

SR. PÉREZ CORREA: Imos intentar dignificar un pouco o Pleno, que se converta nunha cousa útil e aínda que só sexa polos 40 anos de ditadura que non puidemos ter plenos polo menos imos respectar a memoria dos vigueses/es e a este órgano. Nós estamos bastante sorprendidos, é certo que non temos mochila histórica e responsabilidades no que se ten feito coa xestión da auga nesta cidade pero quero lembrar, a documentación así o dío que efectivamente a auga foi privatizada no ano 1991, por 25 anos que remataba no 2015, pero que é certo que no ano 1998 decidiuse contra o criterio da Federación Veciñal naquela altura, aquí están as alegacións que presentara a Federación veciñal o informe naquela altura do Concelleiro Delegado de Infraestruturas e Obras pero tamén o informe da propia interventora naquela altura, decidiuse unha imposición de taxas pola prestación de servizos de subministro de auga potable e redes de sumidoiros e saneamento e depuración de augas residuais, así como a ordenanza fiscal reguladora, é dicir, aquela altura gobernaba o Partido Popular, gobernaba o Sr. Pérez, cando se decidiu o sistema tarifario que hoxe en día rexe e naquela altura fora o movemento veciñal o que presentou moitas alegacións, unha delas precisamente moi interesante na que se abordaba de xeito bastante responsable que non debía haber tanto escalado entre o uso doméstico e o uso non doméstico, que pasa aquí? O sistema tarifario que temos tanto para uso doméstico como para uso non doméstico cambiará o día que quitemos a concurso de novo a auga, mentres tanto pidan informes á Universidade, ao Vaticano ou pidan informes á autoridade moral e intelectual que seguiremos traballando en falso ou cambiamos a concesión ou seguimos tarifando por iso porque era o centro da privatización que no seu día se fixo en Emavisa, nós seguimos a dicir, a privatización daquela altura debería ter responsables xurídicos e alcaldes e concelleiros que entraran en prisión como entraron en Francia as privatizacións das empresas municipais da auga, como o alcalde dalgunhas cidades que rodean París que están na cárcere hoxe en día por non xustificar as privatizacións naquela altura, e por que o dicimos? Porque a cláusula que inclúe que poderían modificar a tarificación de calquera uso o propio contrato di, a duración do contrato será 25 anos, rematou no ano 2015 e de maneira temeraria o Alcalde de Vigo decidiu ampliálo cinco anos máis a cambio dun plan de investimentos que curiosamente se concentraban ata o ano 2015, é

dicir, case 13 millóns de euros dos 20 millóns que había enriba da mesa para que Aqualia pagara as humanizacións para xustificar a campaña electoral e gañar as eleccións porque non se gañan moitas campañas electorais só convencendo senón tamén pagando os salarios e poñendo enriba da mesa favores que foron os que vergoñentamente este grupo municipal presenciou no ano 2015 durante o proceso electoral, practicamente toda a cidade levantada a cambio de que Aqualia activara porque agora si que temos un problema que o propio contrato di que “a partires da finalización do contrato 2015 prorrogables tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de 50 anos”, quen activou no ano 2015 a ampliación da prórroga de Aqualia nos acaba de condenar a un máximo de 50 anos a seguir pagando estes consumos abusivos, isto debería estar xudicializado, con responsabilidades políticas, 50 anos a pagar unha tarifa de augas abusivas, cun consumo bimensual abusivo, isto para min é o peor da política e dáme igual que o Partido Socialista e o Partido Popular veñan aquí a dicir agora que hai que bonificar ou cambiar a tarificación, dáme exactamente igual, porque quen consagrou esta ordenanza con eses cálculos e que consagrou ese contrato que pode chegar aos 50 anos, foi o Partido Popular e o Partido Socialista, terán responsabilidades, se pode emendar, rescindan o contrato a Aqualia, fagamos un estudo de viabilidade de remunicipalizar o servizo de auga porque non pode ser que os investimentos que está facendo Aqualia non tiñan absolutamente nada que ver co subministro de auga e sexan o que se nos ocorre en cada rato se nos interesa politicamente nun proceso electoral, interésanos o dinoseto, págao Aqualia, pagámolo nós porque logo soben a tarifa que pagamos os vigueses/as, interésanos unha humanización nunha rúa a uns meses da campaña electoral? Págao Aqualia, nos interesa un tobogán? Supoño que o pagaría Aqualia, quero saber quen o pagou, pero quero entender que non temos unha concesionaria como Aqualia que forma parte da arquitectura electoral dun partido político porque entón sería máis grave que do que este concelleiro pode intuír, polo tanto calquera cuestión sobre a tarifa, sobre Aqualia para nós vai quedar circunscrita a rescindir o contrato, a abrir o proceso de contratación pública, evitar eses 50 anos de concesión e remunicipalizar o servizo.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que un pouco de seriedade neste debate porque o Partido Popular con esta moción que presenta mostra a súa esquizofrenia, pensa

que por encher papel e por encher minutos dun Pleno pode conseguir algo. A min gustaríame lendo esta moción destacar algo, xa que o propio Partido Popular fala da Área Metropolitana na moción pois que o goberno da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo retire o recurso fronte á Área Metropolitana, polo tanto, iso sería un apoio a esta cidade.

Falan tamén na moción da perda de atractivo da cidade para os investimentos e para as actividades, se a perda de atractivo ben porque a Xunta de Galicia non asina o convenio para o Plan Xeral de Ordenación Urbana, porque favorece polígonos industriais noutras cidades e non en Vigo porque non reaccionou a tempo coa fuga de empresas a Portugal ou sobre todo porque non inviste na cidade das demandas que presentou este goberno local, este Alcalde ao Sr. Feijóo para incluír nos Orzamentos do 2018, cero, así que está claro quen boicotea a esta cidade, pero entrando no tema que propoñen, vostedes propoñen que se alixeire dalgunha forma a carga fiscal da auga e do imposto sobre actividades económicas, misturan dous tributos distintos como se tivesen algo que ver pero por arrojar algúns datos, mire, no Imposto sobre Actividades Económicas, é un imposto que paga só aquelas sociedades que facturan máis de 1 millóns de euros, xa lles gustaría aos pequenos comerciantes ou aos comerciantes desta cidade facturar 1 millón de euros, polo tanto, xa vemos a quen están defendendo, ás sociedades que facturan máis de 1 millóns de euros.

Neste imposto na cidade hai un total dunhas 40.000 actividades económicas, saben cantos son os contribuíntes neste imposto, en torno a 3.000, insisto sociedades que facturan máis de 1 millóns de euros, polo tanto non fagan ciencia ficción, política de ruído con este imposto. Por certo como dixen antes a actividade económica repunta na cidade e isto fai que neste imposto por exemplo o padrón suba lixeiramente fronte a anos anteriores.

Pero entrando no tema da auga, na taxa da auga, os estudos sobre o custo da auga na nosa cidade que por certo cito un que non fai a administración municipal senón a organización de consumidores española, sináloo cunha frecha para que poidan ver ben, Vigo non está entre as cidades coa auga máis cara, está nun prezo razoable da factura da auga e que o máis curioso é que cando gobernaron vostedes, cando o Sr. Figueroa era tenente de Alcalde no ano 2006 dixo o 31 de xullo do ano 2006 “si los estudios técnicos nos din que es posible, cambiaremos el

sistema” isto díxoo o Sr. Figueroa no ano 2006 recollido na prensa daquel entón, non sei que fixeron ou que non fixeron dende aquel entón para cambiar a tarifa da auga.

A cuestión da auga é unha cuestión moi sinxela, o actual contrato da auga só contempla dous usos da auga o auga doméstica ou a auga para uso non doméstico, se a vostede lles preocupan a actividades profesionais como nos preocupan a todos, un profesional que exerza a súa actividade profesional nunha vivenda, que por certo, é un uso compatible co Plan Xeral de Ordenación Urbana, o que paga é a auga en cota doméstica, polo tanto, non está a pagar máis cun particular que reside na súa casa, polo tanto, falacia primeira descuberta e posta de manifesto nesta moción que o único que pretende é facer ruído, un profesional que exerza a súa actividade profesional nunha vivenda paga a auga vivenda, polo tanto, non paga máis.

Pero imos ir agora a auga non doméstica, uso non doméstico, sabe cal é a diferenza entre o uso doméstico e o uso non doméstico nese tramo de trinta metros cúbicos? Cinco euros ao mes, nunha actividade que ten máis volume de xente, que ten máis uso da auga, polo tanto, é un prezo moito máis que razoable, insisto, o que pretende o Partido Popular é facer ruído, intentar enganar á cidadanía porque temos unha presión fiscal baixa, moderada, a máis baixa das cidades de Galicia e tampouco lle admito que xoguen coa caixa, a caixa ten unha función, amosa unha foto fixa nunha data pero ao día seguinte estanse a facer pagos, pero non a faga a ilusión de que temos x cartos en caixa porque eses cartos úsanse para satisfacer ás necesidades da cidadanía, pagar o bono bus, ás escolas infantís, ás actividades escolares, ás bolsas de inglés, ás humanizacións, á política social, á política cultural, educativa, polo tanto, usamos a caixa para facer fronte ás necesidades da cidadanía, non fagan ciencia ficción, política de enganar á cidadanía coa caixa deste Concello, é un Concello ben xestionado.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros eu de verdade que non me quero poñer a dar leccións porque creo que vostede é concelleiro de Facenda e debe saber bastante do tema senón non o sería, pero é que ás veces non o parece, sinceramente, cando vostede di determinadas cousas non parece nin sequera que se lea os propios informes que fan os técnicos do Concello en materia de facenda e nos informes da

Intervención, sinceramente llo digo Sr. Aneiros, que vostede cando falamos do imposto de bens inmobles e do tipo impositivo que é do que depende do Goberno Municipal nos saía coa base imponible que é valor catastral, que evidentemente e menos mal que non dependen de vostedes porque se dependera de vostede xa subiría non sei canto, pero que queira desviar a atención e que non vexa a diferenza entre un tipo impositivo e unha base imponible xa é preocupante, que nos diga que os comerciantes non pagan a auga industrial unha oficina tamén é preocupante, iso quere dicir que non fala vostedes cos comerciantes, que non escoita os problemas que teñen, non fala con eles, vostede viven no seu mundo ideal, entra vostede no Concello polas mañás que me imaxino que virá tódalas mañás e dirá vivimos nunha cidade estupenda, que presión fiscal tan baixa temos e non quere escoitar a ninguén máis e dende logo non escoita aos comerciantes desta cidade que están afogados polos impostos e lle recomendo ao Sr. Rivas que se lea as estadísticas dos comercios que abren e pechan nesta cidade. Que logo nos veña a dicir que non pagamos a auga máis cara, Sr. Aneiros, non é que paguemos a auga máis cara ou máis barata é que pagamos pola auga que non consumidos, é que unha persoa que viva soa, que gaste 9 metros cúbicos paga 30 euros, a vostede lle parece iso razoable, lle parece que a auga industrial que pague unha oficina ten que pagar esa auga industrial cando non hai un consumo industrial? O 40% máis, a vostede lle parece razoable? A min non mo parece, e mire van a vostedes a velocidade de cruceiro que esa expresión tan manida que lle gusta tanto utilizar ao Sr. Alcalde, que lle gustan tanto as palabras grandilocuentes, e o que van a velocidade de cruceiro é recadando aos vigueses a 30 de setembro xa superaron as previsións de ingresos do impostos de bens inmobles, da plusvalía, do imposto de actividades económicas, do impostos sobre vehículos é que van a unha velocidade de cruceiro evidentemente recadando, a pena é que non son vostedes tan dilixentes gastando, insisto, son incapaces de gastar todo o que recadan, demostran ano tras ano a súa incapacidade de xestión, repetimos, acumulamos remanente, 151 millóns de euros, claro que as administracións teñen que ter cartos en caixa, por suposto, fallaría máis Sr. Aneiros, pero dun Orzamento de 220 millóns ter un remanente de 151 é para facerllo mirar, para un bo xestor público é para facerllo mirar.

PRESIDENCIA: Por clarexarlle a este home que está no público, aquí non se cobra desa forma, aquí pola taxa de conexión dánse 30 metros cúbicos gratis de consumo, pola mesma conexión que hai noutras cidades de España, pola mesma taxa de conexión que hai en Madrid aquí se permiten 30 metros cúbicos. Por certo, este sistema funcionou cando gobernaba o Partido Popular e gobernaba con maioría, cando gobernaba o Partido Popular con minoría e funciona exactamente así e as tarifas de auga son nesta cidade as máis baratas en Galicia, polo tanto, quería clarexarlló aquel señor que fixo un comentario amable e eu quérolle dicir dende aquí con toda a amabilidade tamén que este é un sistema de conexión que dada a abundancia habitual que empeza a non ser a realidade neste momento, máis ben é a contraria permite un consumo gratis de 30 metros cúbicos de auga, sistema de tarificación que houbo co Bloque Nacionalista Galego, co Partido Popular e que continua co Partido Socialista.

Noutro orde de cousas e por clarexar cuestións, eu teño unha discusión co Sr. Montoro en nome de tódolos concellos de España, consiste en que nos deixe utilizar os remanentes, quen prohibe a utilización dos remanentes de tódolos concellos de España é o Sr. Montoro e nos ten indignados a tódalas alcaldesas e a tódolos alcaldes, calquera que sexa a súa cor política, porque alcaldes do Partido Popular de tantas cidades de España están indignados con ter remanentes que o Sr. Montoro non deixa utilizar, alcaldes de grupos de Podemos e de Marea de Vigo en tantos lugares de España están indignados por non poder utilizar os remanentes que o Sr. Montoro non lles deixa utilizar e alcaldes do Partido Socialista e alcaldesas de tódolos grupos estamos indignados porque o Sr. Montoro non nos deixa utilizar os remanentes, porque se lle permite ao Sr. Montoro cargar sobre os cidadáns dos concellos de España o custe do axuste para a Unión Europea, e polo tanto, e esta política cicatrera e regresiva do Sr. Montoro co Sr. Rajoy diante, que non deixa que os concellos especialmente os que non temos débeda, os que pagamos en tempo e prazo, os que temos capacidade de xestión, os que temos baixa presión fiscal, os que xa non temos ningunha obriga con ningunha débeda a curto prazo, non nos deixa gastarnos os cartos, obríganos a ter en caixa, en suma, en remanentes. E polo tanto, que a toda a cidade saiba que cando o Partido Popular di que gastemos o remanentes é o que o Sr. Montoro do Partido Popular non nos deixa facer, porque eu comezo mañá pero o Interventor aquí sentado, ten unha instrución específica do

Sr. Montoro de non deixar utilizar os remanentes, póño por testemuña que está aquí sentado, é o Sr. Montoro o que non lle deixa ao Interventor autorizarnos a gastar os aforros de tódalas viguesas/es, esa é a realidade da política neste país que é o Sr. Montoro non nos deixa facer máis política social, máis política de emprego, máis obras públicas, máis pavillóns, máis política cultural porque non nos deixa porque queren que eses recursos os gasten outras institucións e polo tanto a súa política regresiva é a que está a denunciar o Partido Popular de Vigo que lle invito que lle mande unha carta ao Sr. Montoro dicindo que retire a limitación para que o Interventor nos permita gastar os cartos, canta mentira política, canta mesquindade política dos que pretenden enganar a esta cidade unha vez máis, enganando a Vigo, facendo política contra Vigo e mentindo a Vigo porque os responsable chámanse Rajoy e Montoro coa oposición de todo o resto do Parlamento que non comparte iso, dígamolo de paso, ao goberno de España apóiano nisto o partido de Cidadáns, van xuntos sen restrinxir a capacidade real dos concellos de utilizar os seus propios remanentes, pero nisto e quero dicilo, e con isto remato, saben quen estamos de acordo? Os alcaldes de Podemos, Marea, do Partido Popular e do Partido Socialista, tódolos de España estamos de acordo, quen non está de acordo? O grupo Popular de Vigo, o que se ve, e o Sr. Montoro e o Sr. Rajoy e esta é realidade política nesta cidade, os que menten seguen mentindo e aí polo baixo fan xestos, e cousas así pero danos igual porque os cidadáns saben moi ben a quen crer nesta cidade.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.10.2017 (Rex. Nº 1634/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Hai dúas mocións urxentes, primeiro hai unha moción urxente presentada polo grupo Marea de Vigo sobre cuestións relacionadas co autogoberno de Cataluña aplicación do artigo 155 da Constitución, que nós estamos dispostos a que se debata, se estamos tacitamente de acordo os grupos iniciamos xa directamente o debate e facemos a votación despois se lles parece aos grupos e iniciamos o debate ao respecto.

12(Bis)(173).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO QUE SE MANIFESTE O REXEITAMENTO Á SUPRESIÓN DO AUTOGOBERNO DE CATALUÑA, ASÍ COMO AOS RECORTES EN DEREITOS E LIBERDADES. REXISTRO PLENO 1641/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2017, número 1641/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Motivación da Urxencia: O pasado sábado 21 de outubro, o goberno do estado iniciou os trámites cara a aplicación do artigo 155 da Constitución española sobre a comunidade autónoma de Cataluña. Segundo o artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, que reflicte que a motivación da presentación de urxencia ten que darse por feitos acontecidos entre a data de Convocatoria do Pleno e o día seguinte, o Grupo Municipal da Marea de Vigo entende que, tendo acontecido este feito o día 21 de outubro e sendo a Convocatoria do Pleno o día 20 do mesmo, esta moción ten cabida segundo o artigo citado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O que está a acontecer en Cataluña afecta á toda a sociedade, a todas e todos sen excepción. O inmovilismo e a manifesta incapacidade do goberno español para acadar solucións políticas para un conflito cuxa orixe e política é a causa dos feitos que estamos presenciando estas últimas semanas.

Decidir libre e democraticamente o seu futuro é un dereito lexítimo do pobo catalán (e manifestamente demandado). O exercicio deste dereito non debe entenderse como un ataque contra ninguén senón como algo positivo e enriquecedor nunha sociedade democrática. As institucións, polo tanto, deben velar polo seu exercicio con garantías, non limitándoo apostando polo confronto e a represión.

Trala consulta celebrada en Cataluña o 1 de outubro, o goberno do PP enviou un requirimento ao Parlament ao fío da "declaración de independencia" do Parlament de Catalunya. A continuación reproducimos literalmente parágrafos da resposta do goberno catalán .

Respecto ao Pleno celebrado o día 10 outubro:

"Cuando el pasado día 10, atendiendo a la petición de numerosas personalidades e instituciones internacionales, española y catalanas, le planteé una oferta sincera de diálogo, no lo hice como una demostración de debilidad sino como una propuesta honesta para encontrar una solución a la relación entre el Estado español y Catalunya que lleva bloqueada desde hace muchos años".

Respecto ao resultado da consulta celebrada o día 1 de outubro:

"La suspensión del mandato político surgido de las urnas el 1 de octubre demuestra nuestra firme voluntad de encontrar la solución y no el enfrentamiento. Nuestra intención es recorrer el camino de forma acordada tanto en el tiempo como en las formas. Nuestra propuesta de diálogo es sincera y honesta. Por todo ello, durante los próximos dos meses, nuestro principal objetivo es emplazarle a dialogar y que todas aquellas instituciones y personalidades internacionales, españolas y catalanas que han expresado su voluntad de abrir un camino de negociación tengan la oportunidad de explorarlo. Comprobaremos de esta manera el compromiso, de cada una de las partes, en hallar una solución acordada".

Queda claro para calquera persoa que lea o texto que, de feito, o día 10 de outubro non foi declarada a independencia de Catalunya.

Sorprendentemente, ante unha resposta por parte do President da Generalitat, na que se explícita que non hai declaración de independencia, o executivo español inicia os trámites previstos no artigo 155 da constitución para intervir as institucións catalás. Así, o sábado, 21 de outubro, o goberno de España, tras un consello de ministros extraordinario, presentou as medidas fundamentais derivadas da aplicación do artigo 155 da constitución, que deberán ser aprobadas tras pasar polo Senado e traerán consigo a destitución de todo o goberno catalán ao establecer o cese do seu presidente, vicepresidente, así como dos/as consellers, xefes/as de gabinete e colaboradores/as de confianza que serán substituídos/as nas

súas funcións polos cargos que decida o executivo, controlando desde os ministerios as competencias das consellerías.

O Parlament seguirá en funcionamento, pero con supervisión e limitacións: a idea é que a cámara catalá non tome ningunha decisión contraria á aplicación do propio artigo 155: poderá legislar sobre montes ou estradas catalás pero non nomear novo/a presidente/a nin designar outro Govern. Ademais, haberá un control sobre a actividade parlamentar: as proposicións de lei serán revisadas por unha autoridade que designará o goberno. Se esa autoridade considera que a norma en cuestión vai en contra do previsto no artigo 155, esa lei deixará de tramitarse.

No documento presentado polo goberno faise fincapé na cuestión da seguridade, establecendo que se darán instrucións directas e de obrigado cumprimento aos Mossos, así como a posibilidade de acordar o despregamento da policía nacional e a garda civil en Cataluña para que actúen de xeito coordinado coa policía catalá.

Habilitase ao executivo central para exercer as competencias precisas en materia económica, financeira, tributaria e orzamentaria.

A televisión e a radio públicas de Cataluña tamén serán intervidas, para “defender a pluralidade”, segundo argumenta o Partido Popular, “garantindo a transmisión dunha información veraz, obxectiva e equilibrada, respectuosa co pluralismo político, social e cultural e tamén co equilibrio territorial, así como co coñecemento e respecto dos valores e principios contidos na constitución e no estatuto de autonomía de Cataluña”.

Esta medida en concreto é destacable por exceder o propio contido do artigo 155, xa que coa intervención da Corporación Catalana de Medios Audiovisuales (CCMA), con TV3 á cabeza, o goberno tomaría o control da información, establecendo de facto unha canle de publicidade partidaria, como xa fai con Televisión Española, denunciada en múltiples ocasións polo seu propio consello de informativos.

A fin última da aplicación do artigo 155 é a convocatoria de eleccións autonómicas para “restituír a legalidade”. Ao aprobarse no senado estas medidas, o presidente do goberno estaría facultado para convocar eleccións e tería un prazo máximo de seis meses para facelo. Se dentro dese prazo de seis meses fixado como tope o goberno considerara que non se dan as circunstancias para que as eleccións discorran con normalidade, podería pedir ao senado que a intervención da Generalitat continúe, para o que debería presentar ante a cámara alta outro acordo do consello de ministros.

O Partido Popular, caracterizado polo seu inmovilismo, cando non agresividade, durante todo este conflito político volve dar un paso máis que podemos considerar delirante.

De facto é o propio goberno presidido por Rajoy o que declara a independencia de Catalunya e ao mesmo tempo fulmina a quen debían e podían ser as súas interlocutoras/es lexítimas, democraticamente elixidas polo pobo de Cataluña: O Parlamento e o Goberno de Catalunya son as institucións representantes da vontade democrática do pobo catalán. As medidas citadas anteriormente fulminan ese goberno así como calquera política de diálogo, o cal é inadmisíbel: é un grave

erro deixar sen voz ao pobo de Cataluña, que neste momento, por medio do seu Goberno, do seu presidente e do seu Parlamento, teñen a obriga de exercer de interlocutor válido para solucionar este conflito político, e que por tanto, require dunha solución política.

Calquera conflito político hai que solucionalo politicamente, non a través da xudicialización, a represión e a criminalización. En democracia, os conflitos deben solucionarse con máis democracia.

Apostamos polo diálogo entre tódalas partes e rexeitamos a represión contra as institucións democráticas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguinte

ACORDO

- Manifestar publicamente o seu rexeitamento e condena á supresión de facto do autogoberno de Cataluña, así como ao recorte de dereitos e liberdades que o Goberno español levou a cabo nas últimas semanas fronte a un conflito político.

- Instar ao Goberno español a suspender as medidas anunciadas ao fío da aplicación do artigo 155 da Constitución, abrindo vías de diálogo que permitan a resolución pacífica e democrática deste conflito.”

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: O que está a acontecer en Cataluña afecta a toda a sociedade, a todas e a todos sen excepción, o inmovilismo e a manifesta incapacidade do goberno español para acadar solucións políticas para un conflito cuxa orixe é política, é a causa dos feitos que estamos presenciando estas últimas semanas. Decidir libre e democraticamente o seu futuro é un dereito lexítimo do pobo catalán, o exercicio deste dereito non debe entenderse como un ataque contra ninguén senón como algo positivo e enriquecedor nunha sociedade democrática. As institucións polo tanto, deben velar polo seu exercicio con garantías, non limitando, apostando polo confronto e a represión.

Trala consulta celebrada en Cataluña o 1 de outubro, o goberno do Partido Popular enviou un requirimento ao Parlament ao fio da declaración de independencia do Parlament de Cataluña, a continuación vou ler literalmente parágrafos da resposta do goberno catalán, respecto ao Pleno realizada o 10 de outubro “cuando el pasado día 10 atendiendo a la petición de numerosas personalidades, instituciones

internacionales, españolas y catalanas le planteó una oferta sincera de diálogo no lo hice como una demostración de debilidad, sino como una propuesta honesta para encontrar una solución a la relación entre el estado Español y Catalunya que lleva bloqueada durante muchos anos” respecto ao resultado da consulta celebrada o día 1 outubro, “la suspensión del mandato político surgió de las urnas el 1 de octubre, demuestra nuestra firme voluntad de encontrar la solución y no el enfrentamiento, nuestra intención es recorrer el camino de forma acordada tanto en el tiempo como en las formas, nuestra propuesta de diálogo es sincera y honesta, por todo ello durante los próximos dos meses nuestro principal objetivo es emplazarle a dialogar y a que todas aquellas instituciones y personalidades internacionales, españolas y catalanas que expresaron su voluntad de abrir un camino de negociación, tengan la oportunidad de explorarlo, comprobaremos de esta manera el compromiso de cada una de las partes en hallar la solución acordada”. Queda claro para calquera persoa que lea o texto que de feito o día 10 de outubro no foi declarada a independencia de Cataluña, sorprendentemente ante unha resposta por parte do presidente da Generalitat na que se explícita que non hai declaración de independencia, o executivo español inicia os trámites previstos no artigo 155 da Constitución, para intervenir nas institucións catalás, así o sábado 21 de outubro o goberno de España presentou unhas medidas fundamentais derivadas da aplicación deste artigo que deberán ser aprobadas tras pasar polo Senado e levará consigo a destitución de todo goberno Catalán.

O Parlament seguirá en funcionamento pero con supervisións e limitacións, as proposicións de leis serán revisadas por unha autoridade que designará o goberno, se esta autoridade considera que a norma en cuestión vai en contra do artigo 155, esta lei deixará de tramitarse. No documento presentado polo goberno faise fincapé na cuestión da seguridade establecendo que se darán instrución directas e de obrigado cumprimento aos Mossos. Habilítase ao executivo central para exercer as competencias precisas en materia económica, financeira, tributaria e orzamentaria.

A televisión e a radio pública de Cataluña tamén serán intervidas para defender a pluralidade segundo o argumento do Partido Popular, garantindo a transmisión dunha información veraz, obxectiva e equilibrada, respectuosa co pluralismo

político, social e cultural e tamén co equilibrio territorial así como co coñecemento respecto dos valores e principios contidos na Constitución.

Non sabemos a información veraz será a imaxe e semellanza da televisión pública española, excluída do comité de informativos da Unión Europea de Radio Difusión xa que a candidata proposta non foi aceptada debido aos negativos informes de organizacións profesionais internacionais sobre a independencia dos informativos.

Esta medida en concreto é destacable por exceder o contido do propio artigo do 155, a fin última da aplicación do artigo 155 é a convocatoria de eleccións autonómicas para restituír a legalidade, aprobar no Senado estas medidas, este venres, o presidente do Goberno estaría facultado para convocar eleccións e tería un prazo máximo de seis meses para facelo.

O Partido Popular caracterizado polo seu inmovilismo, cando no agresividade, durante todo este conflito político volve dar un paso que xa se pode considerar delirante, de fato é o propio goberno presidido por o Sr. Rajoy o que declara a independencia de Cataluña e ao mesmo tempo fulmina a quen debía e podía ser a súa interlocutora ou interlocutor lexítimo, elixidas polo pobo de Cataluña, o Parlamento e goberno de Cataluña son as institucións representantes da vontade democrática do pobo Catalán, as medidas citadas anteriormente fulminan ese goberno, así como calquera política de diálogo, o cal é inadmisibile, é un grave erro deixar sen voz ao pobo de Cataluña que neste momento por medio do seu goberno, do seu presidente e do seu parlamento, teñen a obriga de exercer de interlocutor válido para solucionar este conflito político e que polo tanto require unha solución política.

Calquera conflito político hai que solucionalo politicamente, non a través da xudicialización, a represión e a criminilización, en democracia os conflito soluciónanse con máis democracia, apostando polo dialogo entre tódalas partes e rexeitamos as represións contra as institucións cataláns.

Por estes motivos propoñemos ao Pleno do Concello de Vigo os seguintes acordos: Manifestar publicamente o seu rexeitamento e condena á supresión de fato do autogoberno de Cataluña así como o recortes de dereitos e liberdades que o goberno español levou a cabo nas últimas semanas fronte a un conflito político. E segundo, instar ao goberno español a suspender as medidas anunciadas ao fío da

aplicación do artigo 155 da Constitución, abrindo vías de diálogo que permitan unha resolución pacífica e democrática deste conflito.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Lamentablemente non estamos para nada de acordo co que acabamos de escoitar e nos entristece que a Marea de Vigo se “podemice” porque renegan que son de Podemos pero traer aquí esta moción que lle mandaron traer dende Madrid e veu o outro día o señor da coleta a Navia a facerse unha foto, chegou no avión das nove e foise no avión da unha, entón que recado lle deixou Podemos á Marea de Vigo? Presentar esta moción no Pleno, é unha moción que serve para polo menos falar do tema catalán que é un tema que nos preocupa, nos ocupa, que está ocupando moito espazo en tódolos medios de comunicación ultimamente e o ocupa porque houbo uns señores/as en Cataluña que os días 6 e 7 de setembro saltáronse a lei, cargáronse o Estatuto de Autonomía, a Constitución que prometeran para exercer o seu cargo e levaron a Cataluña a unha deriva absolutamente irracional porque o que pase en Cataluña, Cataluña forma parte de España, é España e foino durante máis de 500 anos, vai seguir sendo España Cataluña porque non imos deixar que se marche de España porque o que pase en Cataluña témolo que decidir entre tódolos españois, o que pasa en Cataluña se podería modificar se é que tódolos españois en referendun votamos algún acordo para que Cataluña cambie o seu estatuto inicial e o que vostedes pretenden con esta moción é intentar obstaculizar, poñer paus na roda para que o estado, o goberno de España se defenda ante esta deriva nacionalista, independentista dos cataláns, pero os cataláns son bastantes listos e xa comezaron a ver como en Cataluña hai moita xente que non apoia esas teses independentistas como as principais empresas de Cataluña estanse a marchar de Cataluña porque o que queren é seguir sendo parte de España.

Vostedes falan de diálogo, diálogo será cando alguén respecte a lei e cando alguén estea dentro da lei, cando alguén está fora da lei é imposible establecer un diálogo, primeiro hai que restituír a democracia en Cataluña, hai que restituír a lei e o ordenamento xurídico de Cataluña e unha vez que iso pase pois haberá eleccións autonómicas e un novo goberno, esperemos que non sexa como o que hai agora actualmente en Cataluña porque o que trouxo é miseria para os cataláns, fuga de empresas e o absoluto caos en toda Cataluña e en España porque isto que está a

pasar en Cataluña tamén esta a afectando a España, a imaxe que temos como país fora de España, aos investimentos empresariais de grupos de investimento que poderían estar agora confiando na estabilidade que da un goberno como é o do Partido Popular a España, un goberno que está preocupado e ocupado no que ten que estar un goberno, que é en crear emprego, establecer as condicións necesarias para que haxa estabilidade e crecemento económico e polo tanto benestar, e o que hai en Cataluña é alguén que en vez de estar falando dos problemas de Cataluña, da sanidade de Cataluña, da educación, das infraestruturas, quizais tamén do que outros gobernos anteriores ao actual fixeron de Cataluña, coas institucións en Cataluña e se beneficiaron e lucraron por ter estado tanto tempo nas institucións, en vez de falar diso pois o que está é a falar cun discurso populista de España nos rouba, pois España nos rouba non funciona, non vai funcionarlle aos Cataláns independentistas e ademais despertou no resto dos españois e no resto dos cataláns que non pensan así, esa maioría silenciosa que estaba silenciada máis que silenciosa, pois que comecen a saír voces en Cataluña que é o que é gracias a ter formado parte da historia de España e Cataluña seguirá sendo España porque o Partido Popular o venres así o imos intentar defender.

SR. LÓPEZ FONT: Espero por primeira vez na mañá ter oportunidade de expresarme tranquila, libremente sen que ninguén me interrompa porque a verdade este é o Pleno do nerviosismo do Partido Popular, evidentemente o nerviosismo ven pola enquisa que están a facer na que din que hai que cambiarlle a todos vostedes co cal comprendo o nerviosismo, pero este tema da moción é importante e hai que afirmar categoricamente que o pacto constitucional de 1978 supuxo a chegada da democracia, a mellor garantía e período democrático, fronte a isto da Constitución, neste momento algúns apoian unha posición política de secesión, que non é apoiada polo cidadáns, aquí estanse a falar de cuestións que non se corresponden en absoluto coa realidade, se lle chama referendun a calquera cousa cando evidentemente foino ilegal e foi un auténtico esperpento, fálase de recontos de votos e de resultado da votación nun procedemento en que alguén levaba as urnas dende a súa casa, volvíanas levar e todos vimos imaxes de persoas que votaban 4 e 5 veces, non, isto é rexeitable, fanse leis a imaxe e semellanza dalgúns, leis parciais e ilegais, o propio Parlamento de Cataluña está incumprindo as súas

propias leis e o propio estatuto de autonomía. Cal é a consecuencia de todo isto? Destruíuse e se está a destruír a convivencia dos cidadáns en Cataluña, estase a provocar unha inimaxinable tensión social, e como xa se dixo aquí estase a danar gravemente a economía de Cataluña pero tamén a economía dos españois cunhas tremendas consecuencias, e isto só ten unha solución e por iso lamentamos moito esta moción. Unha solución que debe levarse a cabo, hai que regresar á lei, non se pode falar de que se destrúe o autogoberno, non se pode falar de xudicialización e de ilegalidades por parte de aqueles que son os autores das maiores ilegalidades, a lei é para todos, as consecuencias da aplicación da lei tamén é para todos e precisamente e nestes 40 anos é o que garanta os nosos dereitos, a democracia, pero tamén concelleiros de Mareas é o que garante que vostedes estean aquí, que vostedes haxan sido elixidos polo pobo de Vigo é un marco constitucional ilegal que leva a unhas votacións no mes de maio e que saíron elixidos vostedes como saímos nós. O bochornoso desta moción, téñollo que dicir categoricamente, é que vostedes se poñan ao carón da secesión, ao carón do incumprimento da ilegalidade, nunha posición política que está a rompendo un país con 500 anos de historia e custounos moito a todos chegar ata o ano 1978.

Van vostedes mal, vostedes convertéronse na peor das sucursais dunha posición política ilegal e secesionista, dunha posición política que non ten ningún reflexo na sociedade viguesa, ninguén pódese imputar o que fala con tódolos vigueses, pero si lles podo dicir categoricamente que o que manifestaron vostedes aquí, o que propoñen que adoptemos como acordo débeno de pensar vostedes tres máis outros tres, non creo que nesta sociedade viguesa de 300.000 haxa acomodo a unha posición política deste tipo. Polo tanto, é unha moción contraria ao que habería que esperar, o que hai que fortalecer é o bloque constitucionalista, o que hai que fortalecer é o respecto á lei e á legalidade, e o que hai que fortalecer é que aquel que incumpre ten que volver á lei porque é a lei precisamente a que lle fixo ser presidente de tódolos cataláns. Polo tanto, cando se fala de restitución o que hai que restituír é a orde constitucional, o que hai que restituír é a legalidade e eu lamento moito que vostedes se haxan colocado nunha posición de cómplices, de sucursal no senso político de amparar posicións que están en contra da lei e que son claramente secesionistas.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Por se acaso non quedou claro vou ler outra vez os acordos da moción porque non sei de verdade se estamos a debater sobre os acordos da moción ou sobre as lexítimas posicións políticas que pode ter cada grupo. Manifestar publicamente o seu rexeitamento a condena e supresión de facto do autogoberno de Cataluña e punto dous, instar ao goberno español a suspender as medidas anunciadas ao fio da aplicación do artigo 155, abrindo vías de diálogo que permita resolución pacífica e democrática deste conflito.

Vou ir por partes, igual se me queda algo atrás, a aplicación do artigo 155 é o resultado da non declaración de independencia de Cataluña, Cataluña non declarou a independencia nese Pleno, sen embargo se lle aplica o artigo 155 imposibilitando calquera vía de diálogo.

O Congreso e o Senado xa votaron por exemplo o Estatut de Cataluña, que o grupo Popular denunciou ao Tribunal Constitucional, en canto á fuga de empresas o Congreso convalidou o Real Decreto para facilitar a saída de empresas de Cataluña, pero de que estamos a falar aquí? Evidentemente o proceso independentista é verdade que houbo para titulares, pero non é verdade que en Cataluña só se fale disto, o Tribunal Constitucional suspende a lei catalana contra a pobreza enerxética, de Alfonso a Fernández Díaz “les hemos destrozado el sistema sanitario” o Parlament pide a derogación das reformas laborais, grazas hai que dicilo a división de votos de Junts per Sí, somos perfectamente conscientes de que hai dereita neste proceso. Cada un de nós pode ser ou non independentista ou o queira politicamente pero isto non vai de independentismo, saquémonos isto da cabeza, moitas persoas que están a favor absolutamente da consulta catalana están en contra da independencia da Cataluña, temos que abrir un proceso democrático que solucione isto politicamente, non que o empeore, fagamos un referendun pactado, con garantías, e fagamos campaña a favor do si e a favor do non, eu non son o que ten que decidir a independencia do pobo catalán, é o propio pobo catalán o que ten que decidila nun proceso democrático e totalmente normalizado, por suposto que este referendun non tivo garantías, a represión do Estado fíxoo imposible, como vai haber garantías con Cataluña ocupada polas forzas de seguridade do Estado por ordenes do Partido Popular? É imposible.

En canto a regresar á lei, as leis non son inmutables, nunca o foron e nunca o serán, hai leis xustas e inxustas, polo tanto en canto este debate polo menos serviu

efectivamente para clarificar as posicións dos grupos políticos, son señores do Partido Popular, con todo o respecto, son moi pesados co tema de Podemos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.10.2017 (Rex. Nº 1641/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Tamén temos presentada por parte do grupo Popular, unha moción urxente referente a instar ao goberno municipal a presentar ante esta corporación os informes da grada de Río, se está garantido os partidos disputados contra o Alavés, Getafe e o Girona, e instar ao goberno municipal informar as medidas concretas que ten pensado levar a cabo para garantir a seguridade e evitar a afección cando se acuda a Balaídos.

Pasamos ao debate.

12(Tercer)(174).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PRESENTAR OS INFORMES TÉCNICOS QUE DEMOSTREN A SEGURIDADE NA GRADA DE RÍO E INFORMAR DAS MEDIDAS ADOPTADAS. REXISTRO PLENO 1640/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro de 2017, número 1640/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado venres 20 de outubro, o grupo municipal do Partido Popular de Vigo presentou un escrito na Secretaría Xeral deste Concello solicitando ao goberno local un informe dos servizos técnicos municipais sobre as condición de seguridade da grada de Río que garantise a seguridade desta infraestrutura con vistas ao partido que se ía celebrar o domingo 22 ás 16.15 horas.

A resposta do goberno municipal chegou en forma de comunicado público ás 21 horas dese mesmo venres, nun escrito no que informaban do peche da grada para o susodito partido por motivos de seguridade. Escrito que, por outra banda, contradecía as declaracións públicas efectuadas polo alcalde de Vigo o martes 17 e o mércores 18 da mesma semana pasada, nas que garantía coa súa palabra a seguridade e a apertura de Río para recibir ao Atlético de Madrid. “La grada está garantizada”, dixo textualmente a preguntas dos periodistas nunha das súas comparecencias públicas.

Neste marco, a posterior rectificación do executivo local non fixo se non poñer de manifesto a gravidade de todos estes feitos: a decisión adoptada soamente trala solicitude do Partido Popular; o cambio de criterio a menos de 48 horas do inicio do choque, co clara prexuízo para o RC Celta e os seus afeccionados; e a propia contradición das verbas públicas do alcalde.

Unha cadea de acontecementos que, ata o de agora, presentan moitas preguntas e moi poucas respostas. ¿Estaba garantida a seguridade dos afeccionados nos choques que se disputaron con esa mesma cuberta instalada na grada de Río fronte ao Alavés, o Getafe e o Girona? ¿Existen informes técnicos previos que garantan dita seguridade nestas xornadas de Liga? ¿Qué criterios seguiu o Goberno local para a apertura da grada nas distintas xornadas? ¿Cales son os novos prazos que se manexan, tanto para a apertura da grada como para o remate das obras? ¿Qué sobre custo suporán todas estas actuacións?

Porque cómpre lembrar que, xunto ao risco para a seguridade das persoas, a reforma de Balaídos suma xa sobre custos por valor de 4 millóns de euros, ademais de continuos retrasos. Non en van, na campaña electoral das municipais de 2015, o alcalde prometía que o novo Balaídos estaría listo ao comezo desta tempada 2017/2018.

O tempo ten demostrado que as obras en Balaídos finalizarán, con sorte, para a tempada 2020/2021, no mellor dos casos. E está por ver en qué condicións rematan, visto que, na grada de Tribuna, única concluída ata o de agora, hoxe en día a afección se molla cando chove e os vestiarios teñen sufrido inundacións. Feitos todos eles que non fan se non poñer en dúbida a verdadeira capacidade deste goberno de levar a cabo a reforma do estadio municipal de Balaídos.

Por todo o exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

- Instar ao Goberno municipal a presentar ante esta Corporación os informes técnicos pertinentes que demostran que a seguridade da grada de Río estaba garantida nos partidos disputados contra o Alavés, o Getafe e o Girona.
- Instar ao Goberno municipal a informar das medidas concretas que ten pensado levar a cabo para garantir a seguridade e evitar que a afección acuda con medo a Balaídos.

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar gracias por admitir esta moción do Partido Popular para falar do Celta e para falar de Balaídos, porque creo que é importante que no Pleno da cidade de Vigo se fale dos problemas de Vigo, algúns son máis importantes que outros evidentemente, podemos estar de acordo que o que pasou o pasado fin de semana cos incendios na cidade pois é o tema máis importante que agora temos enriba da mesa en Vigo, este tema é bastante importante porque o estadio de Balaídos é unha instalación municipal, levamos meses eu diría que anos falando dos problemas que está orixinando a obra no Estadio, da chapuza de obra que decidiu acometer este goberno municipal, con sobrecustes na grada de Tribuna e na grada de Río e que o vimos a semana pasada é un capítulo máis desta pesadelo na que creo que o Alcalde debería dar algunhas explicacións.

Resulta que o luns pasado pola tarde na grada de Río aparece un problema, o martes o Alcalde da cidade di que hai un problema na grada de Río cunha barras, con 13 barras que se soltaron da estrutura pero que o partido da fin de semana contra o Atlético de Madrid non ía a correr ningún perigo, o mércores di novamente e asegura o Alcalde que a grada de Río e a apertura da grada e o partido está absolutamente garantido, o xoves incluso polas declaracións do Presidente do Celta

avanzou o Concello dille ao Real Club Celta que se ía abrir a grada o Domingo, isto é o xoves e non é ata o venres ata as 8 da tarde cando o Concello ponse en contacto co Club para dicirlle que como non hai seguridade garantida dos aficionados que ían poder ver o partido o domingo entón o Concello decide que a grada non se abre porque o Partido Popular, coa responsabilidade que ten na súa labor de oposición de fiscalizar ao goberno, esixiulle pola mañá por escrito, vía Rexistro, ao Alcalde que garantira a través dun informe técnico de alguén técnico que asinase que a grada estaba en perfectas condicións e que non ía haber nin a máis mínima remota posibilidade de problema en canto á seguridade dos aficionados que sempre ten que ser o máis importante.

Despois dese día houbo moita desinformación, moitas contra informacións, hai moitas dúbidas, que si primeiro eran 388 pezas, despois que se eran 60 e pico, que agora di o Alcalde, onte dicía que se ía abrir a grada para o próximo partido de liga que é o 5 de novembro en Balaídos pero tampouco presenta ningunha certificación, ningún informe técnico que así o acredite e ademais da que pensar porque por un lado di que se vai abrir pero por outro lado din que van a baixar a estrutura que está colocada e que van ver se está en perfecto estado, entón entendemos que ata rematar ese traballo de desmontar a estrutura que está rematada, pois entendemos que non vai poder ser garantida a seguridade. Tamén preguntamos nesta moción senos tres partidos de liga que que se disputaron en Balaídos este mes pasado en setembro, cando xa estaba a estrutura montada, se os aficionados corrían algún risco por ter acudido sen ter a certeza de que esa grada está en perfecto estado e polo tanto tamén pedimos que de unha vez por todas o Alcalde e o Celta retomen o diálogo, que se inclúa ao Celta nas reunións de seguimento da obra porque non ten ningún sentido que non estea o Celta nesas reunións de seguimento e que se deixe xa de dicir ideas e palabras grandilocuentes e se dea información aos cidadáns de Vigo que somos os que ao final estamos a pagar os 12 millóns de euros polos que nos está a custar esta instalación.

SR. PÉREZ CORREA: Cando se esquece que Balaídos é unha infraestrutura pública, que é un edificio público do inventario municipal e o edificio posiblemente que máis xente alberga ao mesmo tempo nunha competición ou nun evento, se esquece que é unha responsabilidade pública tamén á súa seguridade, polo tanto, se se

detectan defectos da infraestrutura, o lóxico é non ocupar esa infraestrutura iso é de libro, polo tanto nós nos seu día cando co vendaval voaran pezas da grada de Río e houbo unha paralización dun partido sexa o Real Madrid-Celta, sexa calquera outro equipo de primeira, segunda ou terceira división, dámos exactamente igual e estamos de acordo con que a seguridade da xente ten que ir o primeiro.

Non nos gustan os ultimato, nós estando de acordo nalgunhas aseveracións do Club, con que non hai motivo para excluír dunha Comisión de Seguimento das obras ao Club, non o hai, incluso no inicio desta reparación por parte do estadio, o Real Club Celta estaba presente na Comisión de Seguimento, non hai motivo para furtar por parte do Concello a información a unha entidade coa que ten subscrita un convenio de utilización case exclusiva dese estadio, non hai motivo, estamos de acordo, tampouco nos gustan os ultimatoss de empresas e de intereses privados a concellos públicos e democráticos, é dicir, 24 horas para dicirme se se pode abrir a grada ou non, que acaba hoxe polo que coñecemos das declaracións do Presidente o Sr. Mouriño, non nos gusta porque se fan falla máis días porque as recomendacións técnicas requiren un estudo, estamos de acordo que sexan varios días e se hai que pechar unha temporada o estadio tamén estamos de acordo, non hai ningún interese privado por enriba do interese público de seguridade, pero iso si, nós o que queremos saber é se se podería ter evitado isto, informando ao Club con tempo, se se podería ter solventado iso facendo un seguimento independente, que o Club e o Real Club Celta puideran facer unha auditoría independente porque parece ser que o Club xa viña alertando dos problemas da estrutura e doutras estruturas incluso con cuestións que son importantes para o Club, como poden ser onde queda a iluminación do Estadio, porque a iluminación non é algo que se lle ocorra a un técnico municipal e algo que ten que auditar neste caso a propia FIFA para as competicións europeas e polo tanto, a iluminación non é unha cuestión que se nos ocorra a nós, ou que se lles ocorra á empresa concesionaria. Polo tanto, como medida de solución nós pedimos que o Club estea presente na Comisión de Seguimento da obras, que opine tamén, por que? Porque se se anuncia, ou polo menos se bota un globo sonda de que hai unha posibilidade de desbloquear, hoxe o Sr. Mouriño parece ser que volve a ameazar con que o Club marche de Vigo, pero se había unha solución de consenso que era a concesión administrativa de 25, 50 anos cun investimento público, un proxecto de case chave en man, entregándolle

ao Real Club Celta a xestión de 1.000 prazas de aparcadoiro, máis os centros comerciais a cambio dun canón, iso é o que está enriba da mesa pero como non hai ningunha mesa onde se senten todos a falalo e o que se vai dicindo, pois ao mellor é interesante que a persoa que vaia a ter a concesión, ou a entidade que vai ter a concesión a 50 anos tamén opine, polo tanto nós aí pedimos que esa mesa se constitúa e se leve adiante e se ten que haber un informe técnico ao mellor ten que ser independente, nin a empresa concesionaria que obviamente ten intereses nin o Concello de Vigo que obviamente ten intereses, nin o propio Celta que obviamente ten intereses, pois fagamos un informe técnico porque estamos a falar dunha infraestrutura que cae sobre as cabezas dos espectadores. Polo tanto non vai haber outra solución porque outra solución sería abrir un conflito permanente entre o Club de Fútbol e o Concello e o que significaría que os únicos agraviados nin sequera van ser os xogadores, nin os directivos, nin os concelleiros, os únicos agraviados van ser os abonados que dende logo o domingo pagando o seu abono moita xente facendo esforzos económicos moi importantes non puido acceder ao estadio, é certo que por unha medida de seguridade e dicimos que iso para nós é o prioritario.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que hoxe estamos a debater aquí esta última moción con calma é espero que segamos mantendo así con calma para poder escoitar tódalas argumentacións.

Para este goberno a seguridade é o primeiro, por enriba de calquera cousa, o municipal de Balaídos estará aberto e non fará falla nin 24 horas nin 48 horas, onte xa o dixo o Alcalde, o municipal de Balaídos estará aberto ó 100% para o partido do Atlético de Madrid.

A obra de Balaídos, Sr. Fidalgo, a coñecen en tempo real tódolos asinantes do convenio, repito, en tempo real tódolos asinantes do convenio, Concello de Vigo, Celta de Vigo e Deputación de Pontevedra.

A Comisión de Seguimento da obra de Balaídos segue estando aberta e cada vez que se convoca seguen participando tódalas partes constituíntes desa comisión, Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra e Celta de Vigo, repito, segue estando participada polo Celta de Vigo e na última reunión participou e asistiu, non só iso, en cada un dos partidos que se celebran no municipal de Balaídos, faise que

informes técnicos previos e que garantías de seguridade hai, tódalas actas de coordinación previas a cada un dos eventos deportivos celebrados, incluso os torneos de squash que celebramos ao final de verán debaixo da grada, onde se poñen e acordan tódalas medidas de seguridade a adoptar, e nesta reunión está a Dirección de Obra, o Concello de Vigo, a empresa adxudicataria, a Policía Nacional, a Policía Local e o Real Club Celta de Vigo, ademais inclúense as actas de coordinación polo coordinador de seguridade e saúde que implantan as accións concretas a executar pola parte contratada, achegándose planos de instalación a nivel de rúa onde se establecen as áreas de valado da obra, ocupación da vía pública, percorrido de evacuación para garantir os fluxos dos asistentes, da seguridade e se delimita en planos de planta a seccións e zonas accesibles aos público, libro de incidencias número 2, folla 3, 4, 5 e 10 como se establece nas normas de coordinación, de seguridade e de saúde.

Tamén se falaba de que medidas de seguridade se tomaban, non se pode ver que se realizou un estudo de evento pola Politécnica de Madrid para mirar que esa estrutura fose eficiente, si que é verdade que se fixo, como pedían os señores de Marea de Vigo, un informe técnico do Centro Tecnolóxico Aimen, e que se recibiu ás seis da tarde e os informes que tiñamos ata o venres ás seis da tarde eran todos favorables de que se podía usar a instalación e ás seis da tarde do venres informouse polo Centro Tecnolóxico Aimen o cal este Concello encargoulle un estudo das esferas que sostiñan a malla espacial da grada de Río e ese informe desaconsellaba o uso desa instalación polo público, por iso o venres ás seis da tarde, cando temos ese informe por escrito, son informados o Celta, o Concello de Vigo e a Deputación de Vigo, e non só son informados por este concelleiro, o propio Alcalde ponse en contacto co Real Club Celta de Vigo para facer esta información. Os criterios que o goberno local ten para a grada e para a execución destes traballos no principal e fundamental obran a seguridade, tódalas decisións tomadas polo goberno municipal en relación coa celebración dos partidos de fútbol no Estadio de Balaídos durante o proceso da obra de remodelación, foron tomadas dende o máis estrito criterio de salvagarda da seguridade de tódolos espectadores, lembrar todos o Celta-Real Madrid como dicía o grupo de Marea de Vigo, antes estas medidas eran aceptadas e aprobadas por todos e agora parece que non.

A obra de Balaídos ten un contrato, o obra de Río ten un contrato público e colgado na páxina web deste Concello, ese contrato finaliza no mes de febreiro, o Alcalde de Vigo sempre dixo que se farán tódolos esforzos para ter a obra executada antes de finalice ese prazo, ese é o contrato público e transparente, asinado e publicado por este Concello, eses son os prazos reais.

A verdade é que esta fin de semana líamos que a Real Sociedade tampouco podía gozar dunha grada, cousas que pasan nas remodelacións dos campos de fútbol, mirámolo co Atlético de Bilbao que vai ser o próximo partido que se xogue en Balaídos e ímolo mirar en numerosas remodelacións de campos de fútbol, cousas normais, tamén a grada de Tribuna, a Tribuna alta, tampouco se usou durante un partido, sempre priorizando a seguridade, coa seguridade non se pode xogar. Hoxe o Celta tamén pide a presenza da Xunta de Galicia en Balaídos, a verdade que o Orzamento da Xunta de Galicia para Balaídos é de cero euros, dende aquí volvemos a facer un chamamento para que a Xunta de Galicia participe neste financiamento. A seguridade para nós é fundamental, para outras persoas parece que non, para nós sen dúbida.

Non é ridículo baleirar unha grada para garantir a seguridade da xente, non é ridículo, para este goberno a vida da xente ten moito valor, seguramente o único valor e o único fin da nosa acción, a seguridade das viguesas/es. Nalgúns lugares do mundo a vida non ten valor, en Vigo si, e este goberno vai seguir traballando nesta dirección e por iso dicimos que non é ridículo baleirar unha grada, o que é ridículo é ver un campo de fútbol paseándose por toda Galicia.

Esta moción está marcada seguramente dentro da campaña do Partido Popular de quitar o Celta da cidade de Vigo, pero nós Balaídos non se vende e o Celta non se move, xa o dixo este goberno en reiteradas ocasións e xa o dixeron as viguesas/es, as aficionadas/os. As obras onde non pasa nada son as obras da Xunta de Galicia en Balaídos, nada de nada porque non existen. Non sabemos se o Sr. Feijóo estará detrás deste intento frustrado da saída do Celta da cidade de Vigo, parece que si, esta moción non deixa de ser un reflexo máis. Eu remato como comecei, para nós a seguridade é fundamental e o primeiro.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Regades, o Alcalde segue mudo, escondido e escapado pero ao menos lle agradecemos que vostede como responsable da obra dea certas

explicacións, as explicacións que vostede pode dar, vostede non trate de confundir o debate porque evidentemente a seguridade é o primeiro e ninguén lle discutiu a decisión nin cando se cancelou e aprazou o partido contra o Real Madrid como agora que non abriu a grada de Río e precisamente a nosa solicitude de información do venres é para garantir a seguridade dos aficionados. Vostede, e é certo que ás veces nunha obra pasan cousas obras, o que non fai obras nunca lle pasa nada, pero si que é certo que nesta obra o que pasa é que non deixan de pasar cousas, nesta obra xa en Tribuna pasaron moitas cousas, houbo que reforzar os piares porque había problemas, fíxose un proxecto modificado, custou máis cartos, dous millóns e pico de euros máis que o presupostado e tamén atrasáronse os prazos. Aquí en Río tamén, esta obra que comezou no ano 2015 que ía estar rematada no ano 2015, parouse, logo decidiron cambiar a cuberta e agora seguimos cos atrasos e cos sobrecustes. Non entendemos como di que ata o venres ás seis da tarde non tiñan a garantía da seguridade desta grada porque enviaron a Aimen a estrutura e as esferas para analizar, pero en cambio o Alcalde estaba a dicir dunha maneira entón irresponsable que se ía abrir a grada, que a seguridade estaba garantida, entón se estaba garantida para que mandaron as esferas a analizar a Aimen. Aquí alguén mente, vostede está a dicir como aquí nos coñecemos todos, vostede está a dicir que o Celta acode a tódalas reunións e que está perfectamente informado de toda a obra, onte mesmo dicía pola tarde o Presidente do Celta o Sr. Mouriño, que todo o que sabe da obra de Balaídos é a través dos medios de comunicación e como vostedes, o Alcalde, xa sabemos que o da verdade non vai con el, que non di unha verdade nin de casualidade e segue dicindo cousas a pesares de non ter os informes técnicos, todo o mundo sabe a quen ten que crer na cidade a estas alturas.

Simplemente, esta obra foiselle das mans en prazos, en sobrecustes e votedes é un problema que non saben xestionar e para iso o que lle pedimos ao Alcalde e a vostede é que volvamos á normalidade, nós sempre dende o Partido Popular defendemos ao Celta e defendemos que o Celta xogue en Vigo, estea en Balaídos, que o Celta teña tamén terreo para a cidade deportiva en Vigo, pero vostedes fixeron un Plan Xeral que non funcionou, ese Plan Xeral que ía encher de grúas e resulta que agora non temos Plan Xeral que soporte nin as obras que pretende o Celta en Balaídos nin as obras que pretende o Celta na cidade deportiva, por iso é

necesario a Xunta de Galicia e por iso importante e interesante que nos sentemos todos na mesma mesa Celta, Xunta de Galicia, Concello, Deputación de Pontevedra, grupos políticos e Deputación de Pontevedra para que? Para asegurar o Celta en Balaídos, nós propuxemos unha concesión na que o Celta a cambio da concesión remate as obras porque as obras porque as obras que fixo o Celta da grada de Preferencia tardaron 3 meses e están perfectamente, non houbo ningún problema nesas obras, nas obras hai problemas cando se encarga ao Concello de Vigo e cando vostede é o responsable, por iso non chamen mentireiro ao Celta de Vigo, a todo o mundo e por favor, aplíquese, contra este goberno mentireiro lle pedimos a Vigo e ao celtismo a fouteza.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que cando hai documentación, papeis, as mentiras se calan fácil Sr. Fidalgo, e a vostede calalo é moi fácil.

O primeiro, vostede di que a grada de Tribuna tivo un incremento de custe de máis de 2 millóns de euros, voulle a dicir, datos públicos e publicados Sr. Fidalgo, a obra foi licitada en 5.234.256,94 euros e a certificación da obra final executada é de 5.594.523,12 euros, dime vostede onde esa diferenza? As mentiras son pequenas e se atopan de forma moi sinxela e aquí está a primeira mentira que vostede publicou ou comentou hoxe neste Pleno.

Cando vostede fala de seguridade e por que o Alcalde a semana pasada dixo que estabamos estudando a seguridade de Balaídos e que tiñamos un informe técnico que nos garantira o poder xogar en Balaídos tiñamos un informe técnico que se podía xogar en Balaídos e as dúbidas que tiveron os enxeñeiros municipais fixeron que se pedira un segundo informe a un centro tecnolóxico de gran prestixio como é Aimen e é neste momento o informe que levou o venres a fixo paralizar esa obra. Co cal, volvo repetirlle, tiñamos un informe favorable o cal está no uso desta concellería responsable desta obra e despois o propio venres tiñamos un informe ás seis da tarde, Sra. Muñoz, ímoslle dar tódolos informes porque nós non somos o Partido Popular e non temos nada que ocultar e vou seguir desmontando as mentiras do Sr. Fidalgo, porque a verdade a xente da rúa sábena, por iso nos vota a nós e temos 17 concelleiros e vostede 7, pero as mentiras hai que seguilas desmontándoas.

Prazos, vostede falaba de que se incumpren os prazos, Sr. Fidalgo porque vostede é concelleiro, senador do reino de España entón eu me imaxino que vostede saberá como se regulan os prazos nas administracións, isto non é o que diga o señor da oposición, do goberno, non, os prazos nas administracións veñen regulados por contratos de partes, que significa un contrato de partes Sr. Fidalgo? Pois que está asinado pola empresa adxudicataria da obra e está asinado por parte desta administración, neste caso por min que son o concelleiro de Contratación, e entón hai un contrato que está publicado e que todo cidadá pode ter acceso a el que di que o prazo desta obra, da grada de Río, remata no mes de febreiro do ano que ven, co cal cando vostede di que se están dilatando os prazos non é certo e eu podo garantir hoxe neste Pleno que seguramente a obra se acabará antes dos prazos que están fixados por contratos, pero tamén voulle dicir unha cousa, sempre velando pola seguridade porque para nós é o primeiro. E despois, hoxe o propio Celta dicía, a relación co Concello é boa, eu neste Pleno digo o mesmo, a relación coa directiva do Celta e cos cargos de representatividade e dirección do Celta é boa, é fluída, pódolle dicir que falamos con eles máis dunha vez á semana, como non pode ser doutra forma nunha obra desta envergadura, desta capacidade e desta magnitude, estou a dicir o mesmo que di o Celta, a relación é boa e seguirá sendo boa e seguiremos traballando para ter un campo de fútbol en condicións.

A verdade é que eu hoxe me alegraba vendo os medios de comunicación e onde xa se dicía que o estadio de Balaídos ía mellorar moito e seguramente haberá cousas que se podan seguir mellorando porque xa estamos a falar de que o estadio municipal de Balaídos coa obra vaise mellorar moito e seguramente vaise seguir mellorando cousas.

O Celta vaise quedar en Balaídos por moitos anos e hoxe eu lle desexo ao Celta contra o Eibar que gañe porque os que estivemos en Sevilla e en Madrid nas dúas finais da Copa do Rei esperamos seguir estando en Sevilla e en Madrid na final da Copa do Rei e que esta vez nola traíamos para Vigo, para o municipal de Balaídos e para casa.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.10.2017 (Rex. Nº 1640/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Ante o rogo da Sra. Muñoz, dígolle que nestes días se lle mandarán tódolos informes incluso calquera dúbida que poida ter, vostede ten o meu teléfono e está a súa disposición para solucionarlle calquera dúbida para que non caian en erros porque eu non creo que sexan mentiras, eu creo que son erros por descoñecemento as veces dos procesos aínda que tamén entráñame porque todo este proceso e todo isto que eu lle contei aquí xa llo contou o Alcalde nos medios de comunicación e o puideron ler e escoitar nos distintos medios de comunicación da cidade. Tamén lle digo ante a pregunta que ao mellor estaba a facer, como se vai a seguir levando a medida de seguridade, pois a grada vai seguir Aimen facendo un control exhaustivo sobre a grada e van ser os informes de Aimen os que ditaminen como dicía o señor de Marea de Vigo, unha certificadora externa a que leve o procedemento e a seguridade da obra porque nós, volvo dicir o que dixen ao comezo, a seguridade, o primeiro.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13(175).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO Á RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULAS EN ANTERIORES PLENOS.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O grupo de Marea de Vigo rógalle ao grupo do goberno que por favor que nos respondan as preguntas que fixemos nos plenos en tempo e en forma segundo a norma establecida.

14(176).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á POLÍTICA SOCIAL.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogaríamos, insistir un pouco nesa política social da que presumía o Sr. Aneiros, e que non deixen sen as bolsas de comedor a 1.700 persoas que quedaron sen elas

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15(177).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á DESAFECCIÓN PARA CONVERSIÓN EN VÍA VERDE DA VÍA DO TREN.

SR. PÉREZ CORREA: Queríamos preguntar se o Concello fixo xa a solicitude de desafección para a conversión en Vía Verde da vía do tren que discorre polo Concello que foi solicitada polo colectivo A Golpe de Pedal.

PRESIDENCIA: Responderáselle por escrito.

16(178).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PIÑEIRO LÓPEZ, RELATIVO CANALIZACIÓN DA AUGA QUE ESTÁ POR DEBAIXO DO ESTADIO DE BALAIÓDOS.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Preguntamos se está garantida a canalización da auga que está por debaixo do Estadio de Balaídos.

Outra pregunta, incidimos sobre a de Marea de Vigo, por que non se contesta en tempo e forma as preguntas que realizamos no Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.